

# Abriu

Estudos de textualidade do Brasil,  
Galicia e Portugal

**ABRIU: ESTUDOS DE TEXTUALIDADE DO BRASIL, GALICIA E PORTUGAL** is an annual scientific journal edited by Estudis Gallecs i Portuguesos, and Universitat de Barcelona. Its goal is to offer the academic community a space for debating textuality (literature, films, scenic arts, music...) in the frame of Brazilian, Galician and Portuguese studies with a plural methodological approach. Each issue consists of a monograph, along with miscellaneous articles, an open space and book reviews. It is recognized by the University of Barcelona and it is published simultaneously in print and electronically with free access (<https://revistes.ub.edu/abriu>).

EDITOR

María Xesús Lama López (*Universitat de Barcelona, Spain*)

EDITORIAL BOARD

Nazir Ahmed Can (*Universitat Autònoma de Barcelona, Spain*)

Pere Comellas (*Universitat de Barcelona, Spain*)

Helena González Fernández (*Universitat de Barcelona, Spain*)

Elena Losada (*Universitat de Barcelona, Spain*)

Antonio Maura (*Academia Brasileira de Letras, Brazil*)

Isabel Soler (*Universitat de Barcelona, Spain*)

Maria de Lourdes Pereira (*Universitat de les Illes Balears, Spain*)

Ignacio Vázquez (*Universidade da Beira Interior, Portugal*)

ASSISTANT EDITOR

Antón Blanco Casás

SCIENTIFIC COMMITTEE

Maria Fernanda Abreu (*Universidade Nova de Lisboa, Portugal*)

Burghard Baltrusch (*Universidade de Vigo, Spain*)

Arturo Casas (*Universidade de Santiago de Compostela, Spain*)

José Colmeiro (*The University of Auckland, New Zealand*)

Catherine Davies (*University of London, United Kingdom*)

António Apolinário Lourenço (*Universidade de Coimbra, Portugal*)

Luís Augusto Fischer (*Universidade Federal do Rio Grande do Sul, Brazil*)

Mauri Furlan (*Universidade Federal de Santa Catarina, Brazil*)

Helena Miguélez-Carballera (*Bangor University, United Kingdom*)

Javier Gómez-Montero (*Universität Kiel, Germany*)

Carlos Paulo Martínez-Pereiro (*Universidade da Coruña, Spain*)

Cláudia Pazos-Alonso (*University of Oxford, United Kingdom*)

Isabel Pires de Lima (*Universidade do Porto, Portugal*)

Carlo Pulsoni (*Università di Padova, Italy*)

Dolores Vilavedra (*Universidade de Santiago de Compostela, Spain*)

n.º 11

# Abriú

Estudos de textualidade do Brasil,  
Galicia e Portugal

2022

Ecocríticas.  
Palabras e imaxes



UNIVERSITAT DE  
BARCELONA

Edicions



UNIVERSITAT DE  
BARCELONA

Estudis Gallegos i Portuguesos

ABRIU: ESTUDOS DE TEXTUALIDADE DO BRASIL, GALICIA E PORTUGAL  
ESTUDIS GALLECS I PORTUGUESES  
Facultat de Filologia  
Universitat de Barcelona  
Gran Via de les Corts Catalanes, 585  
08007 Barcelona (Spain)  
filgalport@ub.edu

EDICIONS DE LA UNIVERSITAT DE BARCELONA  
Adolf Florensa, s/n  
08028 Barcelona  
Tel.: 934 035 430  
[www.edicions.ub.edu](http://www.edicions.ub.edu)  
[comercial.edicions@ub.edu](mailto:comercial.edicions@ub.edu)



#### COVER IMAGE

© Viki Rivadulla, *Conversa* (acrílico sobre lienzo de 1 x 1 m).

PRINTING Gráficas Rey  
ISSN 2014-8526  
e-ISSN 2014-8534  
DL B-18.111-2012  
e-DL B-18.110-2012



COPYRIGHT © 2022. This document is under a Creative Commons Attribution-Noncommercial-No Derivative Works 3.0 Unported License. To see a copy of this license click here <http://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/3.0/legalcode>.



## TABLE OF CONTENTS

### MONOGRAPH.

#### ECOCRÍTICAS. PALABRAS E IMAXES

*Issue Editors: Ana Acuña Trabazo and María Xesús Nogueira Pereira*

Ecocríticas. Palabras e imaxes nunha visión interdisciplinar <i>Ana Acuña Trabazo, María Xesús Nogueira Pereira</i> .....	II
Escrituras de terra e de auga. Palabras e imaxes sobre a desposesión <i>Ana Acuña Trabazo, María Xesús Nogueira Pereira</i> .....	17
Literaturas africanas, ecossistemas e resistênci <i>Ana Martinho</i> .....	65
«A propósito da devastação das nossas matas». Ambientalismo, preservacionismo e iberismo como crítica à modernidade em Gilberto Freyre (1923-1937) <i>Alberto Luiz Schneider</i> .....	83
Arte/Educación. Experiencias relacionais na educación artística <i>Natalia Poncela López</i> .....	115
Unha apoloxía da natureza. Cineastas galegas no ronsel da ecocrítica <i>Irene Basanta Pin</i> .....	131
A trilogía <i>Qatsi</i> . Unha análise do equilibrio da vida desde unha perspectiva posthumanista e o seu reflexo na realidade da Galiza e Portugal <i>Luis E. Froiz Casal</i> .....	155

Natureza dixital: videopoesía desde a perspectiva ecocrítica <i>Celia Parra Díaz</i> .....	173
---	-----

#### MISCELLANY

A <i>velha</i> que foi <i>manceba</i> . Contributo para unha nova hipótese interpretativa da cantiga <i>Direi-vos ora que oi dizer</i> de Joan Vaasquiz de Talaveira (B 1545) <i>Xosé Bieito Arias Freixedo</i> .....	189
Designing Satisfaction: [Hidden] Technology in the <i>Cantigas</i> of Pero Meogo <i>Rip Cohen</i> .....	221
Pero Meogo: desde a métrica e a música á percepción métrica <i>Antoni Rossell</i> .....	239
A simbiose entre turismo industrial e turismo literario: na rota da chapelia com os <i>Unhas Negras</i> <i>Ana Claudia Salgueiro da Silva</i> .....	257

#### OPEN SPACE

Creación e investigación artística: Texto, Naturaleza, Cuerpo y Género <i>Yolanda Herranz Pascual</i> .....	281
Con otra mirada <i>Celeste Garrido Meira</i> .....	317
Tres poemas de Luísa Villalta. A imaxe antropomórfica <i>Xosé María Álvarez Cáccamo</i> .....	337

## REVIEWS

Repensar a teoría. Debates para unha modernización da historiografía literaria tradicional <i>José Antonio Losada Montero</i> .....	355
Una nueva historia de los feminismos ibéricos <i>Carmen Mejía Ruiz</i> .....	361
Sena & Sophia: centenários <i>José Vieira</i> .....	365
Resenha de Haroldo de Campos, tradutor e traduzido <i>Fabio Júlio Pereira Briks, Emily Arcego</i> .....	369
CALL FOR PAPERS .....	379
AUTHOR GUIDELINES .....	381



**MONOGRAPH**

**ECOCRÍTICAS. PALABRAS E IMAXES**

Issue Editors: Ana Acuña Trabazo  
and María Xesús Nogueira Pereira



# ECOCRÍTICAS. PALABRAS E IMAXES NUNHA VISIÓN INTERDISCIPLINAR

ANA ACUÑA TRABAZO

Universidade de Vigo

MARÍA XESÚS NOGUEIRA PEREIRA

Universidade de Santiago de Compostela

E se non tivésemos imaxes que nos representen e expresen? Poderemos ir, outra volta, do declive e a destrucción, da perda de «partillarmos o ollar» á súa construción?

MARGARITA LEDO (2009: 46)

A emerxencia de creacións artísticas que teñen como eixe as preocupacións medioambientais deu lugar a etiquetas como *ecoliteratura* ou *ecocinema*, até o momento pouco exploradas. A condición híbrida destas manifestacións, que combinan a palabra (nomeadamente a poesía) e a imaxe (a fotografía, a escultura, a videocreación, o cinema) están detrás dun proxecto que tivo como primeiro xermolo a xornada *Eco-críticAs: palabras e imaxes*, celebrada en Pontevedra en novembro de 2017.

A análise destas manifestacións demandaba non só un estudo ao abeiro da ecocrítica senón tamén unha exploración das relacións entre natureza e xénero á luz das achegas metodolóxicas dos ecofeminismos. A interartisticidade e a hibridación de códigos que comparten tales creacións sitúaas a miúdo nas marxes das industrias culturais e confínaas nun espazo desatendido por unha investigación lastrada por unha resistencia á interdisciplinariedade e que este monográfico quere superar na liña do sinalado por Velasco (2015) e por Flys; Marrero; Bardella (2010: 22):

Aunque la ecocrítica se ha dedicado inicialmente al análisis literario, este sesgo también empieza a cambiar. Progresivamente se incluyen en esta corriente más análisis de otras manifestaciones culturales; como pueden ser el arte y el cine, aunque todavía son pocos.

A nosa concepción do volume parte da relevancia das manifestacións (incluídas nas chamadas «humanidades ambientais»), de aí a presenza de tres artigos (de Luís E. Froiz, Celia Parra e Irene Basanta Pin) dedicados ás producións audiovisuais dado o seu papel no discurso eco-social xa que propoñen imaxes que apostan por unha mirada outra (Rodríguez Mattalía 2018).

Dende unha perspectiva ecocrítica e ecolóxica, dous artigos estreitamente literarios pertencen ao ámbito lusófono (de Ana María Martíño e Alberto Luiz Schneider) e abordan, maioritariamente, o xénero narrativo e ensaístico nos países africanos de expresión portuguesa e no Brasil. No ámbito galego unha colaboración (Ana Acuña e M<sup>a</sup> Xesús Nogueira) detense na relación entre as imaxes fixas ou móbiles e a poesía, sen esquecer as referencias a outras manifestacións culturais relacionadas.

Tamén reservamos un espazo para a educación como disciplina implicada na cultura ecolóxica non androcéntrica e na mediación coa arte. Neste sentido, algúns artistas entenden a arte e a educación como unha fractura do cotián, unha forma de cuestionar a sociedade e a cultura que nos rodea (Blanco; Cidrás *apud* Poncela 2022). Ese pode ser o caso das creadoras que no apartado «Open Space» escriben sobre os seus proxectos artísticos persoais (Yolanda Herranz e Celeste Garrido) ou sobre os dos demás (Xosé María Álvarez Cáccamo sobre a poesía de Luísa Villalta e a fotografía de Maribel Longueira). Creadores e creadoras, ademais de docentes, mostran na súa obra ou na obra doutras a corporalidade e a multisensorialidade, experiencias que nos permiten entender o monográfico como un «contorno» (Tafalla 2019).

## ESTUDOS

Da condición híbrida da linguaxe da videopoesía e do estudo de creacións arredor dos conceptos de corpo, muller, espazo e cultura ocúpase o artigo «Natureza dixital: videopoesía desde unha ollada ecocrítica», de Celia Parra. A investigadora e (video)creadora repara na intersec-

ción que se produce nestes formatos entre o natural e o dixital e, logo da análise de varios exemplos, considera que «a videopoesía, co seu corpo dixital, pode camiñar da man dunha necesaria visión ecocrítica do noso hábitat».

Sobre a linguaxe audiovisual, e máis concretamente sobre o cinema, trata o traballo de Irene Basanta Pin, «Unha apoloxía da natureza: cineastas galegas no ronsel da ecocrítica». A estudosa achégase, a través de varias realizadoras enmarcadas no ecocinema, a diferentes fórmulas de relación entre a natureza humana e non humana. Alén de salientar o carácter híbrido e fronteirizo –a respecto do documental– do movemento Novo Cinema Galego, salienta a importancia das olladas ecocríticas no audiovisual.

O cinema experimental, nomeadamente a trilogía *qatsi*, de Godfrey Reggio, é o obxecto de estudo de Luís E. Froiz no traballo «A trilogía *Qatsi*: unha análise do equilibrio da vida desde unha perspectiva posthumanista e o seu reflexo na realidade de Galiza e Portugal». Da análise das tres pezas que conforman o ciclo e que o autor considera exemplos de ecocinema conclúe que o posthumanismo é «a visión principal desde a que podemos comprender a proposta» do realizador, que supuxo «un cambio de paradigma no xeito de filmar o noso contorno».

Sobre a representación das agresións medioambientais, a perda e o ecocidio na literatura e nos discursos interartísticos trata o artigo «Escrituras de terra e de auga. Palabras e imaxes sobre a desposesión», de Ana Acuña Trabazo e María Xesús Nogueira Pereira. O estudo analiza composicións que abordan, desde diferentes códigos a miúdo híbridos e espazos diversos, problemas derivados da acción do ser humano que implican mudanzas nos modos de vida, na relación co medio e na identidade.

Ao intelectual do Brasil Gilberto de Mello Freyre, pioneiro na consideración de cuestións medioambientais e ecológicas, dedica Alberto Luiz Schneider o seu traballo, «*A propósito da devastação das nossas matas*»: ambientalismo, preservacionismo e Iberismo como crítica à modernidade em Gilberto Freyre (1923-1937). A súa é unha análise complexa do pensamento dun autor que, desde o tradicionalismo e o

iberismo, mostra unha preocupación, inusual no seu tempo, por problemas como o monocultivo do azucré ou a contaminación e unha «sensibilidade ecológica, empregada como arma crítica em relación a dissolución do passado».

Ana María Martinho, «Literaturas africanas, ecossistemas e resisténcia», mostra o que a literatura africana pode achegar ao debate sobre ecoliteratura e ecocrítica. Con esta finalidade, ademais de aludir ao escritor angolano Arlindo Barbeito, analízanse obras contemporáneas do tamén angolano Ruy Duarte de Carvalho (con contributos sobre os modos de representar a relación entre o home e a natureza), a mozambiqueña Paulina Chiziane (cuxa obra destaca o papel das mulleres na sociedade) e a caboverdiana Dina Salústio (para quen a cuestión do espazo é unha categoría crítica). Por último, a profesora Martinho reserva un espazo para a oratura pois os seus textos sempre manifestan a relación entre o ser humano e a natureza.

A colección de artigos complétase co traballo «ArtEducación. Experiencias na educación artística», na que a investigadora e crítica Natalia Poncela senta, a partir da análise de experiencias levadas a cabo por distintas institucións nos últimos 15 anos, bases metodolóxicas para a mediación artística. A autora fai unha serie de reflexións sobre o concepto da *arteducación* nas que aborda cuestións como os novos modelos educativos e de mediación, a arte colaborativa e o xénero, e senta bases metodolóxicas innovadoras.

O monográfico complétase, na sección «Open Space», con tres valiosas reflexións. Nunha delas, «Tres poemas de Luís Villalta. A imaxe antropomórfica», o ensaísta e poeta Xosé María Álvarez Cáccamo analiza composicións dun produto híbrido: o libro *Papagaio* (2006), no que a poeta coruñesa fai dialogar os seus textos con fotografías de Maribel Longueira.

Sobre escultura, natureza e xénero tratan as achegas de Yolanda Herranz e Celeste Garrido. A primeira leva a cabo, en «Creación e investigación artística. Texto, Naturaleza, Cuerpo y Género», unha reflexión na que sintetiza unha tripla visión: a da creadora, a da docente e a da investigadora. Ademais da importancia da natureza como lugar de

experiencia artística, a autora salienta a importancia da interrelación entre o corpo e a natureza na súa obra.

O corpo está tamén presente en «Con otra mirada», reflexión persoal da escultora Celeste Garrido arredor da arte, o espazo e o xénero. Logo de describir as súas intervencións artísticas sobre espazos naturais, explica que o interese polo corpo feminino como eixe constituíu un punto de inflexión na súa creación.

Esperamos que as diferentes análises e reflexións reunidas neste monográfico poidan contribuír aos obxectivos da ecocrítica, co estudo das relacións entre a literatura e outras producións culturais co medioambiente (Flys 2015), e do ecofeminismo, coa súa redefinición da nosa relación co mundo non humano e a relación entre os sexos (Velasco 2015) e, en último termo, a crear unha sociedade máis igualitaria e respectuosa coa contorna.

## AGRADECIMENTOS

As editoras agradecen a todas aquellas persoas que directa ou indirectamente participaron neste número, especialmente ás autoras e autores que nos acompañaron dende aquela xornada de 2017 en Pontevedra. Grazas tamén a Viki Rivadulla, creadora da portada, por ilustrar coa súa «Conversa» as palabras e as imaxes deste monográfico.

## FINANCIAMENTO E RECOÑECIMENTOS

Este monográfico vincúlase ao proxecto de investigación «O tropo animal: Unha análise ecofeminista da cultura contemporánea de Galicia e Irlanda/El tropo animal: Un análisis ecofeminista de la cultura contemporánea de Galicia e Irlanda» (PGC2018-093545-B-I00 (MCIU/AEI/FEDER/UE) dirixido por Manuela Palacios González.

## BIBLIOGRAFÍA

- FLYS JUNQUERA, Carmen; MARRERO HENRÍQUEZ, José Manuel; BARELLA VIGAL, Julia (2010). «Ecocríticas: el lugar y la naturaleza como categorías de análisis literario». Carmen Flys Junquera; José Manuel Marrero Henríquez; Julia Barella Vigal (ed.). *Ecocríticas. Literatura y medio ambiente*. Madrid: Iberoamericana/Vervuert, 15-25.
- FLYS JUNQUERA, Carmen (2015). «Ecocrítica y ecofeminismo: diálogo entre la filosofía y la crítica literaria». Alicia H. Puleo (ed.). *Ecología y género en diálogo interdisciplinar*. Madrid: Plaza y Valdés editores, 307-320.
- LEDO, Margarita (2009). *Do bucle e da fenda: para un ensaio crítico da cultura galega*. A Coruña: Real Academia Galega.
- PONCELA, Natalia (2022). «ArtEducación. Experiencias na educación artística». Monográfico: *Ecocríticas: Palabras e imaxes, Abriu 11*.
- RODRÍGUEZ MATTALÍA, Lorena (2010). «Audiovisuales y discurso ecosocial: de la casa a la intemperie». José Albelda; José María Parreño; J. M. Marrero Henríquez (coord.). *Humanidades ambientales: Pensamiento, arte y relatos para el siglo de la gran prueba*. Madrid: Catarata, 164-181.
- TAFALLA, Marta (2019). *Ecoanimal. Una estética plurisensorial, ecologista y animalista*. Madrid: Plaza y Valdés.
- VELASCO SESMA, Angélica (2015). «Más allá del mecanicismo: heroínas ecológicas del imaginario actual». Alicia H. Puleo (ed.). *Ecología y género en diálogo interdisciplinar*. Madrid: Plaza y Valdés editores, 341-358.



Copyright © 2022. This document is under a Creative Commons Attribution-Noncommercial-No Derivative Works 3.0 Unported License. To see a copy of this license click here <http://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/3.0/legalcode>.

# ESCRITURAS DE TERRA E DE AUGA. PALABRAS E IMAXES SOBRE A DESPOSESIÓN

ANA ACUÑA TRABAZO

Universidade de Vigo

MARÍA XESÚS NOGUEIRA PEREIRA

Universidade de Santiago de Compostela

**RESUMO:** Analizaranse os discursos literarios e interartísticos centrados na desposesión do espazo en Galicia como consecuencia da acción humana (espolio enerxético, incendios, mareas negras, contaminación).

**PALAVRAS-CHAVE:** literatura galega; medio ambiente; ecoloxía; ecocrítica; ecofeminismo.

**ESCRIPTURES DE TERRA I D'AIGUA. PARAULES I IMATGES SOBRE LA DESPOSSESSIÓ**  
**RESUM:** S'analitzen els discursos literaris i interartístics centrats en la desposesió de l'espai a Galícia com a conseqüència de l'acció humana (espoli energètic, incendis, marees negres, contaminació).

**PARAULES CLAU:** literatura gallega; medi ambient; ecología; ecocrítica; ecofeminisme.

**WRITINGS OF LAND AND WATER. WORDS AND IMAGES ABOUT DISPOSSESSION**  
**ABSTRACT:** Literary and inter-artistic discourses centred on the dispossession of space in Galicia as a consequence of human action will be analysed (energy spoliation, fires, oil spills, pollution).

**KEYWORDS:** Galician literature; environment; ecology; ecocriticism; ecofeminism.

## INTRODUCIÓN

As persoas que isto asinamos, levamos tempo traballando nas manifestacións literarias que reflecten os problemas do medio ambiente. As nosas análises revelaron dúas evidencias que serven como punto de partida para este traballo: 1) o predominio do xénero poético; 2) a presenza de imaxes en canto signos de diferentes linguaxes (poesía visual, fotografía, audiovisual, debuxo, música).

Precisamente son estes os casos dos que nos imos ocupar, pois o noso obxectivo é mostrar como o ecocidio vivido polo espazo galego tivo e ten o seu reflexo nas manifestacións literarias e artísticas cunha vontade ecocrítica de defensa do medio. Comezamos as nosas investigacións dende a interdisciplinariedade e queremos continuar coa interartisticidade pois as imaxes poden proporcionar outra mirada sobre a crise medioambiental diferente dos discursos hexemónicos.

Nesta achega analizamos discursos literarios acompañados a miúdo de imaxes fixas ou móbiles que se ocupan da desposesión do medio en Galicia e que, en último termo, tamén mostran a desposesión da identidade. Con esta finalidade teremos en conta o manifestado polos teóricos da historia, da xeografía e do urbanismo, de maneira que o tempo e o espazo serán as lentes interpretativas predominantes.

Ademais de aproveitar as perspectivas da historia contemporánea para o noso comentario da literatura galega, o traballo sitúase nos estudos da ecocrítica, do ecofeminismo, da estética animal e das humanidades ambientais. De feito, destacaremos o padecemento dos animais non humanos, así como a contribución das mulleres aos procesos organizativos e ás transformacións «para outro mundo posible», parafraseando o título de Alicia H. Puleo.

## MARCO TEÓRICO E METODOLÓXICO

Indicamos nas liñas anteriores a nosa débeda cos estudos de xeografía, do urbanismo, da economía e da historia, en concreto a historia agraria.

Os estudos de historia agraria publicados en España por A. Miguel Bernal e sobre todo por investigadores galegos do grupo Histagra da Universidade de Santiago de Compostela (L. Fernández Prieto, A. Cabana, D. Lanero, A. Collarte, E. Boquete, A. Freire, A. Díaz Geda) permitíronos comprender a evolución histórica e as claves dos conflitos socioambientais motivados polo uso dos recursos naturais, así como as mobilizacións levadas a cabo polas galegas e galegos, especialmente elas.

Estes estudos foron completados con aqueloutros realizados por xeógrafos que, como X. Constenla, teñen teorizado sobre o colapso territorial de Galicia como consecuencia das lóxicas da economía de mercado (Constenla 2018: 16) que provocou unha serie de procesos de desnaturalización sobre o espazo relacionados coas agresións ao medio natural e patrimonial. Aspectos todos eles que se exemplificarán nos textos que iremos mostrando ao longo do artigo.

Por outra banda, os ensaios sobre a Galicia urbana achegan claves de interpretación e periodización pertinentes, posto que o noso país xa é netamente urbano e «a poboación agraria é arrestora insignificante» (Paül 2015: 701). Esta valoración do rural de V. Paül vén coincidir coa visión de X. Constenla pois «apunta a un espazo subsumido nunha profunda crise económica e demográfica» (Paül 2015: 703) xa estudiado tamén por C. Taibo na súa obra *Iberia vaciada. Despoblación, decrecimiento, colapso*, e que será exemplificado a través de fontes literarias e/ou audiovisuais nas páxinas deste artigo.

Partindo da interrelacion que establecemos entre literatura e outros textos culturais, por unha parte, e, por outra, co medio ambiente (Flys 2015), o noso estudio do material de creación baséase ademais nos fundamentos da ecocrítica e na súa consideración da natureza como categoría de análise (Glofelty 1996), por máis que esta non desenvolveuse unha metodoloxía específica (Flys 2010). O artigo explora, polo tanto, a representación da natureza nos textos: en que medida enfatizan o contorno más-que-humano que nos condiciona e en que medida ofrecen sabedoría ou nos achegan ao experiencial sobre a crise da natureza. A implicación de «axencias e forzas tanto humanas como non huma-

nas» nas cuestións medioambientais (Braidotti 2016: 152) insiren tamén o estudo das preocupacións medioambientais no marco da recomposición da humanidade proposta polo posthumanismo.

Por outra banda, o impacto da degradación e o espolio da natureza nos suxeitos femininos, e a participación destes na defensa do medio enmarcan o traballo nas correntes de pensamento do ecofeminismo, concibido a un tempo como unha teoría e como un movemento que relaciona mulleres e medio ambiente (Estévez Saa; Lorenzo Modia 2018). O reflexo nos textos da contaminación ambiental e a degradación da vida das mulleres e os animais (Gaard 1993), as estratexias emancipatorias identificadas en textos de autoría feminina (Legler 1997), así como a reivindicación de categorías ecolóxicas de liberación dende as que pensan e actúan colectivos do Terceiro Mundo (Shiva 1995) e a centralidade das mulleres en canto suxeitos activos no coidado do medio e na transformación do modelo androcéntrico de desenvolvemento (Puleo 2011) son liñas de pensamento relevantes para un traballo que atende, ademais de á representación da natureza nas obras da literatura e da cultura, ao papel das mulleres como suxeitos poucas veces visibilizados, a pesar de seren esenciais na defensa dos recursos naturais como ten demostrado a historia agraria (Lanero 2013, Cabana 2013, 2017 e 2021) e o ecofeminismo (Mies; Shiva 2015). En definitiva, pretendemos, a través da ecocrítica, do ecofeminismo e dos estudos animais, iluminar a presenza da natureza e das mulleres na creación das últimas décadas.

Á hora de delimitar o corpus, como xa adiantamos, démoslle prioridade ao xénero poético, pois non podemos obviar o feito de que este estivese vinculado ao folclore e a unha temática maioritariamente rural. Consideramos, polo tanto, que a poesía, nas súas hibridacións con outras linguaxes, é unha modalidade privilexiada para comprobar como a literatura reflectiu, dende o Rexurdimento, a historia dos espazos naturais do país. O seu papel como vehículo de transmisión de ideas resultou ademais fundamental en momentos como a denominada etapa agrarista, a década dos setenta —dominada por unha estética social— ou as mobilizacións tras do afundimento do buque petroleiro *Prestige* en novembro de 2002.

Centrándonos na literatura galega dos séculos XX e XXI, veremos a partir de agora como algúns textos reflectiron de maneira clara as transformacións producidas no mundo rural, urbano e mariño. Máis concretamente, a poesía galega dará testemuño do proceso de cambio tecnolóxico que experimenta Galicia no século XX (cambio sufrido pola gandería, explotación do monte e impacto na paisaxe, abandono e perda identitaria, etc). De igual maneira, os textos abordan a conflitividade ambiental derivada destas mudanzas.

Consideramos, a teor dos textos citados, que a literatura espella o devir do noso medio ambiente e atrevémonos a equiparar a temática que aparece na literatura galega dos séculos XIX, XX e XXI coa descomposición da historiografía agraria ou xeográfica citada.

## A DESPOSESIÓN DOS ESPAZOS

Nun traballo anterior (Acuña Trabazo e Nogueira Pereira, inédito), cinguido á historia agraria,<sup>1</sup> demostramos como esta se viu acompañada por manifestacións literarias. Nesta ocasión subxace, coma daquela, a periodización da historia agraria sinalada por A. Miguel Bernal. Con todo, pareceunos máis oportuno presentar os textos distribuídos seguindo o espazo afectado dado que houbo conflitos medioambientais que se mantiveron e manteñen no tempo (caso das industrias contaminantes).

Como indicamos, para axudar a contextualizar os períodos en que nos situamos seranos útil partir da tripla periodización establecida polo historiador A. Miguel Bernal (2001) para o estudo do desenvolvemento das sociedades rurais en España.

Da primeira etapa (1955-56 até 1960) sinalada por A. Miguel Bernal, o investigador galego Anxo Collarte (2006) profundou no programa

<sup>1</sup> A investigación foi presentada no II Congreso Internacional *Transicións na agricultura e na sociedade rural. Os desafíos globais da historia rural* e XVI Congreso de Historia Agraria-SEHS#VII Encontro RuralReport, Santiago de Compostela, 20-23 xuño 2018.

agrario do *desarrollismo* franquista en Galicia, en concreto cuestiós como o fomento agronómico e a política de estrutura agraria e forestal, entre outros. Destacamos esas cuestiós porque provocaron episodios de notable impacto ambiental como a desecación da lagoa de Antela (Ourense) que abordaremos máis abaixo.

A segunda etapa sinalada por A. Miguel abarca de 1970-73 até 1980-84. Esta foi unha década caracterizada pola paulatina desarticulación do verticalismo no ámbito rural (irmandades sindicais de labradores e gandeiros que se converteron en cámaras agrarias locais), polo conflito da cota empresarial e por dous cambios fundamentais: a mecanización e a especialización produtiva.

A terceira etapa, que para Bernal abarca dende 1980 até hoxe, está marcada pola entrada na Unión Europea e o xurdimento de novos problemas. No caso de Galicia, continúan os conflitos que non foran resoltos e xorden outros que afectaron tanto á propiedade (desafuzamentos nas Enchousas e Larín) como á produción (leite, carne, pataca, augardente e viño) e dos que se encontra abundante documentación gráfica e audiovisual na obra do sociólogo e sindicalista Emilio López Pérez (2012).

Por último, é necesario advertir que a nosa clasificación e periodización está referida á datación dos conflitos, con independencia de cando foron literaturizados e/ou convertidos en imaxes. Dado que se analizan fenómenos complexos que poden remitir a diferentes aspectos afectados (monte, terra, ríos, lagoas, rías e mar) optamos por simplificar e incluír os textos literarios nun único apartado para facilitar a comprensión do noso ensaio.

## 1. As lagoas e os ríos

A desfeita ambiental producida na lagoa de Antela é o primeiro ecocidio que imos abordar e cuxa memoria pervive ao longo de diferentes xeccións de escritoras e escritores galegos. A desecación de lagoas insírese dentro da política do *desarrollismo* franquista cuxo piar básico foi a creación de novas áreas agrícolas en Galicia (tamén en Andalucía, Ara-

gón e Estremadura). Polo que respecta á nosa terra e ademais da de Antela, Anxo Collarte sinala outras zonas de actuación prioritaria: Ulla, Lemos e Terra Chá. Co tempo viuse que «os beneficios da explotación agraria non compensaron a perda do ecosistema lacustre» (Collarte 2006: 122).

O poeta limiao Xabier Xil Xardón (Morgade, Xinzo de Limia, 1983) recolle a desfeita provocada coa desecación da lagoa de Antela no seu libro *Cando menos a derrota* (2009). Ademais de referir a perda producida no tempo dos seus antepasados, o poemario mostra a consecuente destrucción dun ecosistema e dunha identidade nos descendentes (ou sexa, no poeta):

Na distorsión do espello —aquele mar de beón  
que viu nacer a nosa estirpe—  
na súa veiga —aquele comunal pasto  
que bairou nos nosos ollos—  
nas pantasmas que subsciben as pocecas —esta derrota  
que se resiste e que nos nega—  
vémonos seres acuáticos, nados para nadar ao chou  
sen más estremas [...] (Xil 2009: 16).

Na poesía de Xil Xardón recupérase o patrimonio inmaterial,<sup>2</sup> caso da lenda da cidade de Antioquía (anegada baixo a lagoa de Antela por non dar pousada nin comida ao Noso Señor) e a dos soldados do rei Artur que saen da lagoa á tardiña, así como a riqueza natural, caso da flora (beón, espadana...) e da fauna (cegoñas, avetola...).

Outros versos de Xabier Xil Xardón ofrécenos a resistencia, a oposición a través da autodestrución (até facer que volvan as barcas varadas e a auga), aínda que nin os seres mitolóxicos axuden a defenderse e só quede a impotencia «cando berro é só para espirme | no teu colo | Limia | e ninguén ouve» (Xil 2009: 64).

<sup>2</sup> Recomendamos a consulta do libro de imaxes *Antela. A memoria asolagada* (Martínez Carneiro 2000).

O valor identitario do léxico é tematizado por Chus Pato (Ourense, 1955) no poema inédito «Os sons dun silabario – O son dunha palabra que nunca escoitei – o son do Stalker» (Pato 2020: en liña). A composición establece ademais un diálogo coas linguaxes pictórica, «Os nenúfares» (1920-1926) de Monet, e cinematográfica, *Stalker* (1979) de Andrei Tarkovsky e *O Anticristo* (2009), de Lars von Trier. Conforme a propia escritora explicou, o poema «intenta trenzar tres terras, tres terras que teñen en común ter sido danadas»: a Zona, espazo perigoso e prohibido na apocalíptica cinta de Tarkovsky, o bosque que se acaba convertendo nun espazo hostil na de Von Trier e a Limia posterior á desecación (Pato 2021: en liña). O texto, que ensarilla referencias interartísticas, relaciona polo tanto o lugar desposuído da Limia con escenarios de ficción vinculados pola agresión ao medio.

A pintura de Monet serve como exemplo para explicar o proceso de perda dun «léxico que posibilitaba a vida» (Pato 2021: en liña) a raíz da desecación da Lagoa de Antela:

nenúfar

*palabra que usamos para indicar a flor que recibe ese nome. Calquera turista interesada pode visitar na Orangerie «As ninfeas» de Monet. [...] Calquera turista ou emigrante limiao en París, poñamos na década dos corenta do século pasado, podería traducir o título desta pintura por «As auganas de Monet». Augana é a palabra que os e as limiás usaban, se cadra ainda o fan, para sinalar un nenúfar cando na Antela florecían. Nós, nacidas no ano da desecación, nunca as vimos, moito nos prestaría escoitar a alguén vivo ou defunto pronunciar «augana» e de vez ver cos ollos da lembranza o referente flotando sobre as augas (Pato 2020: en liña).*

Outro acontecemento histórico relacionado coa hidrografía como é a construcción de encoros tivo un importante eco na poesía galega.<sup>3</sup> As primeiras manifestacións teñen que ver coa resistencia mostrada ante a

<sup>3</sup> Tamén na narrativa con obras como *Morrer en Castrelo do Miño* (1978) de X. Fernández Ferreiro ou *A vila sulagada* (1981) de D. Cortezón.

construcción da presa de Castrelo de Miño. A obra formaba parte do plan de FENOSA, empresa que conseguira a concesión da Explotación Integral del Río Miño. A súa execución, iniciada en 1965, tivo como resposta unha mobilización veciñal na que as mulleres tiveron unha importante implicación.

Nas aldeas ourensás afectadas polo encoro de Castrelo de Miño, «as protestas campesiñas [...] enfocan cara ao problema do encoro a elite intelectual do tempo, e [...] as organizacións políticas opositoras ao réxime» (Collarte 2006: 166) de tal maneira que «as mobilizacións de Castrelo de Miño, na primavera de 1966, foron o primeiro escenario de reivindicación política non universitaria dos estudiantes galegos» (Gurriarán 2008: 177) á que non estivo alleo a literatura co «acto de protesta encuberto: o xantar de despedida a Celso Emilio Ferreiro, que marchaba a Venezuela» (Gurriarán 2008: 177).

Nestas mobilizacións, fito na historia contemporánea de Galicia (López Carreira 2014: 189), non só participou o estudantado galego senón tamén o madrigalego,<sup>4</sup> ao que pertencía Lois Diéguez (Monforte de Lemos, 1948), autor do poema «Todo é silencio», dedicado «ós labregos de Castrelo». A composición apareceu no número 1 da colección Val de Lemos, no poemario *Canciós pra un agromar branco i azul* (1968) e na antoloxía *Os novísimos da poesía galega* (1973). O texto enfrenta o termo silencio, empregado de maneira polisémica (represión, silencio administrativo e silencio que segue á destrucción) ao ruído das protestas:

Iles empezan a soñar con barcos,  
con sireas ouseantes,  
con terras descoñecidas e iñotas.  
Pero todo é silencio (Diéguez [1968] 1993: 19-20).

<sup>4</sup> O traballador, pintor e tamén madrigalego Reimundo Patiño foi o creador, en 1968, do cadro titulado «Castrelo de Miño» e que se reproduce na páxina 155 do catálogo da exposición «Reimundo Patiño: A explosión dun mundo» (Auditorio de Galicia, decembro de 1999 e febreiro de 2000).

A este mesmo conflito é posible que se refira tamén o poema «AQui-lo», de Darío Xohán Cabana (Roás, Cospeito, 1952-Romeán, Lugo 2021), publicado xunto con outras composicións baixo o título *Home e terra* (1980) na mencionada colección Val de Lemos:<sup>5</sup>

Deus separou as augas das terras

XÉNESIS

A terra foi auga.  
 E os homes marcharon  
 pola auga  
 polo ferro,  
 cara á fame.

O río cara ó mar  
 quedouse no camiño.  
 Ficou preso  
 da industria da miseria [...]  
 (Cabana [1970] 1993: 100)

Dende o exilio mexicano, Florencio Delgado Gurriarán (Córgomo, Vilamartín de Valdeorras, 1903-Fair Oaks, California, 1987) abordará este problema ambiental (e outros) nos catro «Poemiñas da terra asolagada», publicados en 1986 pero redactados nos anos 70. En cada unha das composicións engádese unha idea sobre a desfeita provocada polos encoros: a falta de espazo para a natureza galega, o encaixamento da auga para darriles electricidade aos alleos, o desacordo coa situación creada, a descripción do ermo e a interrogación sobre a reacción das galegas e galegos. Reproducimos o segundo dos catro textos nos que Delgado Gurriarán pretende afondar nos antecedentes, consecuentes e culpables:

<sup>5</sup> O feito de que a colección Val de Lemos fose creada e dirixida por Manuel María (Outeiro de Rei, 1929-A Coruña, 2004) parécenos especialmente relevante para remarcar os paralelismos entre o devir da historia das mobilizacións na defensa da terra e a literaria.

## II

Onte, as augas escumantes  
dos rigueiriños brañegos,  
bailaban a muiñeira  
para engado dos penedos.  
Hoxe, danzan, a «go-go»  
en turréiros de cemento  
e van, por irtos aramios,  
a darlle forza aos alleos  
(Delgado 1986: 62-63).

Os dous últimos poemíñas da serie de catro salientan pola introdución de termos procedentes doutras terras, hibridismo lingüístico habitual na obra de Delgado Gurriarán, e que inciden na consideración de Galicia como «Far West da España, | “set” pra un “western” de indios mansos».<sup>6</sup>

Aínda no exterior, en Bos Aires (Alonso 2016: 17) publicaríase en 1966 o «Romance de Castrelo de Miño», sonado poema de Albino Núñez Domínguez e que circulaba clandestinamente por Galicia.

Noutros casos, o tema dos encoros dá lugar a poemarios monográficos que se centran en conflitos concretos, como acontece con *Remitenencias* (2013) de Xosé Lois García (Lugo, 1945). Este reúne 86 poemas e outras tantas fotografías da súa autoría para mostrar a desaparición dunha forma de vida tras a inundación das aldeas luguesas regadas polo Miño nos concellos do Saviñao, Chantada, Taboada, Paradela e Portomarín, debido á construcción, en 1963, do encoro de Belesar:

A illa que nunca foi do Miño anulación,  
nunca por selo foi illada das palabras.  
Castro Candaz remitencias pide á auga,  
concretando límpida concordia de antano

<sup>6</sup> A imaxe do *indio* e do *Far West* foi empregada anos despois por Carlos Ne-gro (*vid. infra*).

no berro que foi estrangulado no albor  
cando apelaba ao son das cachoeiras.  
O Miño remitencias loa en cónica albura  
nese descenso descúbrelos insidias  
do que ficou engulido por quen anula  
ríos no inventario dos quilovatios,  
nunca seremos pacientes co que perdemos.



(García 2013: 34-35).

As ruínas provocadas nas 17 aldeas poetizadas e fotografadas son comparadas con outros desastres mundiais: «Non é Guernika, nin Hiroshima nin Nagasaki, | é Seixón respirando a súa dispersión» (García 2013: 182). Mediante un procedemento de deformación paródica, o texto non evita a mención do culpable, «Pedro I o Asolagador, | señor do Pastor e conde de Fenosa» (García 2013: 138). Noutro momento, refírese a «forzas de choque | forzas económicas e rangos curiais | [que] desapareceron o pobo da historia. | O Miño, nas súas remitencias, | descubre escarnio e reiterada memoria» (García 2013: 184).

O diálogo coa documentación gráfica está tamén presente na *plaquette Auga a través* (2016), que ten como tema o asolagamento da aldea de Aceredo para a construción do encoro de Lindoso, finalizada en 1992 (pero iniciada nos anos 60 co acordo entre as ditaduras de Franco

e Salazar). A súa autora, Dores Tembrás (Bergondo, 1979), explica nunha nota limiar como o poemario ten a súa orixe na noticia, datada en 2012, dun «pobo anegado [que] rexurdía das augas pola seca. Aceredo», e como nel establece un diálogo co documental *Os días afogados* (2015), de César Souto e Luís Avilés. Algunhas das voces veciñais recuperadas polos realizadores son reproducidas neste libro intimista sobre a memoria e sobre a perda —«a escrita sostida na ferida»— que conclúe co motivo da aldea ao descuberto como «última palabra | vinte anos despois» do proceso de intervención na natureza por parte do ser humano.

O anegamento de aldeas provocado polo encoro de Lindoso volveu ser abordado nun poemario recente, *Asulagadas* (2021), de Suso Díaz (Ludeiros, Lobios, 1971). O libro evoca espazos perdidos das aldeas de Aceredo, Buscalque e Reloeira, e insiste na idea de espolio e perda dun xeito de vida. No seu exercicio de recuperación da memoria, Suso Díaz deixa constancia de numerosos (micro)topónimos, «nomes que nos sonan, que coñecemos, que sentimos como propios e levamos dentro» (Díaz 2021: 10). É por iso polo que a linguaxe, igual que na composición de Chus Pato antes citada, posúe un especial valor identitario e o libro «recolle, na medida en que eu fui capaz de recordar, as palabras que empregamos, ou decemos a cotío no val do Limia» (Díaz 2021: 9).

## 2. As rías e o mar

As diferentes dragas e recheos mudaron o medio de vida de moitas persoas e do ecosistema marítimo. É o caso da draga do areal de Praceres<sup>7</sup>

<sup>7</sup> Sobre o papel das mulleres contra a draga que acabaría co banco marisqueiro de Praceres (1959-1961) recomendamos a visualización do documental *Paraíso roubado* (2017) dirixido por Lukas Santiago. Non moi lonxe de Praceres, en Ponte Sampaio (1965), as mulleres tiveron máis éxito nas súas demandas tal e como se pode ler na entrada «A area do pan» e escouitar na voz de Carmen Rey Freijanes, dispoñibles na web *A memoria das mulleres*. <https://www.dogrisaovioleta.gal/tema/traballadoras/do-mar/>.

na ría de Pontevedra para a construcción da Celulosa que non só modificou o territorio senón que acabou cun rico criadeiro de marisco. A esta perda alude Calros Solla (Pontevedra, 1971) nun poemario de 2012 tributo á APDR (Asociación Pola Defensa da Ría) no seu 25 aniversario. Nunha época na que se vía próximo o peche definitivo de ENCE, o poeta, a través de xogos de palabras e de intertextualidades, alude á perda da biodiversidad co desexo de que volvan «as escuras zamburiñas» (Solla 2012: 26), decántase pola recuperación da desaparecida praia (Solla 2012: 97) e soña cun espertar coa Celulosa sumida pola marea:



(Solla 2012: 107).

O xogo de palabras tamén é empregado polas xeracións más novas, caso de Diego Bará (Pontevedra, 1997) co título «ENCEnden o seu beneficio» (Bará 2020: 18). Non esquecen os poetas da boa vila o ecocidio padecido pola natureza con todas esas actuacións modificadoras da paisaxe e contaminantes.

As rías altas, en concreto a ría do Burgo (Coruña) sofre dende hai anos a devastadora acción humana «máis que nada pola contaminación», segundo indicou nunha entrevista a poeta e mariscadora Teresa Ramiro (Acuña; Rodríguez 2022), e que fai sentir que «a ría non lle importa a ninguén». A implicación de Teresa Ramiro (Vilaboa, Culleredo, 1958) co mar maniféstase no seu labor de coidado e defensa do medio e no seu labor poético. No poema «Fendas de salitre» recoñece no seu

sangue os elementos naturais, así como as secuelas do traballo de mafiscar no seu corpo e a incerteza dun futuro para a ría do Burgo.<sup>8</sup>

Como ondas vencidas  
percórrenme as arterias  
solpores de invernía.

Na beiramar do tempo  
o frío e o vento da Pasaxe  
foron quebrándome  
en silencio os ósos.

Un ronsel de lúas  
e mareas baixas  
deixaron en min  
unha estela de artrose e reuma.

Na luzada dóbrome no areal  
para abrir en sucos o mar  
na procura das ameixas  
Teño as mans inzadas de fisgoas  
a pel de area e fango [...]  
(Ramiro 2019: 22).

A citada poeta forma parte do colectivo cultural e interartístico In Nave Civitas (Acuña; Rodríguez 2022), colectivo preocupado polo mar, como corresponde ao pintor do que se apropián (Urbano Lugrís) nas súas diferentes actividades. Precisamente outra colaboradora do colectivo, a tamén pintora Viki Rivadulla (A Coruña, 1964), reflicte na súa obra o papel das mulleres no mar e avoga polo retorno a el. Reproducimos unhas frases do texto que acompaña o catálogo da exposición

<sup>8</sup> A fartura, descoñecida hoxe, da ría do Burgo está patente no *Cancioneiro Popular Gallego* de José Ballesteros (1885) tal e como mostra X. Souto (2001>2007): «Adios as ostras d'o Burgo / e as ostras d'o Pasaxe, / a Virxe de Pastoriza / nos dé a todos bo viaxe».

«Atlánticas Mulleres do Nordés» onde se manifesta a vinculación das mulleres co medio mariño:

Nós, as que navegamos no solpor, as que deixamos o peirao e botámonos ao mar, remo en man. [...]

Nós, as que soubemos da ausencia en cada recuncho da casa. Soubemos que a casa non era o noso territorio. Viviamos exiliadas nela. Por iso saímos ás pedras e deixamos medrar o noso arneiro entre as escamas da nosa pel. [...]

Só os ollos do cetáceo son o noso oráculo. Eles din sempre a verdade. E devolven, coma un espello, a nosa imaxe de mulleres do mar [...] (Rivadulla 2022: sen paxinación).

A pesar da contribución de In Nave Civitas, a explotación do mar e a súa industrialización conta cun imaxinario escaso na poesía galega. Cómpre no entanto resaltar a súa presenza en composicións emblemáticas dende o punto de vista do xénero como é aquela na que Luisa Castro (Foz, 1966) alude á nai que «traballa nunha fábrica de conservas» e converte un desidealizado «viveiro de mexilóns en lata. | Detrás da fábrica, onde podrecen | as cunchas | as caixas de peixe», caracterizado por «un fedor imposible. un azul | que non vale» en espazo do encontro sexual: «De alí vés» (Castro 1988: 68).

A dureza dos traballos do mar, en concreto da extracción do percebe, queda reflectida na composición «Furtivos», de Francisco Souto (A Coruña, 1962-Razo, 2017), mediante imaxes evocadoras da morte: «a lúa é unha laranxa apodrecida | a lúa debuxa cadaleitos nas furnas | de entre os mortos nascen percebes» ou «ese sabor a sal na boca | como se a morte viñese cada nove ondas» (Souto 1998: 21).

Á situación dos mariñeiros derivada da imposición de cotas de captura que «enchen os varadoiros de barcos para o desguace» e «os supermercados de peixes cheos de antibióticos» referiuse Xosé Iglesias<sup>9</sup>

<sup>9</sup> Outro dos integrantes do colectivo lugrisiano In Nave Civitas.

(Cee, 1974) na introdución ao videopoema «Loitajjjjj», de ecos muelantonianos, no que denuncia a perda do mar como fonte de sustento:

Roubáronnos o mar  
nesta patria de navíos.  
Nesta terra de cardumes  
mutilados no silenzo.  
Na firma dun papel  
asinado na boraxeira  
(Iglesias: en liña).

A recuperación de espazos, actividades e mesmo da linguaxe cunha función restauradora que se percibía en composicións sobre o mundo rural, nomeadamente agrario, non se aprecia con igual intensidade na poesía sobre o mar. É por iso polo que resulta significativa a composición «Imaxinábaa», na que Nuria Vilán Prado (Santo André de Comesaña, Vigo, 1993) sitúa a súa avoa no porto de Vigo desenvolvendo traballos propios das mulleres do mar: «metendo as mans no xeo dos peixes con tento para non cravar as escamas», «sentada no chan de calquera peirao nas horas da marea baixa coa perna esquerda cosendo as redes estragadas». Os versos finais son reveladores do potencial do imaxinario evocado, con independencia da súa veracidade: «eu imaxinábaa sempre así | áinda que ela nunca vivira no mar» (Vilán 2021: 41-42). A vontade de restaurar espazo apréciase tamén no videopoema creado a partir desa composición, onde a paisaxe portuaria ten un especial protagonismo (Vilán; Morlitan: en liña).

O afundimento do petroleiro *Prestige* fronte ás costas galegas en novembro de 2002 provocou unha catástrofe ecolóxica que foi respondida cunha mobilización social sen precedentes. O mundo da cultura tivo unha forte implicación nun programa de accións desenvolvidas dentro e fóra de Galicia baixo o lema do Nunca Máis (Linheira 2018).

O papel central da poesía<sup>10</sup> nestas mobilizacións quedou patente nos numerosos recitais celebrados e na publicación, en 2003, de catro volumes colectivos nos que a súa presenza é maioritaria: *Alma de beiramar. A Asociación de Escritores en Lingua Galega contra a marea negra, Negra sombra. Intervención poética contra a marea negra, Nunca Máis. Si tots no saltres som la mirada i el vent e Sempremar. Cultura contra a burla negra*. A estes libros seguiu a aparición, en poemarios individuais, dunha serie de textos que é posible rastrexar até a actualidade. Estamos polo tanto diante do maior e más homoxéneo ciclo de textos de tema medioambiental, que xustifica a denominación «poesía do Prestige» (Nogueira 2022).

Unha boa parte da produción poética sobre a catástrofe do *Prestige* céntrase na representación dunha natureza mariña agredida mediante o emprego metonímico do cromatismo negro: «O mar era azul e agora é negro» (Gómez 2003: 92), sintetiza Lupe Gómez (Fisteus, 1972). No poema significativamente titulado «Crónica negra», Salvador García Bodaño (Teis, Vigo, 1935) describe como

Un mar de morte negra vén bater contra as costas  
e cun espeso loito pegañento

<sup>10</sup> Tamén a narrativa longa e curta se fixo eco da literatura do *Prestige* tal e como mostran as páxinas do relato «O corvo de chapapote» de Luís Rei Núñez (2013). A narrativa de Xurxo Souto recolleu catástrofes anteriores como a do Urkiola, Casón e Mar Exeo (1999>2021 e 2001>2007). Trátase de relatos ecológicos ou ecoloxistas nos que se solapa a metáfora, a norma, o mito e a vida, relatos moi-los deles protagonizados por seres míticos cuxa razón de ser é a protección da natureza, de seres humanos aleccionados para repetala. Estes teñen un denominador común: a defensa do medio, dos recursos naturais e do aproveitamento sustentable da fauna, da flora, das riquezas minerais do contorno, como garantía de supervivencia (Pedrosa 2010).

Non podemos esquecer a «Homenaxe dos músicos galegos aos afectados pola marea negra do *Prestige*» titulada *Marea de música. Vintecatro cancións exclusivas e inéditas. Nós Sós S.O.S.* (2003) e con textos de X. L. Méndez Ferrín, Manuel Rivas, Ana Romaní e Suso de Toro, que se suman aos dous discos encartados no mencionado *SempreMar. Cultura contra a burla negra*, que reúne vinte e sete composicións de artistas e grupos varios.

anda a alcatranar illas, cantís e areais,  
entre horrendos cadávres de gaivotas  
(García-Bodaño 2003: 87).

Ao recurso á cor negra súmase a imaxe da ferida, que ten na súa base a identificación do mar cun ser vivo, a miúdo humano. Así acontece nos versos nos que María Xosé Queizán (Vigo, 1939) estende a agresión sufrida polo mar ao colectivo dos mariñeiros e as mariscadoras (Queizán 2003: 157).

A identificación establecida entre o ser humano e o mar queda patente nos versos de Lupe Gómez «o mar é unha muller triste agora, e temos que | loitar, temos que elevar o canto» (2003: 91), susceptibles dunha lectura en clave ecofeminista ao equiparar muller e natureza en canto vítimas dunha violencia patriarcal e capitalista: «Os policías míranme e queren determe e pegarme | pero eu non lles deixo» (Gómez 2003: 91).

A poesía do *Prestige* repara tamén nos efectos da catástrofe sobre os animais non humanos mediante imaxes como a do «arao dos cons empapado en brea | ou o arroás ferido, golpeado contra as rochas» (Pereiras 2003: 150), do poema de Xesús Pereiras (Monterroso, 1960), ou as «aves asombradas [que] son as runas deste espolio» (Romaní 2003: 173) de Ana Romaní (Noia, 1962).

Alén da representación da paisaxe agredida en clave realista ou metafórica, a poesía do *Prestige* fai unha denuncia das causas da catástrofe na que sinala como responsables os intereses do capital e as malas xestións do goberno. A composición de García-Bodaño antes citada constitúe un bo exemplo do desenvolvemento destoutra liña temática no corpus estudiado (García-Bodaño 2003: 87).

Os poemas dedicados á catástrofe do *Prestige* posúen na súa maioría unha forte dimensión crítica que se canaliza a través de diferentes modalidades discursivas. Á parte da crónica, son moitos os textos que recorren ao discurso incendiario, que incorpora a miúdo ao seu título ou aos seus versos o lema «Nunca máis!». Outros textos botan man dun rexistro épico que a miúdo remite a unha mitoloxía culturalmente pró-

xima, como acontece en «Épica de piche», de Manuel Forcadela (Forcadela, Tomiño, 1958), quen convoca «o exército de Artur» e «a frota derrubada | Do rei Dom Sebastião» cando «foi chegado o tempo da marea» (Forcadela 2003: 81).

De igual maneira que acontece noutra poesía de temática ecolólica analizada ao longo destas páxinas, tamén a do *Prestige* asume en numerosas ocasións estratexias da parodia cunha finalidade crítica. Un claro exemplo constitúeo o poema «Viaxe a Cigalia, o país do chapapote», de Alfonso Álvarez Cáccamo (Vigo, 1952): «Esta é Cigalia, territorio espíduo, | crustáceo elemento, o croque fatídico | da recauchutada Península Ibérica» (Álvarez Cáccamo 2003: 26).

As imaxes ocuparon, dende as primeiras horas do accidente do *Prestige*, un lugar central tanto na documentación dos feitos como na súa denuncia. Fotografías como as dos areais tinguidos de negro, das aves petroleadas ou de mans xuntando o chapapote convertéronse en metonimias da catástrofe medioambiental e das mobilizacións de protesta e foron difundidas como obxectos artísticos.<sup>11</sup>

### 3. A terra e o monte

As disfuncións espaciais que comenzaran nos anos 60 (Constenla 2018) deron lugar a máis procesos de base territorial que se resumen no exterminio do rural, na atrofia litoral-interior, no desangramento demográfico

<sup>11</sup> A exposición *Marea Negra* (2003), organizada polo Colexio de Xornalistas de Galicia, e o libro *No país de Nunca Máis* (2003), de Xurxo Lobato, son dúas mostras da importancia, documental e simbólica, da fotografía na cultura do *Prestige*. A banda deseñada foi tamén unha canle para a denuncia. Ao volume *H2Oil* (2003), do Colectivo Chapapote, e *Parando a marea negra* (2003), encargado polo Consello da Cultura Galega a Marilar Aleixandre e Fran Bueno, sumouse anos despois *A conta atrás* (2008), de Carlos Portela e Sergi San Julián. A montaxe teatral *N.E.V.E.R.M.O.R.E.*, do grupo Chévere, estreada en 2021 mostra a vixencia do tema do *Prestige* na cultura galega.

co, no feísmo e na desaparición da identidade do territorio coa multiplicación de non lugares e espazos lixo. Todos os aspectos sinalados aparecen na literatura galega actual como iremos exemplificando no presente apartado.

## OS CAMBIOS NA PROPIEDADE E NA PRODUCIÓN AGROPECUARIA

A concentración parcelaria, «concibida como un instrumento de mellora das condicións da producción das actividades agrarias dende os seus inicios en Galicia, polo 1954» (Crecente; Fra; Álvarez 2001: 155), foi moi traumática (Díaz Geda 2021) e mostrouse insuficiente para o desenvolvemento das explotacións. Á parcelaria alude Calros Solla nun poema en que identifica a xeografía do corpo humano, coa xeografía da terra e cos elementos non humanos (Solla 2003: 184).

O economista Alfonso Ribas considera que a concentración parcelaria favoreceu a modernización das explotacións agrarias (Ribas 2008) e tampouco se pode esquecer que nos anos 70 se iniciaron dous cambios fundamentais para esas novas explotacións agrícolas e gandeiras: a mecanización e a especialización produtiva (Collarte 2006: 175-176).

Á mecanización, como contexto, alude a poeta Olga Novo (Vilarmao, Pobra do Brollón, 1975) neste poema incluído no libro *Alguén que respira. I Festival da Poesía para o Corpo Principal* (2018). O texto, titulado «Zona tigre», semella unha elexía ao seu pai que «gaba o debuxo dun tigre no seu tractor Barreiros |LU-VE 3748 | comprado a prazos da pobreza un ano antes do meu nacemento» (Novo 2018: 18).

O poema enténdese na súa fondura coa lectura da colaboración «meu pai, un tigre, unha pedra e un peite psicopompo» publicado na edición dixital da revista *Luzes* (3/10/2018), onde se explica a compra do tractor Barreiros e se insire o pai nun caso de *tigritude labrega* (Novo 2018). O texto está precedido por unha fotografía na que a autora e a súa filla posan diante do mencionado tractor coa imaxe do animal.

Un tratamento singular da mecanización é o que fai Carlos Negro (Lalín, 1970) no poema «raíces profundas», de *Far West* (2001), ao incorporala ao imaxinario dun modelo de masculinidade do mundo rural:

*josé* escoita atento a mitoloxía do apache  
pero ten quince anos e a luz do metal nos ollos [...]

*josé* medra a fedellar nos ferraganchos  
na charra caseira dos talleres de toxo  
nos tobos mecánicos con cheiro a gasolina  
(Negro 2001: 29).

O poema describe un espazo híbrido, un *far west* galego de raíces profundas que «sobreviven á era do eucalipto e do cemento | na fronteira mestiza do país dos ferranchos» (Negro 2001: 27). A composición, que dialoga de xeito explícito co tema «Born to run» (1975) de Bruce Springsteen, dá conta dos ritos de paso da infancia a unha vida adulta na que o manexo do tractor é un elemento definitorio: «agora xa é un home | o amo do tractor [...]» (Negro 2001: 34).

Os cambios na produción agropecuaria irán alén da mecanización, pois outros factores incidirán (como veremos ao abordar a repoboación forestal) na gran mudanza da paisaxe agraria de Galicia «con profundas consecuencias económicas, sociais e ecolóxicas» (Grupo dos Comúns 2006: 63).

Nesta nova situación, Galicia pasará dunha regulación precapitalista (campesiñado) a unha desregulación postindustrial propia do capitalismo tardío (terciarización e desaparición da clase media), sen pasar pola fase da capitalización industrial. A ese tránsito de labregos a consumidores alude o seguinte diálogo do poema «O leite baixo a tona» (Cultivos transxénicos) de Carlos Negro nun remedo do Catecismo do labrego:

Para vostede onde reside o problema de Galicia?

*No tránsito feroz de labregos a consumidores,  
no proceso transxénico que nos fai mutantes,*

*monstros que transforman a morriña en herbicida. [...]*  
 Pero non atopa aspectos positivos no progreso?

*Por onde pisamos inzan silvas de desleixo,  
 progresamos con mentalidade de eucalipto  
 sen máis raigame que un espellismo de fachenda. [...]*  
 (Negro 2008: 15-16).

Na mesma obra e na sección «Notas previas a unha novela-rito» (Negro 2008: 27) desenvólvense, en clave de crítica literaria, os trazos dunha urbanización inducida e explicada polos estudosos como «paso do valor de uso do solo a un valor de cambio nel, isto é, o tránsito dentro a leira ou o terreo á súa consideración como soar» e cuxo efecto foi «desvalorizar a produción agraria» (Lois; Pino 2015: 741).

A entrada na Comunidade Económica Europea nos anos 80 supuxo un forte impacto sobre a produción agropecuaria e sobre o espazo agrario en Galicia. Antes, a repoboación forestal iniciada no franquismo (á que nos referiremos ao tratar a situación do monte comunal) expulsara as labregas e labregos dos montes veciñais coa conseguinte destrución do sistema agrario tradicional. Nesta situación, como indica o investigador E. Rico Boquete, foron «diminuíndo os recursos dos campesiños e impulsando e acentuando a súa dependencia do mercado no que os labregos adquirirán produtos que antes obtiñan dos montes» (1995: 189).

Estas circunstancias aparecen condensadas no poemario<sup>12</sup> de Carlos Solla *reGaliza e outras chuches*. Seleccionamos as retrónicas número 83 e 290, pois, a pesar dos xogos de palabras, parécennos transparentes no seu sentido:

- 83. Economía agroprecaria (Solla 2008: 22)
- 290. Vaca: más-cota láctea (Solla 2008: 54)

<sup>12</sup> No xénero narrativo debemos citar dúas novelas que abordan a desaparición das formas de vida tradicionais a carón das consecuencias de determinada política leiteira. Referímonos a *Memorias dunha vaca marela* (2018) de A. Eiré e *Que non te aten* (2016) de M. Iglesias Turnes.

Unha derivación das novas leis do mercado, coa necesidade de multiplicar os beneficios como sexa, incidirá nunha serie de mutacións como as ocorridas nos cultivos transxénicos ou como sucedeu co mal das vacas tolas. A obra de Calros Solla reactualiza unha cantiga popular para referirse aos transxénicos (Solla 2008: 53) e extrapola as mutacións xenéticas á toda a nación:

lingua azul  
de louca vaca de carne de farelo de milho xeneticamente modificado

lingua azul celeste  
de enlouquecida nación transxénica  
(Solla 2010: 23).

Raquel González Figueiras (2017: 128) non dubida en citar empresas multinacionais agroquímicas cuxa actuación é lesiva para o medio natural nun progreso mal entendido:

PROGRESO  
Nai poñía trampas nas topeiras.

Era unha caza selectiva  
que equilibraba o usufructo da terra [....]

Unha cousa entre topo e nai.  
Logo chegou o progreso da agroquímica  
e coas suas «monsantadas»  
paréceme a min  
que estamos  
ca  
en  
do  
to  
dos

## A EXPLOTACIÓN DO MONTE

Un dos procesos clave que sucede coas novas formas de relación capitalista xa mencionados é «o desposuimento e a desarticulación do comunitario» (Díaz Geadá 2021: 36). O mesmo que ocorrera coa parcelaria, tamén na expropiación do monte comunal houbo resistencias e confrontación.

A longa posguerra franquista influíu na situación dos animais e da poboación por mor da repoboación do monte veciñal imposta polo réxime. Así se manifestaba unha das afectadas, cuxas palabras foran gravadas por Llorenç Soler en *O monte é noso* (1978): «E así quedamos sin agua, así quedamos sin monte e quedamos sin todo, e sin ovelas, que nós tiñamos un millagar delas e tivémolas que vender todas porque nolás fixeron vender porque non tiñamos onde as meter [...] e coma nós todos» (Cabana 2019: 22).

No eido literario, Chus Pato poetiza a concentración da propiedade e a ocupación do monte comunal; mentres que Isolda Santiago, pola súa banda, alude a como esta puido afectar a sustentabilidade:

primeiro concentraron a propiedade  
logo expropriaron a arboreda  
finalmente comenzaron a vivir dos intereses bancarios  
(Pato 1996: 25).

Sen vacas.  
Sen cabalos.  
Como será posible que o monte se sosteña  
(Santiago 1998: 11).

Unha das árbores máis empregadas nesa reforestación foi o eucalipto. A poesía de Florencio Delgado Gurriarán é un exemplo de como as árbores autóctonas desaparecen para deixaralles paso a estes «novos ricos» que só traen silencio (Delgado 1981: 77-78).

Como problemática de longo percorrido, poetas novas e novos tratarán nos seus versos o monocultivo do eucalipto: Carlos Negro (2011), Calros Solla (2012), María Reimóndez (2018), Antía Otero (2003)...

Merecen un comentario más detido a obra de Carlos Negro e de Calros Solla por tanto os dous poetas reiteran a denuncia da eucaliptización do territorio. O poeta pontevedrés, por exemplo, ademais de tratar o tema en tres poemarios (*Ceredo in the Voyager I, reGaliza e outras chuches, MazinGZ*), dedica un cuarto libro (*O orgullo do gurgullo*) ao «gurgullo Gonipterus scutellatus», animal que se mantén do eucalipto. En calquera deles sobresaen os xogos de palabras que van «Do megalito ao arcolito» (Solla 2008: 22) ou a conxugación verbal do verbo *calitar* que o poeta conxuga nun «presente imperfecto da voz pasiva» comezando «Eu calito» (Solla 2012: 72 xa publicado en 2004).

A eucaliptización<sup>13</sup> do territorio está estreitamente relacionada con outra das catástrofes medioambientais reiteradas nos últimos anos en Galicia: os incendios forestais. Estes foron abordados na poesía das últimas décadas dende estéticas diversas que coinciden todas elas no espírito crítico. Así, o tema é tratado por Marilar Aleixandre (Madrid, 1947) na composición «Arde o Pindo», de *Mudanzas*, na que presenta unha natureza violentada polo lume:

escaravella a toupa de fogo  
os seus túneles por baixo das árbores  
plantadas pola man de seu pai  
el volve morrer con cada árbore derrubada  
eis a gadoupa do anxo esgazando a paisaxe  
asinando nas mans, nas gorxas  
nas casas onde non achou  
as marcas do sangue  
(Aleixandre 2007: 43-44).

<sup>13</sup> O documental *En todas as mans* (2015), centrado nos usos dos montes veciñais de diferentes localidades galegas (Terra Chá, Teis, Covelo, Zobra, Lira e O Rosal) e portuguesa (Serra de Lousa), mostra outra árbore de crecemento incontrolado como é a acacia.

Pola súa banda, a Corporación Semiótica Galega denunciou a través da poesía visual e do *mail art* a relación entre os incendios e a deforestación no falso acrónimo «T.A.L.A.», de *Contradiccions* (2009).

Ao humor recorre Calros Solla en *reGaliza e outras chuches* (2013) cando formula o xogo verbal para se referir ás sospeitosas relacións entre os incendios forestais e o negocio da venda de madeira: «Torar a árbore queimada é facer torradas» (Solla 2013: 23).

Os incendios forestais están tamén presentes no libro colectivo *Versos no Olimpo. O monte Pindo na poesía galega* (2013), coordinado por Francisco Xosé Fernández Naval e Miro Villar. O primeiro dos editores achega ao volume un extenso poema titulado «Lume no Pedregal», no que describe a paisaxe despois do incendio:

## IV

Suspensión  
da vida  
en cada agromo amputado,  
en cada verme  
que fura no baleiro  
dos días,  
na casca,  
na cinza,  
que reborda nos ollos  
e camiños,  
nas bágoas  
que secaron  
coa constancia do espasmo  
e da negrura.  
Inmóbil suspensión  
da esperanza  
(Fernández Naval 2013: 59).

O texto de Fernández Naval (Ourense, 1956) vira a luz no catálogo da exposición *Segunda pel* (2008), de Nando Lestón, e formou parte

do poemario *Suite Dublín e outros poemas* (2011). En *Versos no Olimpo* recóllese tamén a composición «Antes da queima (subida ao Pindo)», de Miguel Vázquez Freire, e «Arde o Pindo», de Marilar Aleixandre.

## A EXPLOTACIÓN ENERXÉTICA

Na «Cantiga das Encrobas», con letra do poeta Manuel María e música de Fuxan os Ventos (Souto 2016: 174), enuméranse os perigos contaminantes que pairan sobre as terras das traballadoras e traballadores do agro galego dende o ocorrido en Castrelo de Miño:

Primeiro Portomarín,  
logo Castrelo do Miño.  
¡Dispois tocoulle As Encrobas  
sufrir parello destiño!  
Raposos capitalistas  
que non deixan un torrón,  
sementan todo de lixo,  
porcallada e polución. [...]  
Queren encher a Galicia  
de industrias contaminantes  
e que o noso povo siga  
a producir emigrantes. [...]  
Hai pouco foi nas Encrobas,  
ás portas de Xove están,  
Si a algúñ lugar non chegaron  
axiña aparecerán.<sup>14</sup>

O ocorrido nas Encrobas nos anos 70 foi especialmente relevante polo papel das mulleres na defensa «do de todos» (palabras pronunciadas

<sup>14</sup> Fuxan os Ventos, *O tequeletéquele* (1977).

no documental<sup>15</sup> de 2007 *A ceo aberto. As Encrobas*) e impedindo a ocupación das súas terras. Para Lanero (2013: 165) esta foi unha conflitividade semellante á ocorrida coa construcción da autoestrada, feitos ambos do chamado «ciclo de protesta» que atravesaron a sociedade galega na segunda metade da década de 1970 e que xiran arredor dunha modificación do modo de uso dos recursos naturais (de campesiño a industrial) e do malestar (pola aplicación da lei e a pouca compensación económica).

Á explotación de mineral a ceo aberto e á construcción da central térmica das Pontes está dedicado o libro *A ansia do lóstrego* (2012), de Medos Romero (As Pontes, 1959). O poemario, ilustrado por fotografías da autoría de Antonio López Fernández, reconstrúe, dende a distancia temporal, o longo proceso de espolio e as súas consecuencias para a poboación da localidade, nomeadamente o éxodo e a perda dun xeito de vida. Os versos de Medos Romero abordan dende un punto de vista crítico o espellismo creado por un capitalismo voraz e que supuxo a renuncia a un territorio:

Cuestionemos a precisión voraz, a firmeza devastadora,  
 a forza de todo aquel engranaxe, nós, que aprenderamos  
 a calcular con exactitude o impacto de toda perforación,  
 a calidade da terra, o sangue do subsolo,  
 nós, que fomos sometidos á idea de sermos necesarios,  
 talvez soñando erroneamente  
 ser por sempre imprescindíbeis  
 (Romero 2012: 65).

<sup>15</sup> O documental dirixido por X. Bocixa permite visualizar como era a vida nas aldeas de Cerceda antes da construcción da central térmica de Meirama nos anos 70, os anos do conflito co apoio do movemento estudantil, a ampliación dos terreos nos anos 90, as novas expropiacións e o desprazamento da igrexa e cemiterio que supuxo a desaparición da parroquia.

Como conflito de longo percorrido, as Encrobas dos 90 tamén creou produtos musicais estreitamente vinculados, segundo Bocixa (integrante do grupo Zenzar), coas consignas berradas polas defensoras e defensores das terras (Moncho Valcarce, Carme de Xende, Cesáreo e Manolo de Hilario ou Asunción de Quintán) (Pacheco 2021: 82).



(López Fernández *apud* Romero 2012: 35).

Para Beiras (2013: 93) «o espolio dos recursos enerxéticos iníciase cos encoros hidroeléctricos, esquilma logo só en vinte anos os lignitos e até nos rouba agora o vento». En canto á enerxía procedente do vento, estamos ante outro impacto negativo de longo percorrido sobre a natureza. A carón dos incendios, a instalación de aeroxeradores a partir dos anos oitenta, o seu incremento a partir de mediados dos noventa nos sucesivos Plans Eólicos Estratégicos e do Plan Sectorial Eólico de Galicia aprobado en 2002, mudou ostensiblemente a paisaxe e as formas de vida propias de numerosas localidades.<sup>16</sup>

Alén dos textos na defensa do Galiñeiro que serán citados, a denuncia do ecocidio e a desposesión do territorio ocasionada polos parques eólicos foi abordado na poesía<sup>17</sup> de Calros Solla quen, nun poema de

<sup>16</sup> Unha crítica ao modelo privatizador no que se basea o Plan Eólico aparece reflectida no documental *En todas as mans* (2015), de Diana Toucedo. Na cinta, que trata a cuestión dos montes veciñais e testemuña mobilizáns e loitas para conseguir unha verdadeira autoxestión do monte, algunas persoas reivindican a posibilidade de que a comunidade, e non a empresa, poida facerse coa titularidade e a autoxestión dos aeroxeradores.

Recentemente, a banda de rock Ith, en colaboración con Mercedes Peón, preparou un videoclip contra os macroeólicos e na defensa das aldeas.

<sup>17</sup> E na narrativa curta de Suso Lista (2014) onde os eólicos son denominados «virandoiras».

Mel de arañas (2000) representa os aeroxeradores como elementos extraños («xighantes de verba revirada») nun espazo rural descrito a través da flora, a fauna, a xeoloxía e a lingua, con desmitificadoras referencias á materia de Bretaña (Solla 2000: 75).

O tema volveu ser tratado por Solla na súa poesía visual. Así, nunha composición de *Ceredo in the Voyager I* (2004) presenta unha visión crítica do monte na que implica referencias literarias —o episodio dos muíños de *El Quijote*— e cinematográficas —*Close encounters on the Third Kind*, de Steven Spielberg (Solla 2004: 70).

O impacto dos aeroxeradores no corpo e na mente do suxeito foi representado tamén por Mariña Pérez Rei (Ames, 1966) nunha composición de *Fanerógama* (2010) na que describe os efectos duns aeroxeradores que proxectan a súa sombra nas «abas» do seu «corpo cordal»:

Sen recato, a enerxía eólica medra no cume  
absorbendo as miñas ideas,  
tan vagarosamente...  
Con cada movemento de aspas  
vai queimando as veas do meu  
rostro acartonado, case insensible,  
hoxe impermeable aos teus vocabularios  
(Pérez Rei 2010: 66).

## AS NOVAS EXPLOTACIÓNNS DO SOLO

A defensa do monte ameazado por novas explotacións seguiu deixando pegada na escritura poética. Un exemplo de como a poesía é empregada para reforzar outras modalidades textuais atopámolo na composición que acompaña o artigo «Sobre pistas e canteiras» no libro *Nós, Galiñeiro* (2012), de Xosé Luís Méndez Ferrín (Ourense, 1938). O texto, que vira a luz previamente no número 2 (1994) de *Luzes de Galiza*, recupérase agora para un libro que se enmarca nas accións en defensa da serra

ante ameazas de instalación dunha explotación mineira de terras raras e dun parque eólico, iniciativas finalmente freadas polas protestas da veciñanza. O escritor denuncia como naquela altura eran «infinitade xa as canteiras que están a converter moitos montes nunha paisaxe tolleita e irrecoñecible» e contextualiza esta agresión no descoido medioambiental: «Entre pistas innecesarias, canteiras ilegais e invasión eucaliptífera, ir hoxe a través do monte semella escoitar a fin dun canto» (Méndez 2012: 39).

En Nós, *Galiñeiro* o artigo aparece acompañado do poema «Mogor», de *O fin dun canto* (1982). A escolla desta composición, da que non se reproduce o título, resulta significativa por se tratar dunha re-elaboración da materia de Bretaña a partir dunha inscrpción na pedra: «“Velaquí a marabilla. Nesta pedra hai letras que foran gravadas hai longo tempo” || (A morte do rei Artús)». A denuncia ecolólica queda deste xeito vinculada á alegoría política do universo ferriniano.

Con motivo do proxecto de apertura dunha canteira que afectaría os penedos de Pasarela e Traba, o escritor Luís Rei Núñez redacta o «Testamento dos outeiros de Traba». No texto, o poeta pregúntase se o crómlech sobrevirá até os seus fillos e sitúa o patrimonio pétreo contra aqueles que conspiran para privarnos del. Destacan as imaxes degradantes para representar os espoliadores fronte ao espazo ameazado e nomeado:

Aquí na Cachucha,  
na Pena de Man. Aquí,  
na Torre da Moa,  
e na Capela dos Mouros,  
e mais na Galla da Pena Forcada.  
Aquí, penedos  
dos séculos para os séculos.  
Contra homes, aquí, de carrachidade,  
sen alma. Contra lesmas,  
aquí, que andan a dúas patas.  
Contra marraxos cheos de océanos de fel.  
Contra ratas que as rodas do tractor

non soubo converter  
en pelellas esmagadas. [...]  
(Rei 2014: 80-81).

A presenza da poesía nas mobilizacións ecolóxicas contra a destrución do monte resulta evidente nas Andainas en defensa da Serra do Galiñeiro, que inclúían recitais. Para un deles escribiu Silvia Penas Estevez (Vigo, 1980) o poema «Orografía e metonimia: unidade 1», dedicado ao seu fillo Ivo, onde converte o Galiñeiro en tropo de todos os montes da infancia, de Dakar ao Sobroso:

Nesta metonimia  
a palabra monte é a parte  
porque o Galiñeiro son todos os montes da infancia,  
e a infancia, Ivo, non comprendo cando empeza nin onde acaba,  
pero sei que despois dela  
non pasa nunca nada máis  
(Penas 2012: inédito).<sup>18</sup>

Outro caso de mobilización poética na defensa dun espazo natural é o volume colectivo *Versus cianuro: poemas contra a mina de ouro en Corcoesto* (Alonso 2013). O libro, precedido dun limiar de Xurxo Borrazás, reúne colaboracións de voces consolidadas xunto a outras noveis e mesmo ocasionais. A retórica da agresión á paisaxe concrétase a miúdo nestas composicións na imaxe da *ferida*, tan común na poesía de temática ecolólica. Así acontece no poema de Paula Carballeira (Maniños, Fene, 1972) significativamente titulado «A ferida na terra» (Carballeira 2012: 23).

<sup>18</sup> Texto facilitado pola autora.

## O EXTERMINIO DO RURAL

Todo o ecocidio agrario estudiado até o momento (consecuencia dos cambios na propiedade e na producción agropecuaria, da explotación do monte e da explotación enerxética) incide no exterminio do rural galego. Este reflíctese traxicamente en varias obras que mesturan poesía e fotografía.

Por unha parte, Vicente Ansola, en colaboración cos poetas de A Porta Verde do Sétimo Andar, publica *Aldeas sen voz* (2016), un libro que reúne 17 poemas con imaxes de aldeas do concello da Pontenova preparadas polo primeiro e que visibilizan como «desaparece o rural | a cidade que o golpea | desaparecémolo todos» (Pipas 2016: 74).

Volume semellante, ao unir fotografía e poesía, é *No interior do abandono*, publicado por Carlos Lorenzo e Baldo Ramos.<sup>19</sup> O poeta mostra como «no interior do abandono | hai espazos deshabitados | pero cheos de vida» (2020: 67) a través das imaxes das aldeas de Sorga e Fefachas (A Bola), A Pía e Ourille (Verea), Milmanda e Acevedo (Celanova) e Cañas, Barcia e Corposanto (Carral). Ademais dos recordos, habitán ese abandono os animais e as plantas:

a casa foise entintando coa seiva voraz  
dunha vexetación calculada.

musgo que protexe o tellado [...]

lique que amortece a sarabia.

silvas que anainan coas súas espiñas  
o esmorecer rítmico da casa.  
lento e doloroso.

<sup>19</sup> En 2022 os dous creadores inauguraron unha exposición no Museo do Pobo Galego co mesmo título.

un día a casa será bosque.

habitarano as cobras e os morcegos  
e será circundado por camiños que se perden en decembro



(Lorenzo; Ramos 2020: 69 e Lorenzo; Ramos en liña). Foto de Carlos Lorenzo.

En último termo «o interior da casa é unha metáfora perfecta do que somos: | natureza voraz comprimida entre ruínas» (Lorenzo; Ramos 2020: 49). A pesar da desfeita, o poeta fai «un chamamento confiado | a toda esa xente | que se sentiu desprezada na cidade» para que ocupen as casas que gardan o segredo «dun futuro habitable nestas terras» (Lorenzo; Ramos 2020: 59) e manifesta a xenerosidade que supón este permiso para habitar as casas que nos legan todo o seu pasado «ese tesouro intacto que agocha | cada unha das casas que vedes baleiras | neste agonizante país do abandono» (Lorenzo; Ramos 2020: 59).

O abandono e a soildade centrado nunha muller dunha aldea (Isolina Pumar), que durante diferentes épocas do ano debe sacar forzas para sobrevivir malia a avanzada idade, ocupan dous libros de Emilio Araúxo: o poemario *Avía que aí vén o sol* (2016) e o relato poético *Mal mor* (2017a). O poeta, apañador de voces (Casas 2019: 24), reproduce o deterioro da casa e da muller (Araúxo 2017a: 9).

Cómpre engadir que moitos dos textos de *Mal mor* dialogan con algunas das fotografías do volume *Mil tempos (No inmemorial, na la-*

*branza*), publicado tamén en 2017, como se pode observar no seguinte fragmento e na fotografía que aparece a continuación:

Comendo. Fixo un pouco caldo. Cómeo no cazo. Porque no cazo leva máis e non ten que andar botando. Culler aínda é boa. Arcas tres. Algúns sacos. E algunha roupa. Estará podre. Non acorda abrirla. A arca da roupa. A do pan non ten nada. A grande era do pan. Trapalladas enriba. Cousas. E alí outra só ten cachivaches. Era das castañas. Pero agora non se secan. E a outra ten moita roupa. Sacos e roupa (Araúxo 2017a: 34-35).



(Araúxo 2017b: 21)

Do mesmo Emilio Araúxo, o *Libro da Ribeira Sacra [Cinsa do vento]* aborda a pobreza e dominación, ademais da «desagrariación do territorio e en definitiva os procesos de despoboamento do rural» (Casas 2019: 26) dende unha multiplicidade de voces. Para o prologuista o libro mostra o remate dun ciclo «no relacionado coa forma de ocupación dun territorio, co imaxinario cultural vinculado e o contrapeso da violencia simbólica, co equilibrio ecológico, coas relacións entre o medio natural e a axencia humana e non humana sobre ese medio» (Casas 2019: 26).

Sen esquecer as suxestións do prologuista (sobre a aplicación de perspectivas feminista, poshumanista e de ética animal), para nós son relevantes poemas como o primeiro, titulado «Onte», dunha extensión importante e do que extraemos algúns versos que inciden no doloroso final dunha forma de vida:

A sombra dunha muller  
 sachando soa no millo  
 alumá toda Galiza  
 desde Caldelas a Fisterra [...]  
 ¿Como atopo o país?  
 Perdido, meu Deus, perdido,  
 que abandono e que dor.  
 ¿Galiza?  
 Vouche dicir:  
 un barco botado a pique,  
 non te movas que perdes,  
 perdemos sempre [...]  
 Vexo o país escarangallado,  
 abandonado,  
 sen xentiña [...]  
 Acabáronse as aldeas,  
 dentro de vinte anos  
 Chandrexá está debaixo das silvas [...]  
 (Araúxo 2019: 39-57).


O poeta, a través das múltiples voces dos habitantes desa Galicia baleira, insiste na «vida arruinada» (Araúxo 2019: 275), no abandono dos cultivos e perda do gando que só se ve na televisión (Araúxo 2019: 275) e no avellentamento «agora pouca xente e enfermos, | e vellos, | secos coma cravos, | e non hai quen traballe» (Araúxo 2019: 282).

A desaparición das aldeas, co desequilibrio na distribución da poboación e a conseguinte atrofia do interior fronte ao litoral, móstrase no libro de María Reimóndez (Lugo, 1975), titulado *Galicia en bus*, a propósito dun medio de transporte con prestacións tan diferentes segundo

o territorio galego. Precisamente, as infraestruturas viarias e de comunicación supoñen un claro exemplo de acumulación por desposesión (Constenla 2018: 115) e tenden a xerarquizar e segregar o espazo (lugares centrais que concentran os recursos e desnaturalizan as actividades humanas). María Reimóndez, nas palabras de Roda, expresa que «nada de glamuroso teñen os escasos horarios, os malos servizos, os olores e as incomodidades do bus» (Reimóndez 2018: 52).

Máis breve pero non menos efectivo é o xogo de palabras e números «(666)» co que Calros Solla define a relación entre o éxodo rural e a «demografía» (Solla 2008: 79).

Rematamos o noso percorrido polos espazos ameazados cun poema visual de Calros Solla (2008: 91), tributo ao colectivo Ronseitz que publicara en *Unicornio de cenorías que cabalgas os sábados* (1994) «Caligrama



—fin de siècle—» no que representaba de maneira paródica un mar espoliado polo turismo e o narcotráfico. Nel sintetiza a maior parte da problemática medioambiental tratada neste artigo (eólicos, grandes infraestruturas, centrais, parcelamento e industrias contaminantes).

## CONSIDERACIÓN FINAIS

Trala exposición do noso traballo, coas limitacións propias dun corpus en constante expansión, podemos formular unha serie de consideracións finais arredor de tres eixes: os espazos, as palabras e as imaxes.

No relativo aos espazos, o estudo revela como as e os poetas se valeron de imaxes e palabras para escribir sobre a agresión padecida polo territorio galego. Velaí as palabras de Chus Pato ou Dores Tembrás ligadas ao cine; de Manuel María á música; de Xosé Lois García, Baldo Ramos, A Porta Verde do Sétimo Andar ou Emilio Araúxo á fotografía; de Nuria Vilán, Xosé Iglesias ou Baldo Ramos ao viodeopoema ou de Calros Solla ao debuxo.

No que respecta aos espazos relacionados coa auga, as manifestacións poéticas abordaron, dende diferentes perspectivas, a desecación lacustre e a construción de encoros. Nesta produción identifícanse dous tipos de achegas literarias non excluíntes. Por unha banda, as composicións de denuncia, cunha clara dimensión social, que acostuman a ser contemporáneas aos feitos e procuran a intervención. Por outra, as de reflexión sobre a perda do patrimonio inmaterial e a custodia da memoria, que adoitan ter un carácter máis intimista e son case sempre posteriores aos acontecementos.

Caso diverxente é o tratamento das rías e do mar. A escaseza do imaxinario do mar, abordado dende o punto de vista do espolio, a desposesión e a degradación medioambiental contrasta coa extensa literatura de temática mariña que ofrece, as más das veces, visións idealizadas. A poesía que aborda estes espazos posúe unha vontade de intervención manifesta e, na maior parte dos casos, un carácter colectivo. Tal acontece na produción xurdida a raíz da catástrofe do *Prestige*,

na que participaron, dende diferentes linguaxes, autoras e autores de distintas xeracións nun ciclo aberto que se pode rastrexar até a actualidade. O afundimento do *Prestige* serviu como catalizador da temática ecolólica na poesía e nas artes.

Outro caso paradigmático de hibridación de códigos no tratamento dos espazos marítimos constitúeo o colectivo In Nave Civitas, grupo caracterizado polo seu imaxinario ecoloxista, tanto nas manifestacións artísticas (pintura de murais, decoración de paraugas, creacións de seres e adobíos mariños, preparación dun himno), nos discursos literarios e non literarios (poesía, narrativa, manifestos) e nas actividades lúdico-reivindicativas (roteiros, manifestacións atlánticas etc) de elaboración propia ou de «apropiación» da obra de Urbano Lugrís.

No tocante aos espazos terrestres, as voces poéticas que comenzaron a publicar na década dos 90 e, sobre todo, no novo milenio, valéronse tamén da hibridación para abordar o abandono e a desfeita. Mención á parte merecen a obra de Calros Solla e Emilio Araúxo que até o momento evidenciaron a súa preferencia pola imaxe (fotografía ou debuxo) como arte de acompañamento para expresar a fin do equilibrio ecolóxico e das formas de vida en diferentes espazos.

O seguinte eixe das nosas consideracións finais refírese ás palabras e nesta coordenada advertimos que as voces poéticas analizadas desenvolven discursos enmarcados entre a identidade e a denuncia. En relación co primeiro están algúns elementos comúns como son as alusións á memoria, aos seres míticos ou lendarios que pertencen ou poden protexer os lugares agredidos e á natureza en perigo de desaparición ou xa desaparecida.

Outro trazo significativo dos textos comentados é a frecuente identificación entre o corpo do animal humano e outros elementos non humanos, todos vítimas das consecuencias do desequilibrio ecolóxico: os aeroxeradores queiman o rostro, o corpo parcélase ou identifícase coa árbore queimada, do mesmo xeito que o fai coa ferida do mar ou da terra. A perda da natureza séntese en relación co corpo (nos textos de Suso Díaz, Teresa Ramiro, Calros Solla, entre outras autoras e autores) pero tamén coa escrita até provocar unha «úlcera textual» que desan-

gra, por exemplo, cando «o poema levanta acta | da redución do rural | a produto de mercado» (Negro 2008: 32).

A nosa contribución mostra asemade como as palabras insisten na idea da desposesión mediante frecuentes referencias ao silencio, á perda do patrimonio material e inmaterial e, por tanto, á necesidade da súa salvación. Para expresar esta situación, as voces poéticas citadas recorren a miúdo ao humor e á parodia como estratexias e desta maneira incorporan ás súas composicións intertextualidades, xogos de palabras incisivos e multiplicidade de voces e imaxes para manifestar o impacto dos seres humanos e a súa voracidade sobre a natureza non humana.

En canto aos elementos extralingüísticos, último eixe ao que queremos aludir, a combinación de código escrito, visual e, en ocasións, musical resulta patente dende as primeiras manifestacións literarias referidas ás ameazas sobre a natureza en Galicia. Nos últimos tempos e por mor dos avances tecnolóxicos esta mestura deriva cara a unha maior presenza de imaxes móbiles.

En todo caso as imaxes e as palabras mostran a fin dunha forma de vida ou cuestionan o visible, trazo que evidencia o alto grao de implicación das escritoras e escritores con outras artes para, nun discurso eco-social, expresar ou reclamar a conservación do medio.

Recuperando o indicado nas páxinas iniciais do noso artigo, reafirmamos, a teor dos textos citados, que a literatura galega espella o devir do noso medio natural e que a literatura dos séculos xx e xxi analizada pode equipararse á periodización sinalada polos historiadores e xeógrafos citados a propósito do colapso territorial de Galicia.

## FINANCIAMENTO E RECOÑECIMENTOS

Este traballo vincúlase ao proxecto de investigación «O tropo animal: Unha análise ecofeminista da cultura contemporánea de Galicia e Irlanda/El tropo animal: Un análisis ecofeminista de la cultura contemporánea de Galicia e Irlanda» (PGC2018-093545-B-I00 (MCIU/AEI/FEDER/UE) dirixido por Manuela Palacios González.

## BIBLIOGRAFÍA

- ACUÑA TRABAZO, Ana; NOGUEIRA PEREIRA, María Xesús (inédito). «Escrituras de terra. Contribución da literatura galega ao estudo da historia». *Transicións na agricultura e na sociedade rural. Os desafíos globais da historia rural. II Congreso Internacional*, XVI Congreso de Historia Agraria-SEHS#VII Encontro RuralReport, Santiago de Compostela, 20-23 xuño 2018.
- ACUÑA TRABAZO, Ana; RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, Olivia (2022). «Ecocrítica do movemento cultural arredor de Urbano Lugrís». Inédito.
- ALEIXANDRE, Marilar (2017). *Mudanzas*. Santiago: Pen Clube de Galicia.
- ALONSO DÍZ, Miguel Ángel [et al.] (2013). *Versus cianuro: poemas contra a mina de ouro de Corcoesto*. Malpica: Caldeirón.
- ALONSO MONTERO, Xesús (2016). «Prólogo». Arturo Reguera. *Castrelo de Miño: loita, represión, espolio, desastre ecológico, desastre humano*. Santiago de Compostela: Meubook, 7-23.
- ÁLVAREZ CÁCCAMO, Alfonso (2003). «Viaxe a Cigalia, o país do chapapote». *Negra sombra: intervención contra a marea negra*. Vigo: Federación de Lixeiros de Galicia, Espiral Maior e Xerais, 26-27.
- ANSOLA, Vicente (2016). *Aldeas sen voz*. Coruña: Editorial Canela.
- ARAÚXO, Emilio (2016). *Avía que ái vén o sol (con Isolina Pumar na Corga de Lubrigo)*. Noia: Toxosoutos.
- ARAÚXO, Emilio (2017a). *Mal mor*. Rianxo: Axóuxere.
- ARAÚXO, Emilio (2017b). *Miltempos (No inmemorial, na labranza)*. Noia: Toxosoutos.
- ARAÚXO, Emilio (2019). *Libro da Ribeira Sacra [cinsa do vento]*. Monforte de Lemos: Biblioteca de Mesopotamia.
- BARÁ, Diego (2020). *A miña utopía*. Poio: Urutau.
- BEIRAS, Xosé Manuel (2013). *Exhortación á desobediencia*. Santiago de Compostela: Laioveneto.
- BERNAL, Antonio Miguel (2001). «Sindicalismo jornalero y campesino en España (1939-2000)». Ángel Luis López Villaverde; Manuel Ortiz Heras (coord.). *Entre surcos y arados: el asociacionismo agrario en la España del siglo xx*. Cuenca: Ediciones de la Universidad de Castilla-La Mancha, 17-45.
- BRAIDOTTI, Rosi (2016). «Catro teses sobre o feminismo posthumano». Trad. Eva Almazán. *Grial*, 211, 141-155.
- CABANA, Ana (2013). *La derrota de lo épico*. València: Publicacions de la Universitat.

- CABANA, Ana (2017). «Mulleres diante: rostros femininos e acción colectiva no rural galego». *Boletín Galego de Literatura*, 50 (1.º semestre), 89-114. DOI: <https://doi.org/10.15304/bgl.50.3988>.
- CABANA, Ana (2019). «Os incendios forestais e a variable xénero: estereotipos de ida e volta». Proxecto Batefogo (coord.). *Árbores que non arden. As mulleres na prevención de incendios forestais*. Vigo: Catroventos editora, 15-28.
- CABANA, Ana (2021). «Mujeres al frente: Rostros femeninos y acción colectiva». Teresa M.<sup>a</sup> Ortega López; Ana Cabana Iglesia. «*Haberlas, haylas*: *Campesinas en la historia de España del siglo xx*. Madrid: Marcial Pons, 219-237.
- CABANA, Darío Xohán ([1970] 1993). *Home e terra. Vinte cadernos (Poemas 1969-2002). Val de Lemos (colección de poesía galega)*. A Coruña: Espiral Maior, 94-107.
- CASAS, Arturo (2019). «Ética das verdades, urda de voces». Emilio Araúxo. *Libro da Ribeira Sacra [cinsa do vento]*. Monforte de Lemos: Biblioteca de Mesopotamia, 7-36.
- CASTRO, Luisa (1988). *Baleas e baleas*. Ferrol: Sociedad de Cultura Valle-Inclán.
- COLLARTE PÉREZ, Anxo (2006). *Labregos no franquismo. Economía e sociedade rural na Galiza interior. As «hermandades sindicales» en Ourense (1943-1978)*. Ourense: Difusora de letras, artes e ideas.
- CONSTENLA VEGA, Xosé (2018). *O colapso territorial en Galiza*. Vigo: Galaxia.
- CORPORACIÓN SEMIÓTICA GALEGA (2009). *Contradicóns*. [s. l.]: Corporación Semiótica Galega.
- CRECENTE MASEDA, Rafael; FRA PALEO, Urbano; ÁLVAREZ LÓPEZ, Carlos (2001). *Concentración parcelaria en Galicia. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia*.
- DELGADO GURRIARÁN, Florencio (1981). *Cantarenas*. Sada-A Coruña: Ediciós do Castro.
- DELGADO GURRIARÁN, Florencio (1986). *O soño do guieiro: Poemas, poemíñas e poemoides*. Sada-A Coruña: Ediciós do Castro.
- DIAMOND, Irene; FEMAN ORESTEIN, Gloria (ed.) (1990). *Reweaving the World: The Emergence of Ecofeminism*. San Francisco: Sierra Club.
- DÍAZ, Suso (2021). *Asulagadas*. Santiago: Positivas.
- DÍAZ GEADA, Alba (2021). «Hai evidencias de que as parcelarias dos 60-70 foron moi traumáticas». *Luzes* 92, 32-37.
- DIÉGUEZ, Lois ([1968] 1993). *Cancións pra un agromar branco i azul. Val de Lemos (colección de poesía galega)*. A Coruña: Espiral Maior, 15-25.

- DO GRIS AO VIOLETA. [En liña] [02/11/2021]. <<https://www.dogrisaovioleta.gal/o-proxecto/>>.
- EIRÉ, Afonso (2018). *Memorias dunha vaca marea*. A Coruña: Hércules Ediciones.
- ESTÉVEZ SAA, Margarita; LORENZO-MODIA, María Jesús (2019). «The Ethics and Aesthetics of Eco-caring Contemporary Debats of Ecofeminism(s)». *Women's Studies: An interdisciplinary journal*. DOI <http://doi.org/10.1080/00497878.2018.1425509>.
- FERNÁNDEZ NAVAL, Francisco Xosé; VILLAR, Miro (ed.). *Versos no Olimpo: O monte Pindo na poesía galega*. Noia: Toxosoutos.
- FERNÁNDEZ PRIETO, Lourenzo (2000). *Terra e progreso*. Vigo: Xerais.
- FLYS JUNQUERA, Carmen; MARRERO HENRÍQUEZ, José Manuel; BARELLA VIGAL, Julia (2010). «Ecocríticas: el lugar y la naturaleza como categorías de análisis literario». Carmen Flys Junquera; José Manuel Marrero Henríquez; Julia Barella Vigal (ed.). *Ecocríticas: Literatura y medio ambiente*. Madrid: Iberoamericana/Vervuert, 15-25.
- FLYS JUNQUERA, Carmen (2015). «Ecocrítica y ecofeminismo: diálogo entre la filosofía y la crítica literaria». Alicia H. Puleo (ed). *Ecología y género en diálogo interdisciplinar*. Madrid: Plaza y Valdés editores, 307-320.
- FORCADELA, Manuel (2003). «Épica de piche». *Alma de beiramar: A Asociación de Escritores en Lingua Galega contra a marea negra*. Vigo: Asociación de Escritores en Lingua Galega / A Nosa Terra, 67-68. [A composición viu a luz tamén en *Negra sombra: Intervención contra a marea negra*. Vigo: Federación de Libreiros de Galicia, Espiral Maior e Xerais, 81-82; e en *Sempre-Mar*. Santiago: Asociación Cultural Benito Soto, 121-122].
- FREIRE CEDEIRA, Araceli (2021). «Baldaio en loita. Recuperación do patrimonio natural colectivo (1948-1991)». Francisco J. Leira-Castiñeira; Miguel Cabo (ed.). *A xustiza pola man: Violencia e conflitividade na Galicia contemporánea*. Vigo: Xerais, 271-296.
- GAARD, Greta (ed.) (1993). *Ecofeminism: Women, Animals, Nature*. Philadelphia: Temple.
- GARCÍA, Xosé Lois (2013). *Remitencias*. Guitiriz: Asociación Cultural Xermolos de Guitiriz.
- GARCÍA-BODAÑO, Salvador (2003). «Crónica negra». *Negra sombra: Intervención contra a marea negra*. Vigo: Federación de Libreiros de Galicia, Espiral Maior e Xerais, 87-88.
- GLOTFELTY, C. (1996). «Literary Studies in an Age of environmental crisis». C. Glotfelty; H. Fromm. *The Ecocriticism Reader. Landmarks in Literary Ecology*. Athens: University of Georgia Press, xv-xxxvii.

- GÓMEZ, Lupe (2003). «O mar é unha muller triste». *Negra sombra: Intervención contra a marea negra*. Vigo: Federación de Libreiros de Galicia, Espiral Maior e Xerais, 91-92.
- GONZÁLEZ FIGUEIRAS, Raquel (2017). «Progreso». Xosé Lois García (ed.). *Ecos dos poetas de Chantada (miscelánea de poemas do século XII ao XXI)*. Santiago de Compostela: Edizer, 128.
- GONZÁLEZ PÉREZ, Jesús M. (2015). «O proceso recente de urbanización (século XIX-XXI): Da cidade compacta da industrialización á cidade difusa da metropolitanización». Rubén C. Lois; D. Pino (ed.). *A Galicia urbana*. Vigo: Xerais, 15-43.
- GRUPO DOS COMÚNS (2006). *Montes veciñais en man común: o patrimonio silente. Natureza, economía, identidade e democracia na Galicia rural*. Vigo: Xerais.
- GURRIARÁN, Ricardo (ed.). *Do «Gaudemus igitur» ao «Venceremos nós»: As mobilizacions estudantís do 68 en Compostela*. Santiago de Compostela: Fundación 10 de Marzo.
- IGLESIAS, Xosé. LOITAjjjjj. [En liña] [11/2/2022]. <[https://www.youtube.com/watch?v=ar\\_TMT97yTw](https://www.youtube.com/watch?v=ar_TMT97yTw)>.
- IGLESIAS TURNES, Manuel (2016). *Que non te aten*. Vigo: Xerais.
- IN NAVE CIVITAS. [En liña] [02/11/2021]. <<http://innavecivitaslugris.blogspot.com/p/colectivo-literario-in-nave-civitas.html>>
- LANERO, Daniel (2013). «Entre dictadura y democracia: La conflictividad socioambiental en las Rías Baixas (1959-1980)». Daniel Lanero (ed.). *Por surcos y calles: Movilización social e identidades en Galicia y País Vasco (1968-1980)*. Madrid: Catarata, 139-172.
- LANERO, Daniel; CABANA, Ana (2021). «A “folga do leite” (1978): Un conflito agrario nos tempos da transición». Francisco J. Leira-Castiñeira; Miguel Cabo (ed.). *A xustiza pola man: Violencia e conflitividade na Galicia contemporánea*. Vigo: Xerais, 242-270.
- LEGLER, G. T. (1997). «Ecofeminist Literary Criticism». K. Warren (ed.). *Ecofeminism: Women, Culture, Nature*. Bloomington: Indiana University Press, 227-238.
- LINHEIRA, Jorge (2018). *La cultura como reserva india: Treinta y seis años de políticas culturales en Galicia*. Madrid: libros.com.
- LISTA, Suso (2014). *Salseiros*. Ferrol: Embora.
- LOIS, Rubén; PINO, Daniel (2015). *A Galicia urbana*. Vigo: Xerais.
- LÓPEZ CARREIRA, Anselmo (2014). *O Miño: Un caudal de historia*. Vigo: Xerais.

- LÓPEZ PÉREZ, Emilio (2012). *A Terra sabe a loita: Testemuño de rebeldía labrega*. Santiago de Compostela: Fundación Bautista Álvarez de Estudos Nacionalistas.
- LORENZO, Carlos; RAMOS, Baldo (2020). *No interior do abandono*. A Corunha: figurandorecuerdos ediçons.
- LORENZO, Carlos; RAMOS, Baldo. *No interior do abandono*. [En liña] [11/2/2022]. <<https://vimeo.com/444400200>>.
- MARTÍNEZ CARNEIRO, Xosé Luís (coord.) (2000). *Antela. A memoria asulagada*. Vigo: Xerais.
- MÉNDEZ FERRÍN, Xosé Luís (2012). *Nós, Galiñeiro*. Gondomar: Instituto de Estudos Miñoranos.
- MIES, Maria; SHIVA, Vandana ([2014] 2015). *Ecofeminismo. Teoría, crítica y perspectivas*. Barcelona: Icaria.
- MORENO, María Victoria (1973). *Os novísimos da poesía galega/Los novísimos de la poesía gallega*. Madrid: Akal.
- Novo, Olga (2018). «Zona tigre». *Alguén que respira: I Festival de Poesía para Corpo Principal*. Santiago de Compostela: Concello, 16-18.
- Novo, Olga (2018). «Meu pai, un tigre, unha pedra e un peite psicopombo». *Luzes* 03/10/2018. [En liña] [04/10/2018]. <<https://luzes.gal/03/10/2018/opinion/meu-pai-un-tigre-unha-pedra-e-un-peite-psicopombo/>>
- NEGRO, Carlos (2001). *Far-West*. Vigo: Xerais.
- NEGRO, Carlos (2008). *Cultivos transxénicos*. Gondomar: Instituto de Estudos Miñoranos.
- NOGUEIRA PEREIRA, María Xesús (2022). «Negar o azul. A poesía do Prestige na literatura galega». *Madrygal*, 25, en prensa.
- OTERO, Antía (2003). *O son da xordeira*. A Coruña: Espiral Maior.
- PACHECO, Alexandra (2021). «Xosé Antón Bocixa Rei, loita e rock and roll no val das Encrugas». *Luzes*, 92, 80-85.
- PATIÑO, Reimundo (1999). *Reimundo Patiño: «A explosión dun mundo»*. Santiago de Compostela: Auditorio de Galicia.
- PATO, Chus (1996). *Nínive*. Vigo: Xerais.
- PATO, Chus (2020). «Os sons dun silabario – O son dunha palabra que nunca escoitei – o son do Stalker». *euseino.org. Libros e anotacións sobre literatura e filosofía*. [En liña] [11/2/2022]. <<https://euseino.org/2020/05/18/un-poema-inedito-de-chus-pato/>>.
- PATO, Chus (2021). «Recital comentado, Sonora y la voz de mujer poetisa». Vigo: Universidade de Vigo, UvigoTv. [En liña] [11/2/2022]. <<https://tv.uvi go.es/video/61e0193ba33c0622b257ff88.>>.

- PAÜL CARRIL, Valerià (2015). «Que espazos rurais nun país urbano? Dúas aproximacións xeográficas ao rural galego». Rubén C. Lois; Daniel Pino (ed.). *A Galicia urbana*. Vigo: Xerais, 693-714.
- PEDROSA BARTOLOMÉ, José Manuel (2010). «Ecomitoloxías». Carmen Flys Junquera; José Manuel Marrero Henríquez; Julia Barella Vigal (ed.). *Ecocríticas: Literatura y medio ambiente*. Madrid: Iberoamericana/Vervuert, 313-337.
- PEREIRAS, Xesús (2003). «Tributos á besta negra». *Negra sombra: Intervención contra a marea negra*. Vigo: Federación de Libreiros de Galicia, Espiral Maior e Xerais, 150.
- PÉREZ ALBERTI, A. (2000). «Polo regueiro da barca cara a porta do mar». Xosé Luís Martínez Carneiro (coord.). *Antela: A memoria asolagada*. 2ª ed. Vigo: Xerais, 10-19.
- PÉREZ REI, Mariña (2006). *Famerógama*. Sada-A Coruña: Ediciós do Castro.
- PIPAS, Manolo (2016). «Polas aldeas abandonadas». Vicente Ansola. *Aldeas sen voz*. Coruña: Editorial Canela, 72-74.
- PULEO, Alicia (2000). «Luces y sombras del ecofeminismo». *Asparkía. Investigació Feminista*, 11, 36-45.
- PULEO, Alicia H. ([2011] 2013). *Ecofeminismo para otro mundo posible*. 2ª ed. Madrid: Cátedra.
- QUEIZÁN, María Xosé (2003). «¡Como nos doe a ferida do mar!». *Negra sombra: Intervención contra a marea negra*. Vigo: Federación de Libreiros de Galicia, Espiral Maior e Xerais, 157-158.
- RAMIRO, Teresa (2019). *Fundido a negro*. Malpica: Caldeirón.
- REGUERA, Arturo (2016). *Castrelo de Miño: loita, represión, espolio, desastre ecológico, desastre humano*. 2ª ed. Revisada. Santiago de Compostela: Meubook.
- REI NÚÑEZ, Luís (2013). *Días que non foron*. Vigo: Xerais.
- REI NÚÑEZ, Luís (2014). *Estrela do norte*. Pontevedra: Kalandraka.
- REIMÓNDEZ, María (2018). *Galicia en bus*. Vigo: Xerais.
[...] o regionalismo freyreano era um regionalismo de tipo novo, fruto da reorganização dos saberes, operada pela emergência da formação discursiva nacional popular. Seu regionalismo não é mera justificativa ideológica de um lugar social ameaçado, e sim uma nova forma de ver, de conhecer e de dizer a realidade, só possível com a emergência da nação, como o grande problema a ser respondido (1999: 101).

Se, por um lado, o tradicionalismo e o caráter de classe são inegáveis no discurso ambiental de Freyre, marcado pela «retórica da saudade» do *mundo que o português criou*, por outro, ele soube captar os efeitos perversos da modernização excludente e devastadora que a moderna agricultura comercial implicou. Fenômeno que continua atual no Brasil contemporâneo, pois quanto mais «moderno» e «norte-americano» o país fica, poder-se-ia dizer, freyeanamente, maior é a devastação social

e ambiental, agora não apenas pela cana-de-açúcar, mas também pela criação de gado e pela produção de soja em escala infinitamente maior do que aquela denunciada por Gilberto Freyre nos anos 1930.

## REFERÊNCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Iº CONGRESO Regionalista do Nordeste (1926). *A Província*, 33.
- ALBUQUERQUE JUNIOR, Durval Muniz de (1999). *A invenção do Nordeste e outras artes*. São Paulo: Cortez Editora.
- ARAÚJO, Ricardo Benzaquen de (1994). *Guerra e paz: Casa-grande & Senzala e a obra de Gilberto Freyre nos anos 30*. São Paulo: Editora 34.
- AZEVEDO, Neroaldo P. (1984). *Modernismo e Regionalismo: Os anos 20 em Pernambuco*. João Pessoa: Secretaria de Educação e Cultura da Paraíba.
- BASTOS, Élide Rugai (2003). *Gilberto Freyre e o pensamento hispânico: entre Dom Quixote e o Alonso El Bueno*. Bauru: Edusc.
- BASTOS, Élide Rugai (2006). *As criaturas de Prometeu: Gilberto Freyre e a formação da sociedade brasileira*. São Paulo: Global.
- CHACÓN, Vamireh (1993). *Gilberto Freyre, uma biografia intelectual*. Recife; São Paulo: Editora Massangana; Companhia Editora Nacional.
- COSTA LIMA, Maria Lucia Ferreira da (1998). «A reserva da Biosfera da Mata Atlântica em Pernambuco: situação atual, ações e perspectivas». *Cadernos da Reserva da Biosfera*, 12.
- D'ANDREA, Moema Selma (1992). *Tradição re(des)coberta: Gilberto Freyre e a literatura modernista*. Campinas: Editora da Unicamp.
- DUARTE, Regina Horta (2005) «Com açúcar, com afeto: impressões do Brasil em Nordeste de Gilberto Freyre». *Tempo*, 10, 19.
- DIMAS, Antônio (2011). «Gilberto Freyre e Fidelino de Figueiredo». *Navegações*, 4, 2.
- EISENBERG, Peter (1974). *The Sugar Industry in Pernambuco: modernization without change, 1840-1910*. Berkeley: University of California Press.
- FREIRE, Gilberto ([1923] 1964). «Jardins para os trópicos». Gilberto Freyre. *Retalhos de Jornais Velhos*. Rio de Janeiro: José Olympio Editora.
- FREIRE, Gilberto (1924). «O Recife e as Árvores». Recife: Diário de Pernambuco.
- FREIRE, Gilberto ([1925] 1964). «A propósito da devastação das nossas matas». Gilberto Freyre. *Retalhos de Jornais Velhos*. Rio de Janeiro: José Olympio Editora.

- FREIRE, Gilberto ([1925] 1979) (Org.). *Livro do Nordeste*. Recife: Secretaria da Justiça/Arquivo Público Estadual.
- FREIRE, Gilberto (1926). «Nordeste Separatista?». *Diário de Pernambuco*, 71.
- FREIRE, Gilberto (1936). *Casa-grande & Senzala*. Rio de Janeiro: Editora Schmidt.
- FREIRE, Gilberto ([1936] 1990). *Sobrados e Mucambos*. Rio de Janeiro: Record.
- FREIRE, Gilberto (1937). *Nordeste: aspectos da paisagem da cana sobre a vida e a paisagem do Nordeste do Brasil*. Rio de Janeiro: José Olympio Editora.
- FREIRE, Gilberto (1955). *Manifesto Regionalista de 1926*. Rio de Janeiro: Ministério da Educação e Cultura: Os Cadernos de Cultura.
- FREIRE, Gilberto (1975). *Tempo morto e outros tempos: trechos de um diário de adolescência e primeira mocidade*. Rio de Janeiro: José Olympio Editora.
- FREIRE, Gilberto (2006). *Casa-grande & Senzala: formação da família brasileira sob o regime da economia patriarcal*. São Paulo: Global.
- FROEHLICH, José Marcos (2000). «Gilberto Freyre, a história ambiental e a rurbanização». *História Ciências Saúde – Manguinhos*, 8, 2.
- GANIVET, Ángel (1898). *Idearium Español*. Granada: Tip. lit. vda. e hijos de Sabater.
- GIUCCI, Guillermo (2000). «Casa-grande & Senzala. História da recepção». *Remate de Males*, 20, 1.
- GONZÁLEZ-VELASCO, Pablo (2021). *Gilberto Freyre y España: la constante iberista en su vida y obra*. Programa de Doctorado en Ciencias Sociales – Línea Antropología. Universidad de Salamanca.
- LARRETA, Enrique Rodriguez; GIUCCI, Guillermo (2007). *Gilberto Freyre, uma biografia cultural: a formação de um intelectual brasileiro (1900-1936)*. Rio de Janeiro: Civilização Brasileira.
- OLIVEIRA, Lucia Lippi (2011). «Gilberto Freyre e a valorização da província». *Revista Sociedade e Estado*, 26, 1.
- PALLARES-BURKE, Maria Lúcia (2005). *Gilberto Freyre: um vitoriano nos trópicos*. São Paulo: Editora Unesp.
- REZENDE, Antonio Paulo (1997). *(Des)Encantos modernos: histórias da cidade do Recife na década de vinte*. Recife: Fundarpe.
- ROGERS, Thomas D. (2017). *As feridas mais profundas: uma história do trabalho e do ambiente do açúcar no Nordeste do Brasil*. São Paulo: Editora Unesp.
- SANTOS, Ana Carolina Vila Ramos dos (2010). «Ecologias em disputas: a Ecologia de Gilberto Freyre e a Ecologia Humana da Escola de Chicago (1930-1940)». *Revista Urutáguia*, 21.

- SCHNEIDER, Alberto Luiz (2012). «Iberismo e luso-tropicalismo na obra de Gilberto Freyre». *História da Historiografia*, 1, 75-93.
- SCHNEIDER, Alberto Luiz (2013). «Charles Boxer (contra Gilberto Freyre): raça e racismo no Império Português ou a erudição histórica contra o regime salazarista». *Estudos Históricos*, 26, 253-273.
- SCHNEIDER, Alberto Luiz (2020). «Iberismo, tradição e mestiçagem: a defesa do Nordeste brasileiro antigo no primeiro Gilberto Freyre (1920-1940)». *Revista de Estudios Brasileños*, 7, 169-185.
- VENANCIO, Giselle Martins; FURTADO, André (2020). *Mestiça científicidade: três leitores franceses de Gilberto Freyre e a sua máxima consagração no exterior*. Niterói: Eduff.



Copyright © 2022. This document is under a Creative Commons Attribution-Noncommercial-No Derivative Works 3.0 Unported License. To see a copy of this license click here <http://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/3.0/legalcode>.

# ARTE/EDUCACIÓN. EXPERIENCIAS RELACIONAIS NA EDUCACIÓN ARTÍSTICA

NATALIA PONCELA LÓPEZ

Universidade de Vigo

**RESUMO:** O presente texto indaga, desde o contexto actual, nalgúns dos posibles modos de mediación entre os conceptos de arte e educación. Por unha parte, analizamos os modos nos que se ten cristalizado, na última década, o denominado «xiro educativo» (Rogoff 2008) e seu impacto nas institucións museísticas. Por outra, colocamos o foco no uso dos termos *ArtEducación* e *arteducadora* reunindo algúnsas experiencias significativas, desde o eido artístico e no marco da crítica institucional, entendendo a mediación como exercicio de intercambio experiencial. Enúncianse tamén proxectos desenvolvidos desde o marco educativo regrado, escollendo propostas educativas relacionadas coa formación de formadores. Tívérionse en conta aquelas iniciativas desenvolvidas no contexto europeo e internacional dos últimos quince anos, un contexto definido polas transformacións das relacóns de saber e poder nos espazos tradicionais da arte, nomeadamente naqueñas prácticas artísticas que incorporaron prácticas educativas, pedagogías críticas e poscoloniais como foron a Documenta 12 (2007) ou 6<sup>a</sup> Bienal do Mercosul (2010).

**PALABRAS-CHAVE:** arte; educación; ArtEducación; arteducadora; mediación; arte colaborativo; activismo; xénero; procesos de coñecemento; creatividade.

## ART/EDUCACIÓ. EXPERIÈNCIES RELACIONALS EN L'EDUCACIÓ ARTÍSTICA

**RESUM:** El present text indaga, des del context actual, en alguns dels possibles modes de mediació entre els conceptes d'art i educació. D'una banda, analitzem les formes en què ha cristal·litzat, a la darrera dècada, el denominat «gir educatiu» (Rogoff 2008) i el seu impacte en les institucions museístiques. De l'altra, posem el focus en l'ús dels termes «ArtEducació» i «arteducador» aplegant algunes experiències significatives, des del camp artístic i en el marc de la crítica institucional, que entenen la mediació com un exercici d'intercanvi experiencial. S'enuncien també projectes desenvolupats des del marc educatiu reglat, amb propostes educatives relacionades amb la formació de formadors. S'han tingut en compte les iniciatives desenvolupades en el context europeu i internacional en els darrers quinze anys, un context definit per les transformacions de les relacions de saber i poder en els

espais tradicionals de l'art, sobretot les experiències artístiques que van incorporar pràctiques educatives i pedagogies crítiques i postcolonials, com ara la Documenta 12 (2007) o la 6a Biennal del Mercosur (2010).

**PARAULES CLAU:** art; educació; ArtEducació; arteducador; mediació; art col·laboratiu; activisme; gènere; processos de coneixement; creativitat.

#### ART/EDUCATION. RELATIONAL EXPERIENCES IN ARTS EDUCATION

**ABSTRACT:** From the current context, the present text investigates some of the possible modes of mediation between the concepts of Art and Education. On the one hand, we analyze the ways in which the so-called “educational turn” has crystallized in the last decade (Rogoff, 2008) and its impact on museum institutions. On the other hand, we place the focus on the use of the terms ‘Art Education’ and ‘Art Educator’ bringing together some significant experiences, from the artistic field and in the framework of institutional criticism, understanding mediation as an exercise in experiential exchange. Projects developed from the regulated education are also presented, choosing educational proposals related to the training of trainers. This analysis is focused on initiatives developed in the European and international context over the last fifteen years, a context defined by the transformations of knowledge and power relations in the traditional spaces of art. Namely in those artistic practices that incorporate educational practices, critical and postcolonial pedagogies, such as Documenta 12 (2007) or 6<sup>a</sup> Biennial of Mercosur (2010).

**KEYWORDS:** art; education; ArtEducation; art educator; mediation; collaborative art; activism; gender; knowledge processes; creativity.

#### ARTE/EDUCACIÓN

Nos últimos anos están a xurdir iniciativas integradas por diversos axentes (artistas, educadoras, investigadoras, mediadoras e outras profesionais) que poñen en relación dous eidos do coñecemento: arte e educación. A diferente natureza dos sistemas estruturais deste binomio non facilita manter unhas vías establecidas relacionais, alén dalgunhas propostas concretas e desenvoltas desde departamentos de mediación de institucións artísticas (dos denominados departamentos de actividades, acción cultural ou gabinetes de educación ou pedagógicos).

Asumimos o eido da arte entendéndo desde unha definición ampla do concepto de práctica artística, dos compoñentes que forman par-

te do mesmo, das prácticas relacionais que o vinculan co social e aceptamos os valores, tanto persoais como colectivos, que fornecen o diálogo co tecido social e cultural. Temos presentes os modos nos que desde o eido artístico se formulan achegamentos á pedagoxía, as metodoloxías propias do eido educativo que, desde as propias institucións artísticas e desde os seus proxectos curatoriais, aparecen como ferramentas mediais, dentro das súas programacións de actividades.

Daquela, reparamos no renomeado ‘xiro educativo’ para designar aquelas apropiacións metodolóxicas e aqueles procesos próximos á pedagoxía nos que o museo parece amosarse como un lugar posíbel para ese encontro entre arte e educación, onde asemade emerxen diferentes contradicións e problemáticas.

¿Estamos hablando de leer un sistema —uno pedagógico— a través de otro sistema —uno de exposición, de exhibición y de manifestación— para que se aproximen el uno al otro de manera que puedan abrirse a nuevas formas de ser? O, por el contrario, ¿estamos hablando de un movimiento activo —un movimiento generativo de cuyo proceso surge un nuevo horizonte— dejando atrás la práctica que fue su punto de partida? [...] ¿Hasta qué punto puede verse la consolidación de un «giro» en una serie de tropos genéricos o estilísticos, como capaz de resolver las urgencias que lo avalaron en un primer momento? En otras palabras, ¿un «giro educacional en el arte» trata sobre la educación, o sobre el arte, cuando se discuten los puntos en los que el arte necesita ser reorganizada y acomodada con urgencia? (Rogoff 2011: 254).

Que elemento colocamos no foco? Arte? Educación? Todas estas cuestións que formulaba, pertinenteamente, Irit Rogoff sitúan a atención na reformulación de conceptos como «producción de coñecemento» ou «educación». Se ben é certo, e non o podemos esquecer, que desde o eido artístico contemporáneo, a mediación focalizada cara a estratexias pedagóxicas parece marcar discursos lexitimadores desta, ao tempo que amplía os seus modos de circulación, mesmo, as súas audiencias:

La educación se usa aquí como modelo operativo para conectar la producción artística y su mediación institucional con audiencias más amplias. [...] Sin embargo, y paradójicamente, esta reclamación de lo pedagógico va acompañada de una descalificación de la educación que procede, en el fondo, de un desconocimiento de los referentes teóricos y prácticos de ésta como campo de saber. Así los contextos educativos como la escuela o la universidad (y de paso también los departamentos educativos de los museos) son acusados de ser reproductivos, jerárquicos y disciplinarios (Sánchez de Serdio 2014: 2).

Deste modo Aida Sánchez de Serdio sinala estas cuestións críticas na relación entre arte e educación, sen esquecer as posibilidades transformadoras dos procesos pedagógicos inseridos nas prácticas artísticas contemporáneas. Así, van xurdir conceptos como «educación expandida» ou «redes educativas»:

La cuestión educativa en la producción cultural es un elemento de debate que ha emergido desde hace poco en diferentes contextos y reflexiones sobre el campo actual contemporáneo, tanto teóricos como prácticos. Esta emergencia nos indica que la dimensión educativa entra de lleno también en las prácticas artísticas en nuestros días, no como un elemento complementario o práctica secundaria, sino como una clave de la producción del conocimiento y del trabajo de las políticas culturales (Rodríguez 2009: 249).

Ao abeiro destas ideas de emerxencia, xorde a necesidade de repensar o concepto de coñecemento dentro da educación artística:

Pensamos o conhecimento, hoje, na sua fluidez, contrariando visões estáticas e hierárquicas, relacionando áreas de saber e maneiras de conectar. Procuramos caminhos que nos libertem da hegemonía redutora do acceso ao conhecimento com um fim económico. Sentimos que o conhecimento de que necessitamos é construído através da participação de todos numa procura colaborativa onde cada elemento da comunidade tem um papel

importante. Sentimos que cada vez mais é necessário pensar alternativas democráticas para podermos plenamente construir o conhecimento a partir de práticas criativas e participativas. Se entendermos o conhecimento como uma procura, como percursos com possibilidades infinitas, temos que rever também como estamos a entender os campos da educação, cultura e participação (Torres de Eça 2018: 45).

Dentro do eido educativo museístico e da mediación educativa crítica obsérvase a existencia dunha atención cara ao pedagóxico. Este virar cara á educación resulta significativo porque artistas, equipos curatoriais e educativos parecen encamiñarse cara a unha institución crítica. María Acaso (xefa da Área de Educación do Museo Reina Sofía, durante anos docente e investigadora na Facultade de Belas Artes na Universidade Autónoma de Madrid e socia fundadora de Pedagogías Invisibles) entende que o eido da mediación no campo museal modificouse nesta última década:

De un área profesional invisible en la que la precarización, lo subalterno y las metodologías de transmisión de corte tradicional se mantenían encerradas en la cotidianidad de las vidas de las mediadoras (un plural femenino que ya no hace falta justificar), ha pasado a ser un área profesional visible en la que todas sus principales problemáticas han sido desveladas (Acaso 2018: 7).

Para Acaso, unha vez que asumimos a evidencia deste «xiro educativo» cabe preguntarnos como educadoras, artistas ou investigadoras: Que podemos facer agora? Cara a que dirección é preciso traballar desde esta «recén estreada visibilidade» que temos as mediadoras? Cales son as perspectivas que se poden abrir? E, nomeadamente, como cambiar o paradigma no que a educación se atopa ancorada e conectar coa realidade social, «transformando o museo de meta en micronarrativa?» (Acaso 2011: 31). Esta investigadora incide no modo en que nestes últimos anos se multiplicaron os proxectos desde as institucións artísticas que atendían a interacción entre arte e pedagogía:

En septiembre de 2010 tuvo lugar en Manhattan la muestra Rethinking School, organizada por el colectivo artístico-pedagógico Redu ([www.letsredu.com](http://www.letsredu.com)). La innovación que esta exposición planteaba era que su formato expositivo no se realizó en un centro de arte, ni en un museo, ni en una galería: se realizó en una escuela de secundaria. Esta novedad conectaba con la selección que hizo el MoMA hace unos años para el emplazamiento de su nuevo centro de arte emergente PS1 (Public School 1), ya que también seleccionó una escuela para su ubicación y, al respetar la configuración visual del edificio como centro docente, el espectador tenía la sensación de estar entrando en el colegio donde pasó su infancia y adolescencia (2011: 30).

Para Carmen Mörsch, directora do IAE (Institute for Art Education) da Universidade das Artes de Zúrich (Suíza), asesora e investigadora xefa do programa de educación da Documenta 12, ese xiro educativo, esta ollada cara ao pedagóxico, está relacionada cunha crítica á economización da educación, á formación artística e á producción institucionalizada de coñecementos dentro do marco neoliberal das sociedades occidentais e das súas institucións educativas. E é aí, nesa toma de posición, onde atopamos as súas achegas na Documenta 12<sup>1</sup> (Kassel, 2007): nas aproximacións do eido artístico ao eido educacional. Fóra do seu programa curatorial, asinado por Roger M. Buergel, reparamos no programa educacional, dirixido por Carmen Mörsch e recollido na publicación *Documenta 12. Education*: dous volumes que reúnen as metodoloxías de investigación-acción empregadas nos programas públicos deste evento amosando os resultados dun proxecto de investigación.

<sup>1</sup> Xunto a esta experiencia da Documenta 12 (2007) podemos salientar a 29<sup>a</sup> Bienal de São Paulo (2010), a 6<sup>a</sup> Bienal do Mercosul (2010) ou a Manifesta 8 (2010) que desenvolveron proxectos pedagógicos nunha posición central dentro da súa programación. Nomeadamente na 6<sup>a</sup> Bienal do Mercosur, con Luis Camnitzer como comisario pedagógico, onde o pedagóxico entendíase como o central. Como exemplo diso, programouse unha actividade onde era o público o que mediaba co público ante as obras expostas.

Tratábase dun programa que pretendía facer participe ao público, abrindo as institucións museísticas á sociedade, creando un consello social formado por veciñanza da cidade de Kassel que programaba actividades. Así tamén, desde esta publicación realizase unha diagnose dos departamentos de educación das institucións culturais, definíndose catro tipos, catro modelos que poden aparecer combinados ou simultáneos. O primeiro deles, o modelo afirmativo no que arte se entende como un dominio especializado que atinxe, nomeadamente, a un público «experto». O segundo discurso dominante é o reprodutivo:

La educación en museos y mediación asume la función de educar al público del mañana y, en el caso de las personas que no vienen por su propia voluntad, asume la función de encontrar maneras de introducirlos al arte (Mörsch 2014: 14).

A seguir, describense dous modelos, pouco habituais, que comparten unha compresión autocrítica da educación: o modelo deconstrutivo e o transformativo. O primeiro está estreitamente relacionado coa museoloxía crítica, onde o obxectivo da educación nos museos é examinar, criticamente e xunto aos públicos, o museo e a arte, así como os seus procesos educativos e canónicos. No segundo, a educación en museos e a mediación educativa cumpren a tarefa de expandir a institución expositiva e posicionala políticamente, «como un actor de cambio social» (2014: 14).

Todo este proxecto, asinado por Carmen Mörsch e o seu equipo de investigación, amosa unha proposta con vontade de «educar a institución», xa que esta educación en museos é, nomeadamente, mediación cara a dentro da institución:

Practicar una educación en museos y mediación educativa con una postura crítica significaría también contradecir lo ya sabido, los relatos, las promesas y las formas de legitimación dominantes de la misma educación. Y sacar a la luz las relaciones de fuerza que habitan en estos relatos, promesas y modos de legitimación (2014: 14).

Mapeando algúns posibles modos de indagar criticamente as tradicións das propias institucións, observamos como se formularon posibles construcións de procesos de aprendizaxe colectiva, xurdindo así outras iniciativas dentro de institucións museísticas, como é caso do Museo Reina Sofía (Madrid).

Baixo estas liñas de investigación abertas enténdense proxectos como *Gira* (desde 2019) que puxo en marcha *El museo de los vínculos*, coordinado por María Acaso e inspirado polas ideas da teórica arxentina Rita Segato e en consonancia co marco de *Repensar el Museo*, do Departamento de Actividades Públicas do Museo Reina Sofía coordinado por Ana Longoni.

*El museo de los vínculos* presentouse desde tres eixos. O primeiro deles, a xeración de comunidades de longa duración coa consolidación de seis equipos que traballaron no Museo durante nove meses: equipo15-17 e equipo18-21 (nesa franxa de idade), equipoFam (familias), equipoM (maiores), equipoPro (profesores) e equipoColección (público xeral adulto). O segundo, o uso da arte contemporánea como metodoloxía, non só como contido. E o terceiro, a comprensión do traballo en educación como unha producción cultural crítica, autónoma e autónoma xeradora de coñecemento, enlazando coa proposta de Mörsch.

Paralelamente, o Museo Reina Sofía abriu unha colección editorial, «Desaprender», composta por unha serie de publicacións ao redor da problematización crítica das prácticas educativas deste museo relacionadas con proxectos que desenvolve no contexto da educación artística e a mediación co obxectivo de impulsar a reflexión, os procesos arquívistivos e a investigación non académica.

Interésanos o modo en que se marca ese interese pola investigación non académica porque, deste modo, insírense prácticas experienciais fóra da academia. Nas experiencias artísticas nomeadas con anterioridade atopamos reclamacións da pedagogía desde propostas curatoriais institucionais, algunas desde os focos do sistema artístico (bienais e eventos artísticos) mais tamén desde prácticas artísticas colaborativas, centradas nos contextos sociais que subliñan a capacidade transformadora da práctica artística a través da experiencia persoal.

Dentro desa liña xa pudemos confirmar outras experiencias anteriores como *Lesson o*, do Colectivo Azotea, e *Pedagogías de Fricción*,<sup>2</sup> desenvolvidas na Fundació Joan Miró (Barcelona, 2014-15) nun ciclo expositivo dentro Espai 13, centrada en procesos nos que a transmisión de coñecemento artístico sucedía por canais non regrados, empregando métodos heteroxéneos ou localizándose en espazos que propiciaban novos modos relacionais, diferentes do tradicional «docente-estudante» que colocaban o museo en relación coa escola e a universidade pero tamén con outros contextos de educación non formal e outros colectivos:

Más allá de desarrollar un ciclo expositivo que trabajara solo desde la representación de ciertas cuestiones en torno a la educación artística, teníamos la voluntad explícita de activar las ideas que los artistas trabajaban en los contextos pedagógicos de la ciudad. De ahí la decisión de estructurar el programa en cuatro propuestas expositivas y un programa de mediación pedagógica llamado Pedagogías de Fricción, que funcionara de forma autónoma y en diálogo con los demás implicados (Colectivo Azotea et al. 2016).

Con esas propostas o Espai 13 transformouse nunha aula, organizándose un curso para profesorado con sesións abertas ao público; nun espazo de análise procesual sobre a formación artística e sobre as metodoloxías propias da educación nos museos, mais tamén nun espazo de experiencias, de autoaprendizaxe.

## ARTEDUCACIÓN. Á PROCURA DE NOVAS EXPERIENCIAS RELACIONAIS

O xermolo destas relacións mediais entre arte e educación procede da investigación das ciencias da educación. Asumindo a educación artística

<sup>2</sup> Este texto está asinado por Colectivo Azotea (Juan Canela e Ane Aguirre) e Pedagogías de Fricción programa de actividades coordinado por Aida Sánchez de Serdio e Cristian Año (Sinapsis).

ca como unha formación integral persoal, como un desenvolvemento das súas habilidades cognitivas, expresivas e relacionais, atopamos o traballo de artistas, educadoras e mediadoras:

Documentar experiencias pedagógicas a través da indagación artístico-narrativa de prácticas e discursos por parte dos docentes habilita a comunicación e circulación de ideas, coñecementos, innovacións e proxectos que os interpelan na súa profesionalidade e no seu protagonismo como actores centrais da historia pedagógica das escolas (Agra 2013: 19).

Ao analizar proxectos onde aparecen estes dous termos, arte e educación, interrelacionados e incluídos en diferentes textos de educadoras e mediadoras artísticas constatamos como se incorporan, nos últimos anos, novos termos: *arteducadoras* e *ArtEducación*.

Deste modo, o Consello da Cultura Galega (Santiago de Compostela) organiza o encontro *Arte+Educación*, que conta cunha publicación (Poncela (ed), 2018) onde participan entre outras profesionais, Andrea de Pascual, Cristina Trigo e Teresa Torres de Eça.

En *Arte+Educación: espacios de transformación* Andrea de Pascual, pedagoga e cofundadora de Pedagogías Invisibles, revisa parte do seu traballo desenvolvido desde Pedagogías Invisibles definindo esta asociación como un colectivo que traballa no campo da arte+educación, considerando a suma destas dúas disciplinas como un espazo de transgresión na procura dun novo paradigma educativo «crítico, transdisciplinar, disruptivo, activista, interxeracional e inclusivo». As propostas deste colectivo foron proxectos de investigación centrados nas experiencias transformadoras a través da arte, tendo como estratexia os procesos creativos, e sinalando a educación como o seu contexto:

El espacio del arte+educación es un espacio multi-inter-trans disciplinar y trabajar desde estas perspectivas significa reflexionar sobre la misma naturaleza de la organización y uso del conocimiento humano. «Lo multi» hace referencia a la unión de varias disciplinas para que cada una aporte su mirada específica enriqueciendo los resultados. En «lo inter», estrategias y herramientas de una disciplina se transfieren a otra ampliando la ca-

pacidad de visión de esta última. En «lo trans» se hace énfasis en lo que está entre las disciplinas, en lo que las atraviesa a todas, y en lo que está más allá de ellas (Pascual 2018: 15).

Nese espazo transdisciplinar e híbrido agroma a figura da arteduadora, que racha coa bipolaridade estereotípica existente entre artistas e educadoras:

La arteducadora es una intelectual que trabaja en la intersección entre lo artístico y lo educativo y donde ambas esferas se diluyen hasta borrar las fronteras de su definición. Una profesional que defiende el arte como un proceso pedagógico y la pedagogía como un proceso artístico. [...] ¿Por qué producir una obra de arte es diferente a diseñar una clase? Y, sobre todo, ¿por qué crear una obra de arte se valora más que dar una clase? Hay que reivindicar la figura del profesor como un intelectual transformativo, alguien muy importante en el engranaje social, porque es capaz de influir de manera significativa en el curso de la ciudadanía (2018: 16).

Como exemplos do traballo desenvolvido por Pedagogías Invisibles poderíamos citar dous proxectos realizados xunto a institucións culturais e educativas: *Ni arte ni educación* (Matadero, Madrid, 2015) e *Cartografías en arte+educación* (2017).

Exposicións como Playgrounds. *Reinventar la plaza* (Museo Reina Sofía, Madrid, 2014), que analizaba as posibilidades sociais e políticas do xogo relacionadas co espazo público, *Un saber realmente útil* (Museo Reina Sofía, Madrid, 2014), coa noción da pedagogía crítica como un elemento central ou o ciclo expositivo, *Lesson o* (Espai 13, Fundació Miró, Barcelona, 2015), anteriormente citado, xeraron esa atención expositiva cara á educación. Así tamén xurdiu a proposta *Ni arte ni educación* (Matadero Madrid, 2015-16), unha exposición cun intenso programa de actividades desenvolvido polo Grupo de Educación de Matadero Madrid e coordinado por Pedagogías Invisibles, que tiña como obxectivo repensar os privilexios das producións artísticas e curatoriais situándoas ao mesmo nivel que as producións educativas.

*Cartografías en arte+educación* (2017) foi unha plataforma, integrada dentro do Centro de Residencias Artísticas de Matadero Madrid, que visibilizaba as prácticas de trinta arteducadoras e colectivos de arteducadoras do Estado español, investigando as súas metodoloxías, o impacto que xeraban nos seus contextos mesmo cuestionando as súas posibilidades de transformación social para promover un novo campo de profesionalización no mercado laboral para artistas.

Cristina Trigo, educadora e mediadora cultural no servizo de actividades e proxectos educativos museais, na actualidade profesora na Facultade de Ciencias de Educación na Área de Didáctica da Expresión Plástica (Santiago de Compostela, USC) sinala no seu artigo *ArtEducación: despregando preguntas* o porqué da escolla do termo *ArtEducación*:

A partir das conversas e accións desenvolvidas con C3 (célula de acción artística), empregamos o termo *ArtEducación* porque entendemos a educación artística como un todo que non pode ser considerada de xeito separado da vida, dos procesos e das reflexións do artista-investigador-educador (Trigo 2018: 56).

Para Trigo resulta crucial a idea de proceso en todo aquilo que implica esa interacción: observar, pescudar, procurar, cuestionar... O punto de partida é unha problemática que se tenta solucionar, unha característica analóxica coa configuración e o desenvolvemento de proxectos comunitarios:

Non se trataría tanto dun binomio Arte + Educación senón de *ArtEducación* entendida como sinónimo de *ArteVida* (2018: 56).

Esta proposta permanece en sintonía coa intensa investigación dunha das súas compañeiras de C3 Célula de resistencia educativa e artística, María Jesús Agra Pardiñas, durante anos docente de educación artística na Facultade de Ciencias da Educación (USC) que implicou o alumnado, futuras mestras e mestres, na realización de proxectos de indagación e busca, desde a campo da linguaxe visual e artística:

A formación docente, como proceso que involucra á persoa na súa totalidade, supón indagar concepcións, representacións, imaxes, etc.; así como recuperar os percorridos persoais, historias escolares e modos de aprender, construídos en interacción cos contextos sociais que permiten analizar o propio devir [...]. É un camiño cara á problematización, non para resolver problemas senón para identificalos (Agra 2013: 16).

Agra e Trigo participaron activamente nalgúns dos proxectos desenvolvidos pola APECV (Associação de Professores de Expressão e Comunicação Visual) que desde a súa sede no Museo da Quinta da Cruz (Viseu) ou desde outros foros en Portugal, programaron activos encontros e residencias, editando publicacións (como as revistas *Imaginar* e *Invisibilidades*) e eBooks nos que editaron *Kit de sobrevivencia*, un kit do docente das artes visuais do sistema público en Europa, elaborado por C3).<sup>3</sup>

Nese encontro Arte+Educación, Teresa Torres de Eça, presidenta da APECV, responsable durante anos do InSEA (International Society For Education Through Art), revisaba un termo necesario nestas novas metodoloxías de achegamento: o conectivismo.

Por conectivismo entendemos a integração de principíos explorados na teoria do caos, nas redes, em sistemas rizomáticos, e em teorias sobre complexidade que apresentam maneiras de estruturar e organizar sistemas de um modo não linear [...] Muitas vezes os processos artísticos são também sistemas não lineares, onde o modo como conectamos os diferentes blocos de conhecimento se torna essencial. Ao trazer esses processos para a educação, como metodologias de aprendizagem abrimos caminhos para desenvolver a tomada de decisões, questionar os dados, distinguir, seleccionar e transformar novas informações [...] Aprender com processos artísticos a partir de uma perspetiva conectivista pode trazer ferramentas úteis para reconhecer e distinguir información necesaria ou supérflua, saber tomar decisiones rapidamente de um modo crítico e criativo (Torres de Eça 2018: 45).

<sup>3</sup> <https://www.apecv.pt/es/SURVIVAL-KIT-FOR%20ARTS-EDUCATION> [en liña][15 de xullo 2021]

No seu relato, Torres de Eça fai unha escolla persoal, e pertinente, nesta interrelación entre arte e educación:

Dentro de muitos processos relacionais de procura, escolho a deriva como exemplo de uma estratégia pedagógica entre artes e educación para ilustrar possíveis caminhos na mediação e de aprendizagem. Na deriva, caminhar junto é importante para uma aprendizagem colaborativa onde todos saem mais ricos. O percurso, a errância, o estar atento a si e aos que nos rodeia é um ato de construcción e de transformación. Uma acción artística onde no ser e no estar construímos conhecimento (2018: 50).

Voltamos novamente a esa reflexión sobre os procesos de coñecemento, do eido artístico e das posibilidade de mediación. Non se trata de asumir o coñecemento como información, senón de ter capacidade de análise da mesma e discernir con pensamento crítico esas realidades.

Vicente Blanco e Salvador Cidrás, artistas e docentes, que traballan no ensino superior universitario, na Facultade de Formación do Profesorado (Lugo, USC) ao tempo que manteñen a súa dedicación á creación artística entenden tanto a arte como a educación como unha fractura:

Desde a arte aprendemos a observar a contorna para reformulala ou, polo menos, para expor cuestiós sobre ela. Se alguéun nos preguntase que é a arte, diríamnos que para nós é unha fractura do cotián, unha forma de cuestionar a sociedade e a cultura que nos rodea [...] Se alguéun nos preguntase que é para nós a educación, dariamos a mesma resposta. Cremos nunha educación que cuestione o ‘establecido’ desde a reflexión persoal e desde o exercicio crítico a fin de superar modelos impostos e estereotipados (Blanco/Cidrás 2019: 11-12).

Esa comprensión lévaos a formular, nas súas materias dentro da formación de docentes para o currículo de educación infantil e primaria, modos alternativos de ensinanza. Configuran, deste modo, unha serie de experiencias para pór en evidencia «as problemáticas metodolóxicas instauradas nas aulas e que inhiben a creatividade e o desenvolvemento

persoal» (2019: 16). O seu punto de partida é unha realidade: «Unha escola sen creatividade» onde non existe a especialidade de Educación Visual e Plástica nas etapas de educación infantil e primaria. Propoñen nas súas aulas un modelo produtivo (baseado en facer, investigar, documentar, diverso...) que valoriza o proceso fronte ao modelo xa existente no sistema educativo: o modelo reproutivo (único, correcto, dirixido, uniforme...) centrado no resultado.

Estas experiencias lévannos a falar de educación artística na esfera real, o espazo que ocupa a arte dentro do currículo da ensinanza regrada, as metodoloxías posibles, os cambios de paradigma dentro formación de formadores para ter o que Blanco e Cidrás denominan unha ‘escola imaxinada’<sup>4</sup> nun marco do ensino europeo onde é notable a redución das artes visuais nos currículos educativos, en consonancia coa perda de peso neses currículos das materiais relativas ás humanidades.

Mais, por que subestimar o potencial da educación artística no currículo da ensinanza obligatoria? Por que menosprezar a creatividade, o emocional, a subxectividade e o pensamento crítico? Poderemos seguir investigando desde o eido creativo, as interaccións entre arte e educación, sen atender a nosa implicación e posicionamento crítico fronte á realidade do sistema educativo actual? Amoréanse cuestións sen respuestas precisas.

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ACASO, María (2011). «Del paradigma modernista al *posmuseo*: seis retos a partir del giro educativo (¿Lo intentamos?).» *Perspectivas: situación actual de la educación en los museos de artes visuales*. Madrid: Fundación Telefónica/Ariel.
- ACASO, María (2018). «Girando, hibridando, produciendo, narrando y guardando». *Educar la institución. Encuentro de educadorxs en torno a la mediación artística*. Santiago de Chile: Ministerio de las Culturas, las Artes y el Patrimonio.

<sup>4</sup> <https://www.escolaimaxinada.com/>

- AGRA PARDIÑAS, María Jesús (2013). *Historias en torno al arte y a la educación artística: Notas para un posible diario*. Santiago de Compostela: Caleidoscopio.
- BLANCO, Vicente; CIDRÁS, Salvador; MODIA, Rocío (2019). *Educar a través da arte: cara a unha escola imaxinada*. Pontevedra: Kalandraka.
- MÖRSCH, Carmen (2014). «Contradecirse una misma: Museos y mediación». *Experiencias y reflexiones desde las educadoras de la Documenta 12*. Quito: Fundación Museos de la Ciudad.
- MÖRSCH, Carmen (2016). «Educar a los otros a través del arte: Una historia poscolonial del dispositivo Arte/Educación». *Errata 16. Saber y poder en espacios del arte: Pedagogías/Curadorías críticas*, xullo-decembro 2016. [En liña] [15 de xullo 2021]. <<https://revistaerrata.gov.co/edicion/errata16-saber-y-poder-en-espacios-del-arte-pedagogias-curadurias-criticas>>.
- PASCUAL, Andrea de (2018). «Arte+educación: espacios de transformación». Natalia Poncela López (coord.). *Arte+Educación*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- PONCELA LÓPEZ, Natalia (ed.) (2018). *Arte + Educación*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- ROGOFF, Irit ([2008] 2011). «El giro». *Arte y políticas de identidad*, vol. 4 (junio). Murcia: Servicio de Publicaciones de la Universidad de Murcia.
- RODRIGO, Javier (2010). «El trabajo en red y las pedagogías colectivas: retos para una producción Cultural». ACVIC. *Acciones reversibles: arte, educación y territorio*. Vic: Aovic; Eumo.
- SÁNCHEZ DE SERDÍO, Aida [et al.] (2016) «Negociaciones entre curaduría, arte y mediación al filo del giro». *Errata 16: Saber y poder en espacios del arte: Pedagogías /Curadorías críticas*, xullo-decembro 2016. [En liña] [15 de xullo 2021]. <<https://revistaerrata.gov.co/edicion/errata16-saber-y-poder-en-espacios-del-arte-pedagogias-curadurias-criticas>>.
- TORRES DE EÇA, Teresa (2018). «Arte / Educação / Ação». Natalia Poncela López (coord.). *Arte+Educación*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- TRIGO MARTÍNEZ, Cristina (2018). «ArtEducación: despregando preguntas». Natalia Poncela López (coord.). *Arte+Educación*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.



Copyright © 2022. This document is under a Creative Commons Attribution-Noncommercial-No Derivative Works 3.0 Unported License. To see a copy of this license click here <http://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/3.0/legalcode>.

# UNHA APOLOXÍA DA NATUREZA. CINEASTAS GALEGAS NO RONSEL DA ECOCRÍTICA

IRENE BASANTA PIN

Universidade de Santiago de Compostela

**RESUMO:** Este traballo rastrexa a emerxencia de discursos ecocríticos nas experiencias do audiovisual galego recente e procura nas olladas femininas unha forma alternativa de entender e relacionarse coa natureza non humana. Con este obxectivo analízase a paisaxe humana e non humana na obra de Carla Andrade xunto ás obras de Ángeles Huerta, Xiana Gómez-Díaz, Diana Gonzalves e Lucía Vilela. Todas elas propoñen, desde unha rica variedade formal e temática unha apoloxyá da natureza elaborada desde o feminino.

**PALABRAS CLAVE:** mulleres; ecocinema; natureza; paisaxe; ollada feminina.

**UNA APOLOGIA DE LA NATURA. CINEASTES GALLEGUES EN EL CORRENT DE L'ECOCRÍTICA**  
**RESUM:** Aquest treball explora l'emergència de discursos ecocrítics en les experiències de l'audiovisual galleg recent i busca en les mirades femenines una forma alternativa d'entendre i de relacionar-se amb la natura no humana. Amb aquest objectiu s'analitza el paisatge humà i no humà en l'obra de Carla Andrade, juntament amb les peces d'Ángeles Huerta, Xiana Gómez-Díaz, Diana Gonzalves i Lucía Vilela. Totes elles proposen, des d'una rica varietat formal i temàtica, una apologia de la natura elaborada des d'una perspectiva femenina.

**PARAULES CLAU:** dones; ecocinema; natura; paisatge; mirada femenina.

## AN APOLOGY FOR NATURE. GALICIAN WOMEN FILMMAKERS IN THE WAKE OF ECOCRITICISM

**ABSTRACT:** This work tracks the emergency of ecocritical discourses in recent Galician audiovisual experiences and looks for an alternative way of understanding and relating to non-human nature in feminine gazes. To this aim, human and non-human landscape is analysed in Carla Andrade's work, together with Ángeles Huerta's, Xiana Gómez-Díaz's, Diana Gonçalves' and Lucía Vilela's approaches. All of them propose, from a rich formal and thematic variety, an apology for nature built from a female perspective.

**KEYWORDS:** women; ecocinema; nature; landscape; female gaze.

O marco deste artigo insírese na liña dunha *ecocrítica cinematográfica*,<sup>1</sup> que se preocupa por «como as representacións visuais colocan a natureza ou as características naturais, como estas son encadradas pola lente da cámara ou moldeadas polo proceso de montaxe»<sup>2</sup> (Willoquet-Mairandi 2010: 8). O noso obxectivo é analizar unha serie de obras de creadoras audiovisuais aglutinadas ou non baixo a marca do Novo Cinema Galego (NCG), atendendo ás potencialidades do audiovisual para desafiar os modos de representación dominantes e crear outras formas de retratar, relacionarse e entender a natureza. Con este fin ofreceremos un panorama da emerxencia de olladas alternativas que terá como eixe central unha nova relación coa paisaxe para harmonizar a natureza humana, explícita ou implícita na imaxe, e a non humana. Desexamos mostrar que estas olladas femininas están a configurar relacións alternativas entre muller e natureza que se afastan dos discursos deterministas do patriarcado.

Situándonos no contexto do audiovisual galego máis recente resulta inevitable facer referencia ao NCG, unha etiqueta que polo tipo de prácticas filmicas ás que se asocia semellaría en principio especialmente atractiva para a procura destoutras olladas sobre a natureza non humana. O termo comeza a difundirse en 2010 desde o blog *Acto de Primavera* (<<http://actodeprimavera.blogspot.com.es/>>), xestionado polos críticos Martin Pawley, José Manuel Sande e Xurxo González, que o utilizan para reivindicar a aparición en Galicia dun conxunto de novos creadores e creadoras, á marxe dos circuitos comerciais, que estaban a acadar recoñecemento en festivais internacionais: Oliver Laxe, Ángel Santos, Eloy Enciso, Xurxo Chirro, Peque Varela... Esta emerxencia aparece vinculada ao cambio producido desde 2006 cara a unha política audiovisual innovadora, que recoñece a figura do creador individual facilitando a recep-

<sup>1</sup> Tradución do termo inglés *cinematic ecocriticism*, denominado tamén *green film criticism* ou *eco-cinecriticism*.

<sup>2</sup> Tradución da autora. No orixinal: «how visual representations position nature and natural features, how these are framed by the lens of the camera or shaped by the editing process».

ción de axudas a persoas físicas. Esta apostía institucional por parte da Axencia Audiovisual Galega, fundada durante o goberno bipartito e desaparecida en 2009, contribuiría a «apoiar o que se coñece como ‘cinemas pequenos’ inseridos, á súa vez, nun sistema cultural provisto de elementos de seu, nomeadamente unha lingua propia, e que se desenvolve [...] no marco dun específico cinema nacional» (Pérez e Redondo 2014: 2).

Na súa proposta de definición, Isabel Martínez e María Gallego (2012) destacan o carácter periférico do NCG nunha tripla vertente: xeográfica, industrial e narrativa. Desde unha perspectiva territorial, Galicia pertence á periferia ao atoparse afastada do centro neurálgico do audiovisual español, identificado con Madrid, a capital de España, mais tamén pola súa condición de cinema dunha comunidade cunha identidade nacional específica dentro do Estado. Alén desta dimensión más literal, o carácter periférico refírese a producións que xorden á marxe da industria e cun enfoque experimental e vanguardista que as leva a transitar territorios fronteirizos e procurar novos espazos para chegaren ao público. Desta maneira agromía «un novo concepto de creación e de recepción, herdeira dunha tradición que arrinca coa aparición do vídeo, o xurdimento da videocreación e o cinema de guerrilla da década dos setenta»<sup>3</sup> (Martínez e Gallego 2012: 265).

Directamente emparentado co cine de vanguarda pasado e actual, o NCG sería unha práctica de fronteira que tende á ruptura/hibridación de xéneros. Isto leva, como indican Martínez e Gallego (2012: 265), a que «a ficción estableza vínculos co documental para a súa construcción e, pola súa banda, o documental rompa as presuposicións de verdade e obxectividade, derivando cara a un discurso con apariencia ficcional, o que implica un novo debate en torno á vixencia de gran parte de clasificacións ou taxonomías».<sup>4</sup> Deste xeito, Fernando Redondo e Xurxo

<sup>3</sup> Tradución da autora. No orixinal: «un nuevo concepto de creación y de recepción, heredera de una tradición que arranca con la aparición del vídeo, el surgimiento de la videocreación y el cine de guerrilla de la década de los setenta».

<sup>4</sup> Tradución da autora. No orixinal: «la ficción establezca vínculos con el documental para su construcción y, por su parte, el documental rompa las presuposicións de verdad y obxectividade, derivando cara a un discurso con apariencia ficcional, o que implica un novo debate en torno á vixencia de gran parte de clasificacións ou taxonomías».

González (2014: 108) sinalan que, especialmente no documental, o procesual aparece como máxima vertebradora, entendido como o «rastro deixado sobre a superficie do discurso das tarefas de creación, abordable tamén aquí como método e como resultado, como a decisión de escoller unha determinada ruta para explorar o real e non retirar despois de todo os indicadores de dita ruta».<sup>5</sup>

Porén, a etiqueta Novo Cinema Galego, como todas, non está exenta de polémica no eido teórico e mesmo falta de identificación entre algunhas das persoas que se asocian a ela. Pérez e Redondo (2014: 1-2) analizaban de feito a súa «xestación» como un proceso de «branding, case ao xeito de imaxe de marca», por parte de distintos axentes do sector (críticos, programadores, creadores). Tamén poderíamos discutir, seguindo as reflexións de Brais Romero (2015: 10), a ausencia de consenso nos trazos que encadran un autor ou autora do movemento, ou arredor do factor identitario implícito na etiqueta máis alá do xeográfico, cando nalgúns creadores, filmes ou produtoras non existe unha aposta clara pola lingua ou un vínculo con Galicia (2015: 19-21). Non obstante, non é esta a discusión que nos ocupa, senón o rastrexo doutras formas de relación coa natureza no traballo de creadoras audiovisuais. Neste senso, como apuntabamos antes, se ben o carácter periférico e experimental do NCG semella un lugar especialmente fértil onde comenzar a busca, non queremos que marque unha estrema infranqueable se fóra dos seus lindes atopamos achegas que se consideren relevantes. Ao contrario, parécenos un acerto destacar estes trazos mesmo alén desta vertente dun ecosistema audiovisual galego moito más amplio.

---

siciones de verdad y objetividad, derivando hacia un discurso con apariencia ficcional, lo que implica un nuevo debate en torno a la vigencia de gran parte de clasificaciones o taxonomías».

<sup>5</sup> Traducción da autora. No orixinal: «rastro dejado sobre la superficie del discurso de las tareas de creación, abordable también aquí como método y como resultado, como la decisión de haber escogido una determinada ruta para explorar lo real y no haber retirado luego del todo los indicadores de dicha ruta».

Trazado este panorama, cómpre facer algúns apuntamentos sobre a situación da muller neste eido. Como probablemente non pasaría desapercibido a quen le, a maioría dos abandeirados representantes internacionais do NCG son homes. Marta Pérez (2016: 1) denunciou a situación de maneira clara: «O problema non está tanto na existencia de mulleres creadoras —veremos que as hai— senón en que os seus traballois permanecen invisibles». Unha realidade que corresponde coa do sector audiovisual de maneira máis extensa, e que implica, nunha cinematografía pequena e periférica como a galega, xa de seu invisibilizada, que a muller atope áinda más dificultades para facerse oco (Pérez 2016: 1). Para corrixir este desequilibrio, e alén da programación de eventos centrados nas creadoras, como o da 7<sup>a</sup> Mostra de Cinema Periférico (S8) en 2016 ou a sección especial «XX: novas creadoras» de Curtocircuíto en 2020, merece mención á parte o proxecto da Deputación de Pontevedra «Cinema e Muller» (2016), que incluíu desde a produción dun filme colectivo até a creación de espazos de difusión e reflexión ou, como herdeira destas políticas, a creación dos Premios «Mulleres no Foco» (2020).

Para Pérez (2016: 3), existe unha tendencia a invisibilizar as autoras, especialmente nos medios académicos e de comunicación convencionais. É interesante subliñar que esta ausencia, como suxire Margarita Ledo (2016: 69), afectaría tamén, por exemplo, ás relacións do NCG co cinema feminista, pois malia teren notables puntos de conexión —a presenza da autobiografía, a preocupación pola palabra, o corpo da cineasta como materia narrativa, o espazo cotián e familiar, o proceso de busca como actitude artística ou a exhibición da obra en construcción—, non reconece o seu parentesco. Así, cabe preguntarse: «É este feito talvez un indicio de que o selo ‘feminismo’ segue habitando as marxes mesmo dos sistemas que se definen, con diferentes cualificativos, como independentes ou [...] alternativos?»<sup>6</sup> (Ledo 2016: 77).

<sup>6</sup> Tradución da autora. No orixinal: «¿Es este hecho tal vez un indicio de que el sello “feminismo” sigue habitando los márgenes incluso de los sistemas que se definen, con diferentes calificativos, como independientes o [...] alternativos?».

Malia os avances patentes que se teñen producido nos últimos anos a respecto da visibilización das cineastas, os informes seguen a deitar datos preocupantes, como que as longametraxes subvencionadas en Galicia dirixidas por mulleres supoñen en 2020 (últimos datos analizados por CIMA)<sup>7</sup> só un 21% do total, obtendo de media un 76% menos de contía económica que os dirixidos por homes (Cuenca 2020: 80). Isto cómpre lelo en relación a unhas cifras de presenza profesional que confirman a existencia de segregación vertical no traballo audiovisual, conformada á súa vez por sectores masculinizados que coinciden con aqueles cargos de maior poder (Carballal 2021: 50-54).

Considerando este contexto como punto de partida, pretendemos con este artigo contribuír, aínda que sexa levemente, a corrixir a infrarepresentación feminina nos estudos sobre prácticas audiovisuais. Centrándonos no traballo de creadoras, vencelladas á etiqueta ou non, analizaremos as súas achegas, e rastrexaremos a emerxencia de olladas ecocriticas nas que o binomio muller-natureza, produto da ideoloxía patriarcal, poida converterse nunha estratexia de complicidada e liberación para ambas as dúas. Para tal fin, comezaremos por aproximarnos á producción audiovisual da artista Carla Andrade, como unha das cineastas do NCG cunha particular concepción da natureza consolidada no tratamento da paisaxe ao longo da súa obra. A continuación relacionaremos, por semellanza ou oposición, unha serie de creacións de diversas autoras no marco de encontros como o ChanfainaLab de San Sardiño ou os obradoiros promovidos polo PlayDoc de Tui, espazos que promocionan a experimentación de obras como *Sotobosque 1* (2015) de Xiana Gómez-Díaz —non considerada dentro do NCG— e *Toxos e Flores* (2016) de Lucía Vilela —vinculada ao NCG—, e mesmo o xurdi-

<sup>7</sup> CIMA, Asociación de Mulleres Cineastas e de Medios Audiovisuais, realiza informes anuais da representatividade no sector desde 2016, pero os datos non aparecen separados por comunidades autónomas até 2019. Porén, neste ano descartáronse os de Galicia por atopar información sobre menos de 25% das longametraxes subvencionadas. Polo tanto, o informe de 2020 é o primeiro que incorpora estatísticas a nivel galego.

mento de aproximacións á natureza a través da perspectiva do rural, vehiculada neste caso pola muller, como acontece en *Palmira* (2016) de Diana Gonçalves —non vencellada ao NCG. Por último, comentaremos un caso singular, tampouco aglutinado no NCG, coa análise da longametraxe de Ángeles Huerta *Esquece Monelos* (2016), cuxa identificación do río coa memoria individual e colectiva dá conta dunha inserción pouco usual do natural na narrativa fílmica. Talvez sorprenda a es-colla destas autoras, cando puidesen seleccionarse outras con obra de maior repercusión, mais é a nosa intención ofrecer un panorama da producción nas marxes, mergullándonos en discursos menos (re)coñecidos para abordar prácticas diversas nas que se están a procurar outros camiños de representación, establecendo a variedade do corpus como un dos seus puntos de interese.

Así pois, motivada pola propia heteroxeneidade das prácticas audiovisuais, a achega deste artigo vaise caracterizar por un conxunto de propostas moi diversas entre si. Alén da confusión que poida xerar, intentaremos que a lectora poida apreciar como virtude a (bio)diversidade de aproximacións, mostra dunha inquietude manifesta que conduce, se ben en direccións moi diferentes, a certos sectores cara a un *ecocinema*, outra etiqueta inclusiva que neste caso empregaremos non tanto con referencia a filmes que tratan especificamente asuntos de xustiza medioambiental senón aqueles que, de maneira máis ampla, actúan «facendo da ‘natureza’, desde as paisaxes até a vida salvaxe, o principal foco de atención»<sup>8</sup> (Willoquet-Maricondi 2010: 9).

Carla Andrade (Vigo, 1983) é licenciada en Comunicación Audiovisual e graduada en Filosofía, estudos que marcan a súa obra cunha tendencia cara á reflexión ontolóxica e metafísica. Aínda que comeza a súa traxectoria como fotógrafa, axiña pasa a traballar co vídeo. Artista viaxeira, realizou residencias en países como Islandia, Nepal ou Chile e levou a cabo numerosas exposicións individuais e os seus filmes circu-

<sup>8</sup> Tradución da autora. No orixinal: «by making “nature”, from landscapes to wildlife, a primary focus».

lan por festivais internacionais. Tras a súa colaboración<sup>9</sup> con Lois Patiño na curtametraxe *Montaña en Sombra* (2012) e na longametraxe *Costa da Morte* (2013, Andrade comeza a experimentar ela mesma coa videocreación, recollendo o *modus operandi* deste autor que, segundo Redondo (2014: 24), consiste en afondar «na inefábel capacidade do cinema para, a partires dunha esencial actitude contemplativa e poética, capturar o devir da natureza e redescubrir o pracer de mirar de novo para acadar un certo grao de coñecemento respecto do real».

Pero esta proximidade de Andrade a Patiño non é froito dunha assimilación. A súa obra audiovisual mantén a importancia capital que xa tiña a paisaxe no seu traballo fotográfico, como vehículo para a reflexión filosófica arredor do tempo, o baleiro ou o nada. Neste senso, Andrade vai alén da paisaxe como elemento tanxible para tratar de mostrar o invisible, sen desatender ningún dos dous aspectos. Partindo dunha concepción da natureza como retorno ao «noso Eu máis natural, máis primitivo»<sup>10</sup> (García 2015), Andrade procura reflectir na súa metodoloxía de traballo outra forma de relación co medio, abrindo, así, unha vía de resistencia ao discurso cinematográfico dominante. Con todo, se ben a presenza natural non se limita a unha procura de deleite estético, tam pouco atoparemos unha achega imbricada no territorio, segundo diferencia María Soliña Barreiro (2018: 44), desde unha visión de clase, entre as representacións da terra como «paisaxe, vizosa e inmóbel, e o territorio-paisaxe, da experiencia e do traballo», pois como ben sinala «a paisaxe xorde cando nos distanciamos da terra de labor».

Na serie non narrativa *Geometría de Ecos* (2013) Andrade emprega a videoinstalación, en convivencia con fotografías, tanto en cor como en branco e negro. A obra, realizada en Islandia e no Pireneo francés, ex-

<sup>9</sup> Palabra que tanto a propia autora como Lois Patiño emplegan nas súas webs para referirse a estos traballos e baixo a que Andrade figura nos créditos de *Montaña en sombra* sen especificar a natureza das súas funcións, mentres que en *Costa da Morte* aparece no rexistro do Instituto Cinematográfico e das Artes Audiovisuais (ICAA) como axudante de dirección.

<sup>10</sup> Tradución da autora. No orixinal: «nuestro Yo más natural, más primitivo».

plora a representación do tempo e o baleiro no espazo mediante paisaxes que a crítica María Marco (2017) sitúa na estela do pictorialismo fotográfico. Estas representacións paisaxísticas recollen a influencia da pintura tradicional oriental, na que o baleiro se representa mediante a cor branca (Andrade 2018). Tres son os vídeos utilizados neste traballo: *Geometría de Ecos I, II e III* (2013). Os dous primeiros consisten nun único plano estático, sen cortes nin movementos. A cámara, detida ante a paisaxe, obriga a enfocarse a ela e reparar en detalles que nun primeiro golpe de vista pasan desapercibidos. Coa adopción deste cinema de observación pausada, consideramos que Andrade se sitúa na liña de cineastas como o estadounidense Peter Hutton, que pretenden «refinar a nosa maneira de ver dimensións particulares da natureza e da interconexión de natureza e máquina»<sup>11</sup> (Macdonald 2013: 26). Con todo, destaca a inclusión de pequenos tremores da cámara que remiten, en última instancia, á ollada humana posicionada detrás, unha presenza que non se oculta, senón que permanece sutilmente como vestixio indicial da tecnoloxía empregada. Isto, que tamén acontece na obra do norteamericano James Benning, resulta dobrente suxestivo:

«Primeiro, polo feito de ser o cinema un producto serodio das tecnoloxías mecánicas que produciron a Revolución Industrial, e segundo, porque malia ser o cinema un producto tecnoxicamente avanzado en si mesmo [...]. non pode rivalizar coa delicada eficiencia e coa transcendencia temporal do proceso natural»<sup>12</sup> (Macdonald 2013: 33).

Durante os catro minutos de *Geometría de Ecos I*, o encadre componse dunha paisaxe de piñeiro lentamente absorbida pola néboa, até a desaparición total de referencias espaciais. O plano fica baleirado,

<sup>11</sup> Tradución da autora. No orixinal: «to refine our way of seeing particular dimensions of nature and of the interweaving of nature and machine».

<sup>12</sup> Tradución da autora. No orixinal: «First, of the fact that cinema is a late product of the mechanical technologies that produced the Industrial Revolution, and second, that despite cinema being a technologically advanced product itself [...]. [it] cannot match natural process itself for smooth efficiency and for temporal transcendence».

activando reminiscencias de efectos atmosféricos como a néboa na obra do pintor romántico inglés J.M.W. Turner. Analogamente, *Geometría de Ecos II* é unha toma de tres minutos que nos confronta a unha paisaxe de montaña, dominada polas cores apagadas nunha gama case de grises, na que a néboa de novo absorbe a paisaxe. Así, os planos son construídos sobre unha espera paciente, pausada, e permiten, mesmo procuran, a interferencia na imaxe fílmica dun elemento natural como é a brétema.

En *Geometría de Ecos III*, porén, apréciase unha vontade de maior intervención sobre o material, acudindo neste caso á montaxe. A video-creación abrese cun plano nadir do ceo ateigado de paxaros, ao que se incorpora lentamente un avión no lateral dereito. Desde o comezo, destaca o emprego dunha música fronteiriza co ruído do compositor minimalista La Monte Young, que dota as imaxes dunha atmosfera que traspasa o estreitamente realista. Cando o avión pasa fóra de campo, xustapónse unha misteriosa imaxe que remite aos debuxos suprematistas: un trémulo círculo branco sobre fondo negro. Esta sorte de xeometría total podería ser tanto unha representación da lúa como un símbolo da propia ollada a través dun dispositivo mediador que opera mediante a selección dun anaco de realidade. En todo caso, a ambigüidade suxire a idea do cinema como representación, xogando coa parcialidade da ollada. Co retorno ao anterior plano, invítase á espectadora a mergullarse no movemento distante e aleatorio dos paxaros que, acompañado da partitura musical, incorre nunha imaxe que fai do momento captado polo obxectivo unha celebración da beleza efémera dun intre calquera, un eloxio da maxia simple e espida dunha coreografía da natureza.

As diversas estratexias empregadas nestas tres videoinstalacións anticipan en boa medida as liñas que van seguir os próximos traballos audiovisuais de Andrade. Por unha banda, observamos o seu confrontamento directo co real a través da paisaxe que procura xogar coas especificidades do medio. Pola outra, identificamos unha achega máis subxectiva caracterizada polo uso da música e que deriva nun universo persoal que por momentos roza case o onírico. Seguindo con esta última tendencia, a curtametraxe *2014: El desbordamiento* (2013) propón

unha viaxe subxectiva, nunha montaxe dominada máis pola procura da mobilización emocional que da creación de sentido. O plano máis interesante, desde a achega ecocrítica que procuramos, presenta un ceo nubrado que se adiviña tras as copas das árbores, compoñendo un punto de fuga na parte central superior do cadre. Co uso dunha lente de distancia focal curta e unha angulación contrapicada, a imaxe parece precipitarse sobre a espectadora. Os bordes están borrosos, mais non se trata dun efecto de posproducción. Son as pingas de chuvia caendo sobre o obxectivo da cámara as que distorsionan a percepción. A medio camiño entre o xogo e a exploración, a directora permítelle á natureza unha intromisión total, procurada, até a manipulación directa do dispositivo de gravación.

A segunda curtametraxe de Andrade, *Bocanoite* (2013), é un retrato da caída da noite sobre un lago. Constitúe un estudo da imaxe-tempo deleuziana mediante a presentación dunha situación puramente óptica e sonora na que o movemento aparece subordinado ao tempo, nunha «inversión que significa que o tempo xa non pode ser a medida do movemento, pero o movemento é a perspectiva do tempo»<sup>13</sup> (Deleuze 1989: 22). A atención aos matices lumínicos sobre a cor da auga vólvese fundamental. Como é habitual na obra da autora, hai unha coidada composición do cadre, dividido entre a auga e a escuridade que domina o horizonte. O encadre xera espazo á vez que invoca o invisible, un fóra de campo en constante interacción, limitado pola incapacidade humana para captar o Todo da natureza.

Cun estilo visual de reminiscencias impresionistas, case puntillistas, as tomas preséntanse case a modo de vistas, separadas entre si por cortes a negro, agardando a que o vagar dos animais pola imaxe os sitúe no fóra de campo, nunha estratexia que semella case teatral. Este procedemento aparece frecuentemente nos filmes de Hutton, cineasta que Andrade recoñece como unha das súas principais influencias (Do-

<sup>13</sup> Tradución da autora. No orixinal: «reversal which means that time is no longer the measure of movement but movement is the perspective of time».

noso 2016: 106). Estes cortes procuran alterar a percepción temporal, especialmente a través da desaparición do son territorio, un son que, segundo o define Michel Chion (1994: 75), habita e envolve o espazo identificádoo «a través da súa dominante e continua presenza».<sup>14</sup> A súa desaparición chama a atención sobre a concepción da ollada humana que se agocha tras o texto filmico, poñendo en evidencia un proceso de selección tanto espacial como temporal.

A peza esixe unha observación detida, minuciosa, que enfrenta a espectadora cunha imaxe da natureza mansa e harmónica, cuxa vitalidade se atopa oculta na escuridade para quen saiba apreciala. Cara ao final, esta presentación contrapónse á aparición na distancia dunha fonte de iluminación artificial cuxa procedencia non é posible establecer. Así, a calma da bocanoite semella perturbada pola existencia do humano na distancia. Con todo, esta alteración forma parte desa paisaxe misteriosa que transcende a súa materialidade para suxerir unha reflexión sobre a propia ontoloxía temporal da representación.

O proxecto *Llueven manchas de tiempo* (2014), realizado en Katmandú (Nepal), continúa o estudo iniciado en *Xeometría de Ecos*, pero empregando esta vez o baleiro como método desde o punto de vista das filosofías orientais (Andrade 2018). Como declara Andrade, xa non se trata de analizar a realidade, senón de sentila directamente, unha intención que se vincula cunha actitude radical cara á natureza: «Ante o medo pola natureza indómita, nace o desasosiego de tratar de descubrir e dominar as leis da natureza, necesidade de facela científicamente intelixible, reducindo as súas formas ás regularidades da xeometría. En vez de permanecer atento ás súas revolucións e adaptarnos a elas, esa necesidade de iluminar, levounos a quedar atrapados na nosa propia racionalidade»<sup>15</sup> (Andrade 2018).

<sup>14</sup> Tradución da autora. No orixinal: «through their pervasive and continuous presence».

<sup>15</sup> Tradución da autora. No orixinal: «Ante el miedo por la naturaleza indómita, nace el desasosiego de tratar de descubrir y dominar las leyes de la naturaleza, necesidad de hacerla científicamente intelígible, reduciendo sus formas a las re-

Xunto con series fotográficas, Andrade inclúe neste traballo dúas curtametraxes anteriores presentadas como videoinstalacións (2014: *el desbordamiento* e *Bocanoite*), así como *Xeometría de Ecos III*, rebautizada como *La Luna*. A elas súmase un plano contrapicado dun ceo con ábores que continúa coa exploración da imaxe-tempo, e outras dúas pezas sen son que mesturan imaxes dixitais e analóxicas, fixas ou en movemento, tanto en cor como en branco e negro. Case a modo de diario de viaxe, estas dúas pezas remiten a moitos dos espazos retratados nas fotografías, unha delas centrada nas paisaxes naturais e a outra en escenas urbanas, na que destaca a presenza de mulleres no exterior das súas vivendas, falando ou realizando tarefas do fogar.

Pola súa banda, a videoinstalación *Magma* xira arredor da fascinación polas faíscas sobre un fondo negro. A prolongada observación deste fenómeno, xunto coa acción da música de Jonathan Kawchuk, vai progresivamente establecendo unha distancia fronte ao referente. As imaxes son pouco a pouco baleiradas do seu contido, transformándose nunha coreografía azarosa de luces e cores que dota de vida elementos en principio inanimados, que son, como indica Donoso (2016: 55), «vinculados de novo co universo e o seu carácter atemporal, ilimitado e procesual».<sup>16</sup> En varias ocasións, a man de alguén que pasa interponese entre a cámara e o filmado, chamando a atención sobre o fóra de campo.

Por último, cómpre salientar a conceptualización do proxecto *Kuch Nahi* (2015), que remite á concepción hindú do nada como algo. Alén dun traballo expositivo máis amplo, dará lugar á mediometraxe homónima rodada en super 8, cuxo *work in progress* foi presentado na Mostra de Cinema Periférico (S8) de 2015. Das imaxes tomadas durante a mesma estancia en Chile, tras pasar máis dun mes traballando en soildade no deserto de Atacama, nace a curtametraxe *El paisaje está vacío y el*

---

gularidades de la geometría. En vez de permanecer atentos a sus revoluciones y adaptarnos a ellas, esa necesidad de iluminar nos ha llevado a quedar atrapados en nuestra propia racionalidad».

<sup>16</sup> Tradución da autora. No orixinal: «vinculados de nuevo con el universo y su carácter atemporal, ilimitado y procesual».

*vacío es paisaje* (2017). Andrade busca recrear con ela unha experiencia, entendida como coñecemento do real, fuxindo da intelectualización (Alarcón 2018). O título, tirado dun poema do coreano Dalchin Kim, remite ao principio zen dunha realidade na que non existen os contrarios. Segundo unha constante no seu estilo propio, Andrade emprega oito planos xerais de longa duración, recurso que lle permite mobilizar a polisemia da imaxe, que se atopa, como ela mesma aclara, no centro do seu interese: «Decidir o tempo que contemplamos unha imaxe e como esta nos fala ou nos comunica»<sup>17</sup> (Donoso 2016: 104). Neste caso, a técnica observacional levada ao extremo resulta, para o crítico Brais Romero (2017), nunha «achega radical e estética que baleira, ispe e racha unha paisaxe que acaba por preguntarse: estou baleira de todo ou estou chea do baleiro?».

Ademais, estas paisaxes desérticas reflecten a cosmovisión da cultura andina, na que os fenómenos naturais guían a vida cotiá, conservando unha relación coa natureza, a *Pachamama* (Nai Terra), que garda aínda o seu carácter mítico. A presenza humana só comparece nos créditos, mediante o uso de cantos indíxenas. No resto da peza, o son corresponde con gravacións de corpos celestes cedidas polo museo do meteorito de Atacama, que crean unha transcendencia do representado cun todo natural que vai moito máis alá da Terra. Así, á experiencia do lugar na imaxe súmase a unión da terra co cosmos.

Esta peza concreta recolle o esencial do traballo de Andrade para a comprensión da súa obra como parte dun ecocinema, na medida en que fai unha proposta semellante á que Macdonald (2013: 19) propugna para este: «Unha representación do mundo natural cunha experiencia cinematográfica que modela a paciencia e a concienciación— calidades da consciencia cruciais para unha apreciación profunda e un compromiso en curso co medio natural».<sup>18</sup> Para este autor, polo tanto, a principal fun-

<sup>17</sup> Tradución da autora. No orixinal: «Decidir el tiempo que contemplamos una imagen y cómo ésta nos habla o nos comunica».

<sup>18</sup> Tradución da autora. No orixinal: «A depiction of the natural world within a cinematic experience that models patience and mindfulness—qualities of cons-

ción dun ecocinema non sería producir «narrativas pro-medioambientais»<sup>19</sup> ao modo de Hollywood ou do documental convencional, senón «proporcionar novos tipos de experiencia fílmica que amosen unha alternativa ás formas mediáticas e espectatoriais convencionais e axuden a educar unha mentalidade máis ecoloxicamente progresiva»<sup>20</sup> (2013: 20).

Se ben outros traballos da autora se moven noutros rexistros non tan centrados no natural, consideramos interesante reparar na curtametraxe *Sibila* (2017), na que Andrade representa a muller, igual que fixo noutras pezas (*Listen to me*, 2016), fuxindo do retrato do seu rostro. Esta obra está baseada no relato curto «El Caballero» (1942) do escritor galego Álvaro Cunqueiro, parcialmente ambientado en Naraío, parroquia escollida pola cineasta para a rodaxe. Esta adaptación libre deixa de lado a fidelidade ao texto orixinal para tomar un pretexto narrativo co que crear unha atmosfera emocional que recolle, como indica o crítico Manolo González (2017), «os espíritos [...] que pululan no barroco relato de Cunqueiro e os incrusta en espazos naturais de cativa pegada humana, enxergados no mito fabuloso».

Unha cita inicial enmarca o relato na narración de Leonís de Soage, quen menciona como Sibila, tras deixar Constantinopla por Naraío para dar a luz o fillo concibido incestuosamente, aínda que sen coñecemento, polo seu irmán Don Silván, se atopa enferma. Aínda que se trata dun produto de ficción, a autora traballa co non narrativo, presentando unha serie de planos inconexos de Sibila, unha egua branca e o propio espazo natural, cuxas relacións espazo-temporais se caracterizan pola elipse. Nas imaxes en branco e negro, Sibila aparece e desaparece como un espectro mediante o uso de fundidos. Cuberta cunha tea branca, vaga por unha paisaxe que ten entidade propia como espazo mí-

---

ciousness crucial for a deep appreciation of and an ongoing commitment to the natural environment».

<sup>19</sup> Tradución da autora. No orixinal: «pro-environmental narratives».

<sup>20</sup> Tradución da autora. No orixinal: «to provide new kinds of film experience that demonstrate an alternative to conventional media-spectatorship and help to nurture a more environmentally progressive mindset».

tico que nos traslada ao «misterio inintelixible que se agocha na natureza» (González 2017).

Este salto de Andrade cara a unha ficción non narrativa xorde como resultado do espazo de experimentación do ChanfainaLab, un encontro de cineastas galegos que ten lugar cada ano desde 2014 no concello de San Sadurniño, tratando de pór en valor o seu territorio e patrimonio natural e cultural. Esta sorte de eventos semella ter o potencial de favorecer, pola súa esencia, a emerxencia de formas de repensar a relación coa natureza. Por esta razón, queremos facer mención, a continuación, dalgunhas obras xurdidas neste marco que supoñen achegas interesantes desde o punto de vista do ecocinema.

A primeira é a curtametraxe *Toxos e Flores* (2016) de Lucía Vilela. A peza presenta unha serie de paisaxes rurais rodadas en super 8 que se suceden ao ritmo da pandeirada popular *Mociños de Igrexafeita*, gravada en 1971 polo coro ferrolán Toxos e Flores, establecendo unha relación entre a natureza non-humana (visualizada) e humana (escoitada), como acontecía en *El paisaje está vacío y el vacío es paisaje*. Ademais, o traballo con película cinematográfica implica unha materialidade natural, de orixe animal e vexetal que, como opina Macdonald (2013: 18) a respecto deste soporte, «cando menos nun nivel, sintetiza a forma en que a vida moderna e o mundo natural están imbricadas».<sup>21</sup> A montaxe rápida, case frenética, marcada pola estética do videoclip, contrasta coa achega pausada de Andrade, mais supón unha obra experimental que pon a natureza no centro de atención, fornecendo unha imaxe dinámica do rural.

Outra proposta digna de mención, se ben non acadou gran recoñecemento por parte da crítica, é *Sotobosque 1* (2015) de Xiana Gómez-Díaz, recentemente máis coñecida como Xiana do Teixeiro, nome co que asina o documental de corte feminista *Tódalas mulleres que coñezo* (2018). A cineasta e artista visual lucense, cofundadora da produtora WalkieTalkie films, combina o seu labor creativo co académico, centra-

<sup>21</sup> Tradución da autora. No orixinal: «at least on one level, encapsulates the way in which modern life and the natural world are imbricated».

do en estudos de xénero e televisión. Nesta peza a realizadora presenta un retrato dunha limacha, froito dun interese, segundo declara, pola natureza «como personaxe que pasa desapercibido— e non como paisaxe» (González 2016). Esta atención polo natural xa aparecía nalgúns fragmentos da súa anterior mediometraxe *Vacaciones* (2013) e ten continuación no vídeo-ensaio codirixido xunto a Emilio Fonseca *Somos Plaga* (2017), que reflexiona mediante unha colaxe cinematográfica sobre a relación do ser humano co ecosistema.

*Sotobosque 1* segue ao invertebrado deslizándose polo chan constituindo un ciclo que, con fundidos a negro que marcan transicións temporais, remata coa chegada da noite. Desta maneira, mediante o uso de planos de longa duración, igual que Andrade, pero con movemento de cámara e planos detalle en vez de estáticos planos xerais, Gómez-Díaz apostou por un documental observacional que trata de minimizar, a diferenza do que acontece con certa recorrenza na obra de Andrade (*Geometría de Ecos*, *El Desbordamiento* ou *Bocanoite*), a presenza da cámara, utilizando procedementos de continuidade propios da *invisible editing* mesturados con cortes a negro que denotan elipses temporais. Esta decisión estética responde ao desexo declarado da autora de non impoñer os nosos discursos cando tratamos de falar do outro (González 2016), unha idea análoga na ecocrítica á da natureza como *speaking subject* que debemos escutar e da que podemos aprender, non falando por ela, senón fornecendo un espazo para que ela se exprese (Murphy 1995: 9). Así, o seu traballo mostra unha actitude de fascinación por todos os seres da natureza, atendendo mesmo aqueles que en principio semellan desagradables. O uso dunha lente de distancia focal longa, con limitada profundidade de campo, concentra a atención na limacha e magnifica co *close-up* as súas dimensións, transformando, segundo aprecia o crítico Fernando Solla (2016), o animal «nun ser que de tan hermoso resulta monstruoso», que se move cunha «viscosidade case lasciva». <sup>22</sup> Esta in-

<sup>22</sup> Tradución da autora. No orixinal: «en un ser que de tan hermoso resulta monstruoso», que se move cunha «viscosidad casi lasciva».

interpretación axústase á teoría do monstro exposta por J. Cohen, segundo a cal o monstro encarna a diferença e o abxecto, polo que é rexeitado e desexado á vez, e dirixe a nosa atención á súa corporeidade, espertando os praceres reprimidos do corpo (1996: 17-20). A lectura desta construcción da natureza como un outro monstruoso resulta reveladora, cando menos, dunha representación da natureza non-humana máis alá da nosa comprensión.

Ademais do ChanfainaLab, destaca o desenvolvemento entre 2009 e 2013 do obradoiro documental *El Retrato Filmado*, dirixido por Marta Andreu. O seminario, dentro do PlayDoc de Tui, buscaba que sete cineastas seguisen durante cinco edicións deste festival un habitante da contorna procurando retratar a súa vida cotiá. Así, a realizadora e produtora Diana Gonçalves comeza a filmar a centenaria Palmira Filgueira Ramos, quen, presentada como a avoa de Galicia, adoitaba recibir a visita da Televisión Pública de Galicia polo seu aniversario. A cineasta xa se achegara á súa figura no seu primeiro filme, *Mulleres da raia* (2009), galardoado co premio Mestre Mateo da Academia Audiovisual Galega ao mellor documental. A ollada de Gonçalves afástase da construcción folclórica para, partindo dun documental observacional, confrontar a espectadora coa fraxilidade do corpo e a súa decrepitude, mediante o uso insistente de primeiros planos do rostro e as mans de Palmira, así como as dificultades para moverse pola casa, que afronta soa diariamente. Deste xeito, representa a natureza dun corpo feminino que racha coa súa obxectivización no medio audiovisual, reflexionando sobre a vellez como parte da vida, dunha maneira moi diferente á evasión do rostro que atopabamos en *Sibila*.

O pasamento de Palmira en 2011 truncou o labor da cineasta, obrigándoa a enfrentarse co material xa filmado e relacionarse con el doutra forma. O procesual maniféstase na introdución dunha voz *over* que, ante a imaxe dunha cadeira baleira, nos relata a morte da protagonista, introducindo así un elemento que non usa Andrade. Gonçalves inclúe fragmentos que en principio desbotara, nos que ela mesma aparece dirixindo a posta en escena e relacionándose coa súa personaxe. Con iso, a autora procura, nas súas propias palabras, «retratar a distancia que hai entre as

dúas, esa diferenza xeracional»<sup>23</sup> (Torres 2009). A construcción temporal caracterízase por tomas longas que se mergullan nunha realidade cotiá marcada polo silencio, a rutina e os tempos mortos. En última instancia, a soildade da muller preséntase como ameaza de extinción dunha forma de vida nestes espazos de transición entre o rural e o urbano.

Para rematar, comentaremos o caso singular que polo seu tratamento da natureza supón a *opera prima* de Ángeles Huerta *Esquece Monelos* (2016). A autora, asentada en Galicia desde 2002, doutora en Literatura Comparada, comezou a súa carreira cinematográfica como amadora rodando curtametraxes cos seus estudantes da Escola de Idiomas, para logo matricularse na Met Film School de Londres. Malia a orixe asturiana da directora, a rodaxe en lingua galega e con producción autóctona lévanos a incluír o filme neste estudo, reivindicando trazos que o distancian do modo de producción dominante, como a transgresión do ámbito documental tradicional coa inclusión da subxectividade da autora. Porén, atopamos aquí unha forma claramente narrativa, que pouco ten que ver coas tendencias experimentais de Andrade.

O filme percorre a historia e a desaparición do río Monelos, soterrado baixo a cidade da Coruña nos anos sesenta, cando se considerou un obstáculo no proceso de expansión urbana marcado pola especulación. O río preséntase no relato como reflexo da memoria persoal e colectiva, favorecendo unha identificación da natureza como espectáculo do cultural que racha coa dicotomía que tradicionalmente opón os termos. A narración, estruturada pola voz *over* da autora, introduce elementos autobiográficos alternando a dimensión histórica coa enfermidade de Alzhéimer que padece o seu pai. Cos testemuños dos veciños, un médico, e o propio alcalde da Coruña, o filme adopta, como sinala Víctor Paz (2016), a forma do río como «unha estrutura que odia a liña recta, retórcese, e ao final desemboca».<sup>24</sup> Entre as his-

<sup>23</sup> Tradución da autora. No orixinal: «retratar la distancia que hay entre las dos, esa diferencia generacional».

<sup>24</sup> Tradución da autora. No orixinal: «una estructura que odia la línea recta, se retuerce, y al final desemboca».

torias entrecruzadas no propio río, destaca desde o punto de vista da ecocrítica a transformación da paisaxe da Coruña. O río Monelos corre aínda baixo a cidade polos sumidoiros, suxerindo a idea de que as nosas cidades, como metonimia da propia civilización humana, están construídas sobre unha natureza que se agocha nas entrañas, no corazón da cultura. Esta mostra de dominación do ser humano sobre a natureza non-humana era subvertida pola inundación das rúas da cidade en días de enchente ou mareas vivas, reclamando a presenza oculta do río.

As diferentes obras analizadas neste artigo dan conta dunha diversidade de achegas que, de maneira máis ou menos explícita, están marcadas por representacións da natureza que desafían a súa concepción como obxecto de dominio dun ser humano enunciado en masculino. De tal xeito, son mostra dunha diversidade análoga ao que Ingram (2013: 58) describe como a «eco-estética pluralista que pode atopar valor —cognitivo, emocional, e afectivo— nun amplio abano de filmes».<sup>25</sup> As técnicas son moitas e dispares como é propio do eido audiovisual, mais atopamos algunas coincidencias nos traballos de cineastas tan diversas. Tanto Andrade como Gonçalves se caracterizan especialmente polo uso de tomas longas, tratando de reproducir o paso do tempo e reivindicando unha necesidade de deterse a observar a natureza, xa sexa unha paisaxe ou o propio corpo humano. Non consideramos porén que unha técnica teña de seu significación concreta, pois se algunas presentan unha certa efectividade para explorar determinadas cuestións de interese para a ecocrítica, o seu contrario pode funcionar nunha dimensión ecocrítica igualmente válida. Así, a construcción temporal en *Toxos e Flores*, baseada na rápida xustaposición das imaxes a modo de videoclip natural, ofrece tamén unha ollada sobre a paisaxe ligada ao humano que desafía a súa convencional separación.

<sup>25</sup> Tradución da autora. No orixinal: «pluralistic eco-aesthetic which can find value—cognitive, emotional, and affective—in a wide range of films».

Do mesmo xeito, o procesual, como pegada do corpo humano que se agocha tras a cámara, pode favorecer a emerxencia de obras que exploren unha relación cara á natureza non-humana máis igualitaria. Mais como ilustra Gómez-Díaz, tamén desde o eido observacional e a invisibilización da figura do observador se atopan achegas que responden a unha consideración da natureza non-humana como suxeito propio. É preciso que o cineasta desapareza para poder retratar a natureza, entendida como o outro? Ou implica este borrado da pegada humana necesariamente unha ollada que, na súa pretensión de ofrecerlle á natureza o papel protagonista, oculta o seu inevitable antropocentrismo? Estes interrogantes lanzan as representacións cara a un debate máis amplio no seo do pensamento ecocrítico. Sen poder entrar nel no breve espazo deste artigo, queda claro que desde o audiovisual galego realizado por mulleres existen contribucións dedicadas a repensar as nosas relacións coa natureza que, é de agardar, seguirán consolidándose.

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ALARCÓN, Samuel (2018). «El paisaje está vacío y el vacío es paisaje». *El Cine que Viene* (Radio 5), 23 de xaneiro. [En liña] [28 de xaneiro 2018]. <<http://www.rtve.es/alacarta/audios/el-cine-que-viene/cine-viene-paisaje-esta-vacio-vacio-paisaje-23-01-18/4434436/>>.
- ANDRADE, Carla (2013). 2014. [En liña] [28 xaneiro 2017]. <<https://vimeo.com/82896163>>.
- ANDRADE, Carla (2013). *Bocanoite*. [En liña] [3 febreiro 2018]. <<https://carlafernandezandrade.com/Bocanoite>>.
- ANDRADE, Carla (2013). *Geometría de Ecos I*. [En liña] [24 de novembro 2017]. <<https://vimeo.com/70441922>>.
- ANDRADE, Carla (2013). *Geometría de Ecos II*. [En liña] [24 de novembro 2017]. <<https://vimeo.com/70445232>>.
- ANDRADE, Carla (2013). *Geometría de Ecos III*. [En liña] [24 de novembro 2017]. <<https://vimeo.com/84343167>>.
- ANDRADE, Carla (2014). *Llueven manchas de tiempo*. [En liña] [3 febreiro 2018]. <<https://carlafernandezandrade.com/Llueven-manchas-de-tiempo>>.

- ANDRADE, Carla (2014). *Magma*.
- ANDRADE, Carla (2017). *El paisaje está vacío y el vacío es paisaje*. [En liña] [febreiro 2018]. <<https://carlafernandezandrade.com/El-paisaje-esta-vacio-y-el-vacio-es-paisaje>>.
- ANDRADE, Carla (2017). *Sibila..* [En liña] [3 febreiro 2018]. <<https://youtu.be/BwUvKicesKI>>.
- ANDRADE, Carla. (2018). *Carla Andrade*. [En liña] [3 febreiro 2018]. <<http://carlafernandezandrade.com/>>.
- BARREIRO, María Soliña (2018). «Filmear a terra. A paisaxe como cuestión de clase». Margarita Ledo (coord.). *Marcas na paisaxe: Para unha historia do cinema en lingua galega*. Vigo: Galaxia, 43-79.
- CARBALLAL, Mariana (coord.) (2021). *A representatividade e a representación das mulleres no audiovisual galego. Ficción 2020*. Vigo: CIMA-Asociación de Mulleres Cineastas e de Medios Audiovisuais. [En liña] [4 marzo 2022]. <[https://cimamujerescineastas.es/wp-content/uploads/2021/10/InformeCIMA\\_galicia\\_2020.pdf](https://cimamujerescineastas.es/wp-content/uploads/2021/10/InformeCIMA_galicia_2020.pdf)>.
- CHION, Michel (1994). *Audio-Vision. Sound on Screen*. Trad. Claudia Gorbman. New York: Columbia University Press.
- COHEN, Jeffrey Jerome (1996). «Monster Culture (Seven Theses)». Jeffrey Jerome Cohen (ed.). *Monster Theory: Reading Culture*. Minneapolis: University of Minnesota Press, 3-25.
- CUENCA SUÁREZ, Sara (2021). *Informe CIMA 2020: La representatividad de las mujeres en el sector cinematográfico del largometraje español*. Madrid: Ministerio de Cultura; CIMA. [En liña] [4 de marzo 2022]. <<https://acrobat.adobe.com/link/review?uri=urn:aid:scds:US:6dd54c2e-2413-4775-ba4c-53ef7e449aba#pageNum=3>>.
- DELEUZE, Gilles (1989). *Cinema 2: The Time-Image*. Trad. Hugh Tomlinson e Robert Galeta. Minneapolis: University of Minesota Press.
- DONOSO, Sara (2016). *Paisaje y pintura en el audiovisual gallego contemporáneo: Dos casos prácticos que se abrazan desde los extremos: Carla Andrade y Xisela Franco*. A Coruña: Arte Contemporáneo y Energía AIE.
- GARCÍA, Debora (2015). «Carla Andrade: “Siempre Dejo un Margen para el Error y la Sorpresa”». *A Cuarta Parede*, 14 de xullo 2015. [En liña] [16 febreiro 2018]. <<http://www.acuartaparede.com/carla-andrade-sempre-deixo-unha-marxe-para-o-erro-e-a-sorpresa/?lang=es>>.
- GÓMEZ-DÍAZ, Xiana (2015). *Sotobosque I*.

- GONÇALVES, Diana (2016). *Palmira*.
- GONZÁLEZ, Manolo (2016). «Sotobosque 1». *Fálame de San Sadurniño*. [En liña] [4 xanero 2018]. <<http://www.falamedesansadurnino.org/imaxe/sotobosque-1>>.
- GONZÁLEZ, Manolo (2017). «Sibila». *Fálame de San Sadurniño*. [En liña] [28 febreiro 2018]. <<http://www.falamedesansadurnino.org/imaxe/sibila>>.
- HUERTA, Ángeles (2016). *Esquece Monelos*. A Coruña: Dangadanga.
- INGRAM, David (2013). «The Aesthetics and Ethics of Eco-Film». Stephen Rust; Salma Monani; Sean Cubitt (ed.). *Ecocinema Theory and Practice*. New York: Routledge, 43-61.
- LEDO, Margarita (2016). «Acciones (in)diferentes, tensiones latentes: A propósito de feminismo y “novo cinema galego”». *IC: Revista Científica de Información y Comunicación*, 13, 67-84.
- MACDONALD, Scott (2013). «The Ecocinema Experience». Stephen Rust, Salma Monani; Sean Cubitt (ed.). *Ecocinema Theory and Practice*. New York: Routledge, 17-41.
- MARCO, María (2014). «Las revelaciones que acontecen en las cumbres». *Maria Marco*. [En liña] [4 de decembro de 2017]. <<http://mariamarco.weebly.com/llueven-manchas-de-tiempo--carla-andrade.html>>.
- MARTÍNEZ, Isabel; GALLEGOS, María (2012). «El Novo Cinema Galego, propuesta de definición y clasificación». *Revista Comunicación*, 10 (1), 264-75.
- MURPHY, Patrick D. (1995). *Literature, Nature, and Other. Ecofeminist Critiques*. Albany: State University of New York Press.
- PAZ, Víctor (2016). «Esquece Monelos, de Ángeles Huerta». *A Cuarta Parede*, 13 de decembro. [En liña] [14 marzo 2017]. <<http://www.acuartaparede.com/esquece-monelos-de-angeles-huerta/?lang=es>>.
- PÉREZ, Marta; REDONDO, Fernando (2014). «Novo Cinema Galego: cartografías audiovisuais trazadas desde a periferia». XI LUSOCOM, Universidade de Vigo. [En liña] [20 de novembro 2016]. <[http://novocinemagalego.info/wp-content/uploads/2015/12/cartograf%C3%ADA\\_de\\_la\\_periferia.pdf](http://novocinemagalego.info/wp-content/uploads/2015/12/cartograf%C3%ADA_de_la_periferia.pdf)>.
- PÉREZ, Marta. «Teitos de celuloide: As creadoras do Novo Cinema Galego». *Cinema e Muller*. Vigo: Museo de Arte Contemporáneo de Vigo. [En liña] [22 novembro 2016]. <<http://novocinemagalego.info/wp-content/uploads/2013/12/Teitos-de-celuloide.pdf>>.
- REDONDO, Fernando (2014). «Escrito na paisaxe: miradas documentais verquidas sobre a memoria da terra, sobre o que flúe e o que permanece». Jose

- da Silva; Carlos Eduardo Viana (ed.). *Encontros de Cinema*. Viana do Castelo: Ao Norte, 23-31. [En liña] [14 de novembro 2017]. <<http://www.aonorte.com/img/recursos/publicacoes/conferencia2014.pdf>>.
- REDONDO, Fernando; GONZÁLEZ, Xurxo (2015). «Una propuesta de vertebración del Novo Cine Galego: lo procesual y la marca documental». *Cuadernos Artesanos de Comunicación*, 83, 105-26.
- ROMERO, Brais (2015). «Idioma e identidad en el Novo Cinema Galego». *Fonseca. Journal of Communication*, 11, 9-31. [En liña] [12 de marzo de 2022]. <[http://novocinemagalego.info/wp-content/uploads/2015/12/NCG\\_en\\_Fonseca\\_Journal\\_of\\_Communication.pdf](http://novocinemagalego.info/wp-content/uploads/2015/12/NCG_en_Fonseca_Journal_of_Communication.pdf)>.
- ROMERO, Brais (2017). «8ª Mostra de Cinema Periférico (S8): Caminos del Cine Gallego». A Cuarta Parede, 27 de xuño. [En liña] [8 de decembro 2017]. <<http://www.acuartaparede.com/8a-mostra-de-cinema-periferico-s8-caminos-do-cinema-galego/?lang=es>>.
- SOLLA, Fernando (2016). «Xiana Gómez-Díaz. La elocuencia de un fundido a negro (o blanco)». *Cine Divergente*. [En liña] [17 de marzo 2018]. <<http://cinedivergente.com/festivales/festivales-2016/s8-mostra-de-cinema-periferico-2016/xiana-gomez-diaz>>.
- TORRES, Mónica (2009). «Palmira enfila 107 años de película». *La Voz de Galicia*, 18 de marzo. [En liña] [2 de febrero 2018]. <[https://www.lavozdegalicia.es/noticia/vigo/tui/2009/03/18/palmira-enfila-107-anos-pelicula/0003\\_7597956.htm](https://www.lavozdegalicia.es/noticia/vigo/tui/2009/03/18/palmira-enfila-107-anos-pelicula/0003_7597956.htm)>.
- VILELA, Lucía (2016). *Toxos e Flores*.
- WILLOQUET-MARICONDI, Paula (ed.) (2010). *Framing the world: explorations in ecocriticism and film*. Charlottesville: University of Virginia Press.



Copyright © 2022. This document is under a Creative Commons Attribution-Noncommercial-No Derivative Works 3.0 Unported License. To see a copy of this license click here <http://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/3.0/legalcode>.

# A TRILOXÍA «QATSI». UNHA ANÁLISE DO EQUILIBRIO DA VIDA DESDE UNHA PERSPECTIVA POSTHUMANISTA E O SEU REFLEXO NA REALIDADE DA GALIZA E PORTUGAL

LUIS E. FROIZ CASAL

Investigador independente

**RESUMO:** A trilogía *Qatsi*, dirixida por Godfrey Reggio nas tres últimas décadas do século xx e composta por *Koyaanisqatsi* (1982), *Powaqqatsi* (1988) e *Naqoyqatsi* (2002), supuxo un cambio de paradigma no xeito de filmar o noso contorno e a nosa relación con el, asumindo unha lóxica posthumanista no seu achegamento. A través da experimentación técnica e narrativa, modificando a escala temporal e espacial á que temos acceso como seres vivos, permítenos unha comprensión moi-to maior dos cambios que ocorren no mundo e unha reflexión, sen verbas, sobre o camiño que deberíamos tomar a nivel global, mais tamén local. Así, afonda na pega da humana e na evolución tecnolóxica relacionándoa co ecoloxismo. Neste artigo tentamos atopar esas reflexóns e a súa relación real co posthumanismo. Ao mesmo tempo, pretendemos aplicar esas lóxicas de comprensión do mundo á evolución da relación coa natureza tanto en Galiza como en Portugal ao longo do último medio século.

**PALABRAS-CHAVE:** Koyaanisqatsi; trilogía *Qatsi*; Godfrey Reggio; posthumanismo; documental; cinema experimental; ecocinema.

## LA TRILOGIA «QATSI». UNA ANÀLISI DE L'EQUILIBRI DE LA VIDA DES D'UNA PERSPECTIVA POSTHUMANISTA I EL SEU REFLEX EN LA REALITAT DE GALÍCIA I PORTUGAL

**RESUM:** La trilogia *Qatsi*, dirigida per Godfrey Reggio en les tres últimes dècades del segle xx i composta per *Koyaanisqatsi* (1982), *Powaqqatsi* (1988) i *Naqoyqatsi* (2002), va suposar un canvi de paradigma en la forma de filmar el nostre entorn i la manera com ens hi relacionem, assumint una lògica posthumanista en l'enfocament. A través de l'experimentació tècnica i narrativa, modificant l'escala temporal i espacial a què tenim accés com a éssers vius, ens permet una comprensió molt millor dels canvis que succeeixen en el món i una reflexió, sense paraules, sobre el camí que hauríem de prendre a escala global, i també local. Així, aprofundeix en l'empremta humana i l'evolució tecnològica relacionant-les amb l'ecologisme. En aquest article intentem trobar aquestes reflexions i la seva relació real amb el posthumanisme. Al mateix

temps, volem aplicar aquestes lògiques de comprensió del món a l'evolució de la relació amb la natura tant a Galícia com a Portugal al llarg de l'últim mig segle.

**PARAULES CLAU:** *Koyaanisqatsi*; trilogia *Qatsi*; Godfrey Reggio; posthumanisme; documental; cinema experimental; ecocinema.

**THE “QATSİ” TRILOGY. AN ANALYSIS OF THE BALANCE OF LIFE FROM  
A POSTHUMANIST PERSPECTIVE AND ITS REFLECTION ON THE REALITY  
OF GALICIA AND PORTUGAL**

**ABSTRACT:** The *Qatsi* trilogy, directed by Godfrey Reggio throughout the last three decades of the twentieth century and formed by *Koyaanisqatsi* (1982), *Powaqqatsi* (1988) and *Naqoyqatsi* (2002), created a new paradigm in how we film our environment and our relationship with it, assuming a posthumanist logic in its approach. Through technical and narrative experimentation, modifying our perception of time and space, it gives us a better understanding of the changes taking place in the world and a consideration, without using any words, of the path we should be taking both globally and locally, creating a narrative that relates the human footprint, technological evolution, and the relationship to ecology. This article examines those considerations and their true relationship to posthumanism, while at the same time considering world comprehension logics with regard to nature both in Galicia and in Portugal during the last half century.

**KEYWORDS:** *Koyaanisqatsi*; *Qatsi* trilogy; Godfrey Reggio; posthumanism; documentary; experimental cinema; ecocinema.

## INTRODUCCIÓN

A trilogía *Qatsi*, que recolle o seu nome da lingua hopi<sup>1</sup> —na que significa *vida*—, é un proxecto ao mesmo tempo ambicioso e experimental, que escapa dos estereotipos narrativos para probar novas liñas formais na súa proposta, mais sen perder en ningún momento o foco no principal que quere contarnos: o impacto humano no mundo e o xeito de evolucionar que temos como especie. É curiosa, e destacábel, a distancia temporal entre o primeiro dos filmes, *Koyaanisqatsi*, estreado en 1982 (pese a que a filmación comezara en 1975) e o derradeiro, *Naqoyqatsi*,

<sup>1</sup> Unha tribo cuxo territorio se estende maioritariamente por Arizona.

que vería a luz en 2002. Unha distancia na cal é preciso asumir como espectadores unha comprensión da brutal evolución no mundo e nas sociedades humanas, comezando pola revolución informática e pasando pola revisión das políticas occidentais cara ao neoliberalismo, con toda a afectación a respecto do clima e das relacións coa natureza que ambos acontecementos suporían.

*Koyaanisqatsi* (cuxa tradución viría a ser *Vida sen equilibrio*) nacía, como comentabamos, a comezos da década dos oitenta. Mediante aceleración de planos, *time-lapses*, planos aéreos imposíbeis e xustaposición de imaxes da natureza, o espazo urbano e algúns planos concretos nos que se centraba na figura humana, traía unha narrativa baseada únicamente no visual e no musical, combinando a experimentación da imaxe coa banda sonora composta *ex profeso* por Phillip Glass, evitando calquera tipo de explicación textual ou diálogo. A aceleración dos tempos fai de espello no que se reflicte a aceleración do xeito de vivir a vida na súa contemporaneidade con respecto a períodos anteriores. Unha aceleración que nos leva por oposición ao proposto, seis anos máis tarde, por *Powaqqatsi* (traducido coma *Vida en transformación*), no que Godfrey Reggio abandona o contorno natural para fixar a súa mirada na vida humana en zonas subdesenvolvidas nas que a contraposición natureza-humanidade é moito menos marcada que nos Estados Unidos nos que viaxabamos no primeiro filme. Por último, e xa con case década e media de separación, en *Naqoyqatsi* (que significa *Vida como guerra*) voltaba a unha nova reformulación no seu discurso sobre a presenza do ser humano no planeta, aproximándose a unha visión moito más experimental e procurando unha narrativa na que o importante está na trucaxe visual e na mostra posmoderna de imaxes sacadas de medios de comunicación e de creacións informáticas. Porén, a distancia temporal provoca, ademais da evolución tecnolóxica da que Reggio dá conta, un cambio no paradigma vital dos e das habitantes de occidente, aumentando a velocidade de vida a medida que se reducen os tempos de transmisión de datos e comunicacións.

Deste xeito, a través da trilogía *Qatsi*, Reggio ofrécenos unha revisión da figura humana nas tres últimas décadas do século XX desde unha narrativa experimental e complexa. Mais, lonxe de pretender ob-

servar e analizar en profundidade os acertos e posíbeis errores formais do seu traballo fílmico, nesta investigación queremos preguntarnos como é a visión de fondo que ofrece o director nacido en Nova Orleáns en 1940 desde a perspectiva más achegada á crítica ecoloxista da actividade da nosa especie, e canto influiu a obra non só no imaxinario colectivo, senón na narración cinematográfica en traballos semellantes, como son os da trilogía *Chronos*, *Baraka* e *Samsara*, dirixidos por Ron Fricke, director de fotografía da primeira parte da trilogía *Qatsi*. Tamén, e dada a lóxica espacial desde a que esta investigación nace, pretendemos facer unha reflexión sobre como a crítica de Reggio se ve reflectida na realidade galega e portuguesa no case medio século que pasou dende o comezo da producción de *Koyaanisqatsi*.

Para isto, a nosa liña de traballo consistirá nunha análise da mensaxe que podemos entender a partir da revisión da trilogía como unha obra conxunta ideada e traballada a través de máis dun cuarto de século, achegándonos á relación das tres obras e ao diálogo que as súas narrativas establecen entre si e co seu público potencial. A partir desta análise, poderemos comprender que postura filosófica recollen os tres filmes respecto á lóxica ambientalista e posthumanista. Tentaremos, ademais, desvelar como se aproximan á visión ecolóxica do planeta Terra, e formularemos unha posíbel lectura das súas teses respecto á evolución do problema climático e a influencia humana no seu desenvolvemento a través da nosa explotación do contorno natural, razoando a súa postura dentro do que podemos considerar *ecocinema* e centrando a nosa observación en correspondencia coa nosa realidade inmediata dentro da Galiza e Portugal, empregando para iso estudos analíticos sobre a evolución na forma de vida e a relación da poboación coa natureza dentro destes dous territorios.

## A TRILOXÍA

Desde a súa estrea en 1982 despois de sete anos de producción rodando en múltiples espazos naturais e urbanos de Estados Unidos, ademais da

selección de planos de arquivo como o despegue dun foguete da NASA, a visión de *Koyaanisqatsi* como obra de culto do cinema de vanguarda é indubidábel. Referencias a ela en múltiples medios, desde episodios de series de televisión coma *The Simpsons* até videoclips como o do tema *Ray of Light* de Madonna, ou homenaxes como a curta feita por Jesse England en 2016 *Koyaanistocksi*, que recreaba o tráiler orixinal substituíndo as imaxes por vídeos de stock para amosar a importancia da obra de Reggio na visión actual do mundo e facer «a testament to Reggio's influence on contemporary motion photography, and the appropriation of his aesthetic by others for commercial means» (England, 2016), son suficientes exemplos como para reforzar a nosa afirmación. Non tanto se pensamos nas outras dúas entregas da trilogía, moito más menosprezadas pola repetición de fórmulas e por ofrecer unha narrativa, se cabe, menos clara do que facía *Koyaanisqatsi*. Con todo, a forza da experimentación narrativa a través da mestura de imaxes espectaculares e música, escapando da linguaxe falada, xa fosen diálogos, narración en off ou texto escrito, uniría a trilogía como un conxunto que chegaba a crear un discurso común que non debemos desbotar.

Se nos pechamos na perspectiva que aquí buscamos, que é a da visión posthumanista da relación entre a persoa e a natureza a través da crítica ecoloxista, é importante ter en conta a diferenza abismal que hai entre o tratamento da primeira entrega e as outras dúas. Se ben en *Koyaanisqatsi* a base é a contraposición da vida serena e apracíbel da natureza en relación á velocidade endiañada da vida na cidade, veremos que nas outras dúas pezas a tendencia está más centrada na propia evolución da sociedade e na explotación do ser humano polo ser humano. Para esa lóxica humano-natureza, o que propón *Koyaanisqatsi* é unha mostra de desertos e parques nacionais estadounidenses que se mestura pouco a pouco con escenas da vida diaria en cidades como Nova Iorque, Chicago ou San Francisco, introducindo ademais imaxes de arquivo desbotadas de filmes ou cedidas, como xa comentamos, por organismos oficiais como a NASA. Todo iso cunha montaxe feita a catro mans polo director de fotografía Ron Fricke e Alton Walpole que se presenta poética, aproveitando o espectacular do filmado e a forza que provoca a diverxencia entre os espazos.

Se ben as imaxes nos espazos naturais tenden á procura do paisaxístico e a un ritmo pausado —sen renunciar a buscar a beleza a través de espectaculares *time-lapses* con movementos de cámara incluídos—, os momentos nos que entramos no urbano son moito más complexos. Neles, Reggio renuncia a seguir unha soa liña e divídea en dúas vertentes: aquela na que explora os espazos en grandes planos que usan a cidade como paisaxe e aquela na que baixa ao nivel do humano para ver a vida dentro desas cidades. Estas dúas vertentes tamén se confrontan na súa velocidade, xa que se ben nos grandes planos xerais que focalizan a paisaxe urbana tende á rapidez, observando os vehículos e incluso acelerando o que vemos xogando de novo con efectos de *time-lapse*, nos planos centrados no humano non só se nos achega á escala espacial dos e das habitantes, senón tamén á escala temporal. Todo iso faino pretendendo despersonalizar e tratando cada elemento como parte do mesmo todo. En ningún momento se nos explica de onde sae cada plano, e a narrativa soamente flúe, seguindo o ritmo marcado pola música de Phillip Glass.

Así, a través desta exposición comparativa que nós acabamos por aceptar e interiorizar como público, a racionalidade deste primeiro filme da trilogía está nunha visión posthumanista centrada en como a fuxida do natural acaba por eliminar os xestos tradicionais da vida humana en beneficio dunha despersonalización das habitantes que, porén, seguimos a conseguir organizarnos dentro deses espazos *a priori* contrarios á nosa existencia como animais. Non debemos ver, aínda así, que considere o mundo urbano como algo desordenado ou negativo, e desde logo evita todo posibel discurso social. De feito, unha das principais funcións que destacan da visión dos planos paisaxísticos das urbes é unha enorme beleza na que as luces dos vehículos viaxan polas estradas nunha sorte de ballet nocturno que aparenta precisión milimétrica nos seus movementos. As dúas ideas sobre a visión do espazo urbano só se atopan nun fragmento no que a cámara, apostada no asento traseiro dun coche, amosa as luces da vila pasando a toda velocidade ao noso redor nunha nova demostración técnica da fotografía de Fricke.

Esta liña estilística só atoparía un eco relativo na seguinte parte da saga. Se ben debemos recoñecer que *Powaqqatsi* segue coa mesma idea

de montaxe baseada nos ritmos da música de Glass procurando unha exploración preciosista daquilo que amosa, escapa da reflexión entre natureza e ser humano dun xeito tan marcado para achegarnos á forma de vida en zonas deprimidas de Brasil, India ou Perú. Tal e como expón Solís (2012), «*Powaqqatsi* disecciona quirúrgicamente el erróneo y pe-tulante eurocentrismo; aunado al mismo, presenta de forma bellamente desgarradora la explotación infantil y comunitaria». Porén, si é certo que existe unha relación entre natureza, industrialización, explotación de recursos do terceiro mundo e consecuencias na forma de vida local, e seguindo a análise de Solís (2012), «nos invita a repensar la ciudad como representante opuesto del orden de la naturaleza, pensar la ciudad como unidad diversa de credos, economías, etnias...».

De todos os xeitos, na súa fuxida cara á contemplación antropolóxica das formas de vida das habitantes das zonas deprimidas, *Powaqqatsi* serve como secuela que precisa da primeira entrega para conseguir o seu significado plenamente. Se comprendemos a mensaxe sobre a humanidade que transforma e se aproveita da natureza que a rodea que se nos presentaba na primeira das entregas, nesta segunda fai un xiro no cal o ser humano explota o ser humano e xa non se aproveita dos recursos inmediatamente dispoñíbeis, senón que a través da globalización do mercado e da economía remata por establecer unha destrucción do medio ambiente e das culturas do outro lado do planeta. Deste xeito, o perigo derivado da industria que na primeira entrega era inmediato e pechado —aínda que xa o podíamos comprender como algo inherente a toda a forma de vida da sociedade occidental—, agora entendémolo coma un perigo global.

Non deixa de ser paradoxal, se nos centramos na nosa perspectiva inmediata e analizamos o cambio vivido na sociedade galega nas últimas décadas, que tal e como destaca López Iglesias (2019: 4) sexa posíbel ver «unha aceleración de dous procesos que viñan de atrás, desde mediados do século xx: a regresión demográfica da maioría das comarcas rurais e simultaneamente a súa progresiva desagrariación». Unha fuga do rural que choca, ademais, co aumento produtivo que a tecnificación das tarefas do campo produciu na industria agropecuaria, dei-

xando este aumento de beneficio en menos mans. É dicir, tal e como parece sinalar o texto fílmico de Reggio, a explotación da natureza tecníficase, e a consecuencia é unha maior separación entre a especie explotadora (nós) e dito entorno natural. As metrópoles gañan presenza, humana e económica, mentres que as comunidades rurais desaparecen.

Índenos xa até a terceira das películas, *Naqoyqatsi*, debemos asumir a distancia tecnolóxica que existe entre 1988 e 2002. Dun momento no cal a informática estaba chegando aos fogares e pequenas empresas e aínda non tiñamos moi claro até onde podía chegar, pasabamos a un presente no cal internet era algo assumido, unha porcentaxe alta de familias de occidente tiñan polo menos un terminal na casa e a telefonía móvil xa era unha realidade, aínda que estivese lonxe do que chegaría a supor poucos anos despois en canto á transformación do noso xeito de achegarnos ao mundo. Isto inflúe en que esta terceira entrega empregue unha visión moito más centrada no tecnolóxico, na relación entre o ser humano e a cultura e tente razoar sobre o papel do humano dentro do maremágnum mediático e mediatizado ao que se confronta no día a día. Tal e como sinala Bonotto (2010: 107), a celebración do ritualístico e da unión do home coa natureza de *Powaqqatsi* «salta desse universo orgânico, do vivo, do heterogêneo, e vem agora para uma dimensão mais técnica, distanciada, processada, padronizada». Deste xeito, recolle desde a primeira entrega a idea de utilización de vídeos de arquivo e lévaa até o extremo, mesturando imaxes sacadas da televisión con imaxes producidas con ordenador e con máquinas especializadas, deixando más de lado a revisión sobre a vida humana con respecto á natureza extraurbana pero reflexionando na propia visión da humanidade na existencia artificial creada. A partir desta idea, esta terceira entrega afástase en gran medida do preciosismo de entregas anteriores, e repensa planos xa existentes neles para alteralos e facernos comprender un mundo centrado na súa propia representación, aparentando sinalar o mesmo que se desprendía do pensamento de Debray (1992/1994) cando dicía que «una videosfera omnipresente tendría el cinismo por virtud, el conformismo por fuerza y por horizonte un nihilismo consumado».

## A PERSPECTIVA ECOLÓXICA POSTHUMANISTA DE «QATSI»

Polo que comentamos até agora, é evidente que o principal obxectivo subtextual da obra de Reggio é o ser humano. Mais, como poñen de manifesto as imaxes que amosa en *Koyaanisqatsi*, non o deixa á marxe do contorno natural, senón que o expón como parte dese contorno, e incluso fai ver como a capacidade de construcción e de organización da nosa especie remata por ser un problema ao modificar totalmente a paisaxe, convertendo as montañas en rañaceos tras os que rematan por agocharse o sol e a lúa. Iso si, escapa dunha exposición diferenciada entre ambos espazos, permitíndonos decidir se queremos ver unha orde maior nun espazo ou no outro, asumindo a mesma tese que Pepperell (2005: en liña) idea no seu Manifesto Posthumanista ao dicir que

Nature is neither essentially ordered or disordered. What we perceive as regular, patterned information we classify as order; what we perceive as irregular, unpatterned information we classify as disorder. The appearance of order and disorder implies more about the way in which we process information than the intrinsic presence of order or disorder in nature.

Para esta comprensión do mundo en relación ao acto espectatorial é esencial o xeito narrativo escollido, afastándose da palabra falada ou escrita e deixando que soamente sexan os elementos cinéticos e musicais os que sirvan de guía para que nos fagamos unha idea do que se nos quere contar. Este xeito de achegarse á narración audiovisual é, con todo, un impedimento para escoller unha interpretación unívoca dos filmes. A maneira de entrar no que se nos presenta depende, unicamente, da bagaxe que teñamos como público e da nosa predisposición a deixarnos levar pola experimentación que Reggio nos propón. Con todo, desde a perspectiva que nós tomamos para esta investigación tentamos descifrar as lóxicas en relación á visión ecoloxista que podemos apreciar na trilogía.

A visión principal desde a que podemos comprender a proposta do de Nova Orleáns é aquela do posthumanismo. Tal e como describe Va-

lera (2014: 483), «posthumanism, therefore, represents the vertex of a parabola that began well before the modern age, to which man is nothing other than merely one of the living creatures that inhabit the Earth». Reggio expón a nosa unicidade como especie fronte á magnificencia do planeta e obriga, nese contraste, a repensar a nosa figura como parte do ecosistema existente. Podemos considerar, do mesmo xeito, que nos filmes, en conxunto, permítensen chegar a comprender que a nosa necesidade é a de organizarnos a través da tecnoloxía (que prima en *Naqoyqatsi*) para comprender as diferentes vías culturais, idiosincráticas e de relación co ambiente (como se observa en *Powaqqatsi*) para que a distancia entre natureza e espazo humano non se destrúa, tal e como xa vimos dicindo que se remarca profundamente en *Koyaanis-qatsi*. Do mesmo xeito, e facendo caso novamente dos estudos de Valera (2014: 484), «the culmination of a complete posthumanism (like that of a fulfilled ecology), is, indeed, the adaptation of common consciousness to the Superorganism/Gaia, the pouring out of oneself and the cancellation of one's own ego».

Partindo desta visión do humano e a natureza como entes indivisíbeis, non debemos deixar de lado a escolla de Reggio para o nome dos seus filmes a partir da linguaxe do pobo Hopi. Tal e como establece Lippens (2019: 721), as crenzas e mitoloxías que son a base da organización social do pobo Hopi afondan nunha visión global baseada no equilibrio e deste xeito os seus chamáns senten a interdependencia entre todas as formas vivas da terra «through the “breath” that flows in from above, and through the physical contact with the sheer earth». Deste xeito, a escolla da súa lingua para titular os filmes non parece azarosa, senón todo un principio de unión entre as posturas que toma respecto á vida humana no planeta Terra e a visión conservacionista que acaba por ser o eixe de pensamento básico dos hopi na súa existencia desde os tempos nos que, segundo as súas propias lendas, chegaron a este «cuarto mundo» despois de que fosen expulsados dos tres primeiros polo carácter vicioso do ser humano.

Daquela, a través do tríptico que conforman os filmes, debemos entender que Reggio non pon o foco sobre ningún problema ecolóxico ur-

xente, senón máis ben sobre a figura humana en relación á nosa presenza no mundo. Perfila unha idea que deixa a unha interpretación moi libre, pero na cal pon de manifesto que o contorno sobre o que nos movemos precisa que a tecnoloxía e o seu avance sexan coherentes coa propia evolución humana, pero aínda máis coa evolución do planeta. A realidade que existe ao noso redor vai ser modificada coa nosa presenza, do mesmo xeito que é modificada por si mesma, mais en lugar dunha explotación absoluta dela, separándonos en mundos tan contrastados como son eses desertos e esas cidades da primeira entrega, podemos, e debemos,雇用 a tecnoloxía, obsesión principal da terceira película, para atopar un xeito de vida común e máis balanceado co noso contorno, recollendo ideas de tempos inmemoriais.

Se facemos novamente un achegamento ao modelo imperante na Galiza e en Portugal respecto a un problema urxente e inmediato que marcou fondamente a realidade ecolóxica das últimas décadas atopamos, tal e como sinalan autores como Balsa Barreiro (2012) ou Camargo e Pimenta de Castro (2018), que a produción de madeira de eucalipto e piñeiro de xeito masivo como se implementou dende a segunda metade do século xx foi non só un problema que afectou á modificación paisaxística e á perda de biodiversidade, senón un dos principais problemas dos que se derivaron as vagas de incendios de 2006 e 2017 respectivamente. É dicir, que os cambios producidos polo ser humano, lonxe de mellorar ou integrarse co entorno, foron perigosos e danosos para o mesmo. Un cambio que, ademais, naceu como unha introdución progresiva de especies cunha rendibilidade alta a curto prazo pero que fóra da nosa capacidade de visualización temporal —algo no que afonda, como xa dixemos, a lóxica dende a que narra Reggio na súa trilogía— foron gañando terreo ás especies autóctonas converténdose na orixe de vagas de lume e na perda de calidade produtiva dos terreos.

Os xeitos narrativos escollidos, á marxe de afastarse de darnos unha mensaxe unívoca e buscar un certo ton críptico a través das poéticas do movemento, tamén axudan na posíbel comprensión dos cambios que sofre a natureza e a vida humana. Tal e como expresa Varner (2017), «the ecological and posthuman effects of its time-lapse aesthetics ab-

solutely concern the relationship between humans, machines and the environment». O que fai Reggio a través da mirada afastada do que un ser humano pode apreciar na súa concepción do tempo que nos ofrece é converter o que ocorre na visión dunha máquina permitindo crear, así, unha análise moito más precisa do que está a ocorrer en longos períodos de tempo. Segundo coa análise de Varner, «the film's ability to give mechanical eyes to a human viewer by transforming boredom into patience marks what I will call mechanical, nonhuman vision». De feito, o uso do *time-lapse* para ver evolucións de movementos en tempos que o ollo humano é incapaz de percibir xa fora adiantado en certo xeito por Charles Darwin e o seu fillo Francis para comprender o movemento das plantas até o punto de que «the Darwins' engagement with time-lapse did establish a spectrum of possibilities ranging from providing scientific data to furnishing aesthetic novelties that practitioners of time-lapse imaging would elaborate and refine thereafter» (Gaycken 2012: 56).

Isto lévanos, ademais, a pensamentos semellantes aos que estrutura Olson (2003: 318-334) cando fala sobre os corpos e a persistencia material deles en relación á identidade, asumindo que ainda que perdamos a unión entre ente presente e ente pensante e adoptemos novas capacidades de percepción grazas á tecnoloxía, a nosa presenza material como animais humanos segue a poder asumirse como unha necesidade en relación á nosa identidade. O feito de que a nova visión do mundo que nos expón a tecnoloxía a través do *time-lapse* nos permita apreciar mellor determinados patróns de movemento non deixa de situarse lonxe do que comprendemos debido á escala temporal na que nos vemos na obriga de percibir o mundo que nos rodea.

Con iso, seguindo as teses posthumanistas a un nivel máis puro e xurdindo desa unión natureza-persoa-máquina que representa a trilogía, como espectadores e espectadoras chegamos a apreciar e sentir o dano, comparando realidades afastadas entre si, tempos imposíbeis de ver e artellando, de todo isto, unha comprensión do noso planeta case deíctica, desde a que só podemos sacar en conclusión que, como parte do todo, temos a opción de continuar no mesmo camiño ou tentar re-

medialo. Non en van, tal e como sinalaba Cubitt (2012: 280), «data visualization, embracing cartography, numbers, graphics, and simulation, is integral to the discourse of climate change», posto que «global events like climate change do not occur in humanly perceptible scales or time-frames». Mais sen centrar o seu discurso no cambio climático —posto que áinda era un tema apenas explorado e desde logo nada candente en 1982, cando Reggio estrea a primeira entrega das *Qatsi*—, xa deixaba al-biscar que moito do problema derivado do consumo excesivo de recursos e de emisión de CO<sub>2</sub> remataría por provocar cambios irreparábeis no noso planeta.

### A PEGADA DE «QATSI»

Xa falamos ao comezo deste artigo sobre a repercusión que a trilogía *Qatsi*, e principalmente a primeira das entregas, tivo dentro da cultura popular, chegando a ver homenaxes en diferentes medios. Mais o seu legado chega moito máis alá. Desde que naquel 1982 os *time-lapses* que nos presentaba *Koyaanisqatsi* sorprenderan ao público (áinda sen tratarse dunha técnica nova, xa que podemos rastrexar a súa existencia até os albores do cinema), o emprego destes volveuse xa non só habitual, senón un clixe que podemos apreciar en multitud de documentais e, máis ánda, en produtos publicitarios ou incluso en imaxes de recheo que podemos mercar en arquivos. De aí é de onde nace a curtametraxe xa citada *Koyaanistocksi* montada por Jesse England en 2016 e, de feito, xa en 2006, cando ánda estabamos comezando a era na que coa democratización dos medios de filmación coa que case calquera pode facer un *time-lapse* e modificar así a realidade filmada, Lavery (2006: 7) vía que «in the course of its history, time-lapse photography, once thought of as a window on the momentousness of nature, once poetic, has lost its “otherworldliness”—become prosaic».

Porén, onde máis podemos apreciar a influencia da trilogía no mundo do cinema é, curiosamente, na carreira posterior do director de fotografía da primeira das entregas, Ron Fricke. Así, a partir das mesmas

premisas estéticas coas que nacera *Koyaanisqatsi*, Fricke dirixiría *Chronos* en 1985, *Baraka* en 1992 e *Samsara* en 2011, facendo unha sorte de trilogía que responde ás obras de Reggio en termos estilísticos semeillantes, mais cunha profundidade narrativa diferente.

Destas tres obras dirixidas por Fricke, a máis achegada á lectura final que estamos a facer aquí sobre os filmes englobados dentro da trilogía *Qatsi* sería *Baraka*. Recollendo, como dicimos, a mesma liña estética baseada en narrativa sen diálogos e mostra de planos preciosistas, *time-lapses* e enfrentamento entre humanidade e natureza, preséntase coma un documental antropolóxico que segue a mesma senda posthumanista que podiamos ler en *Koyaanisqatsi* e *Powaqqatsi* ao enfrentar a vida en comunidades tradicionais e a súa relación coa natureza e coa vida urbana ao tempo que respecto á capacidade fagocitadora de todo o que rodea a urbe. Con todo, parece deixar de lado a procura tecnolóxica que despois poderíamos entender en *Naqoyqatsi*, e nin sequera é algo que Fricke recolla para a súa posterior *Samsara*, senón que nese caso fai unha sorte de actualización do exposto en *Powaqqatsi* virando a cara na dirección da análise estética dos preceptos ritualísticos das relixións do mundo.

Iso si, seguindo coa mesma mirada que estamos a adoptar en toda a análise, a preocupación de Fricke sobre a sociedade e a visión antropolóxica, especialmente en *Baraka*, remata por dar un aire moito más pessimista sobre a posibilidade de supervivencia no contacto mutuo entre os humanos ao revisitar os horrores e xenocidios do século xx. De todos os xeitos, aceptamos totalmente que tanto en *Chronos* como en *Baraka* como en *Samsara* as semellanzas con *Koyaanisqatsi* son notábeis, xa non no propio traballo de Fricke, que de feito era, como xa dixemos, montador e director de fotografía na primeira das obras mencionadas dirixidas por Reggio, senón tamén na visión posthumanística explicitando unha preocupación pola relación entre a humanidade no mundo moderno e a natureza. Se ben quizais abandone a posibilidade de profundidade filosófica para dar preferencia á perspectiva puramente estética, observando un traballo totalmente obsesionado co aspecto formal.

Non rematarían aquí as influencias posteriores que podemos ver no cinema desde a trilogía *Qatsi*, mais si as más directas. Con todo, pode-

riamos atopar semellanzas no ton que autores relativamente comerciais coma Terrence Malick dan a pasaxes dos seus filmes posteriores (sirva coma exemplo *Tree of Life* [2011]) como en documentais sobre medio ambiente entre os que podemos citar *Green* (Patrick Rouxel, 2010) —tal e como analiza Sullivan (2016: 756-758)— ou obras con certo ton experimental como *¡Vivan las Antípodas!* (Viktor Kossakovsky, 2011). Tamén, se quedamos no panorama galego, podemos ver semellanzas en filmes coma os de Lois Patiño no seu gusto experimental pola contemplación (aínda que cunha perspectiva no ton temporal totalmente diverxente), do que Amago (2018: 93) destaca que o senso de intimidade do seu cinema responde ás «acoustic structures that enmesh the spectator within a trance-like aural repetition, while the director's sense of "immensity" is derived from a factor of a scale of incommensurability between human objects and natural environments». Non parece casual o feito de que todos eles sexan filmes nos que, tras o seu visionado e análise, sexa inevitábel que xurda a reflexión sobre a preocupación polo mundo e pola presenza do ser humano nel, así como da nosa propia deriva como especie.

## CONCLUSIÓN

Cando en 1982 vía a luz *Koyaanisqatsi* non só quedaba plasmado na retina do seu público un documental innovador obsesionado pola técnica fílmica e que lles levara aos seus responsábeis varios anos de traballo escollendo planos, filmando *time-lapses* e experimentando coa forma. Tamén se levaba ao cinema unha obra que, sen unha soa liña de texto pero cunha densísima narrativa visual, obrigaba a establecer unha reflexión sobre os cambios que a sociedade debería levar a cabo para poder seguir a existir como especie dentro do planeta Terra. Establecía isto desde unha perspectiva fundamentalmente posthumanista, como explicamos ao longo deste artigo, e de feito completaba o pensamento a través dos outros dous filmes da trilogía aquí tratados, *Powaqqatsi* e *Naqoyqatsi*, recollendo a idea inicial de *Koyaanisqatsi* e levántoala a unha reflexión máis profunda sobre os cambios que a especie humana sufriría nas décadas da fin do século xx.

Porén, a comprensión posthumanista do texto fílmico é unha das moitas que podemos facer. Precisamente a súa falta de texto escrito ou falado lévanos a un baleiro de dirección concreta naquilo que debemos comprender sobre o que se nos está a amosar. Mais unha revisión da estrutura do filme, e máis importante aínda, da estrutura da trilogía se a concretamos como unha sorte de obra estendida ao longo de case tres décadas de traballo, fai que sexa difícil deixar de lado a revisión da lóxica que establece Reggio ao amosar o ser humano como un animal que establece relacóns excesivamente destrutivas comparando o contorno medioambiental, a vida na cidade, a vida en zonas en vías de desenvolvemento e a velocidade do avance tecnolóxico que consome a vida da sociedade contemporánea nunha sorte de aceleracionismo produtivo que, aínda dúas décadas despois da estrea da última das películas da trilogía, segue a presentarse coma un problema ao que precisamos atopar solución como especie antes de que sexa demasiado tarde.

É doado, de feito, ver un reflexo destes problemas en lugares industrial e economicamente afastados da Europa continental e esquecidos polas súas políticas económicas como son Galiza ou Portugal, onde os cambios producidos a través da modernización levaron, en moitas ocasións, a perdas irreparábeis das formas de vida tradicionais. Isto, que ten moito que ver coas perspectivas que Reggio manifestaba en *Powaqqatsi*, fai que as industrias agrarias perdan presenza a nivel social malia aumentar a súa producción mentres a poboación das cidades aumenta de xeito desproporcionado ou que as paisaxes sexan explotadas por industrias como a da madeira en pos dun beneficio económico malia danar a biodiversidade local, esquecendo as sinerxías precisas entre a humanidade e a natureza. Unha lóxica doadamente visible se facemos unha reflexión numérica e contrastando datos e memoria ao longo das últimas décadas pero que, sen ter a capacidade de visión durante extensos períodos de tempo que se nos ensina desde a perspectiva tomada na trilogía, poden parecer movementos case naturais e incluso pausados.

A importancia das teses que se poden extraer dos filmes e a forza da súa innovación narrativa foron tales que non só marcaron a carreira completa do director Godfrey Reggio e do director de fotografía Ron

Fricke, que repetirían a mesma fórmula en varios filmes posteriores de maneira paralela, senón que influirían incluso na lóxica da narrativa documental, e máis específicamente de obras que retomaban a mesma liña de preocupación pola figura humana como parte do todo que é o noso planeta. Desde aquel 1982 son moitos os exemplos de como o xeito de analizar o contorno a través das alteracións temporais desde máis alá da escala humana permite unha comprensión moito más precisa da nosa influencia noutras formas de vida e, desde esa lóxica, podemos achegarnos a repensar a maneira de organizar a nosa sociedade para poder reducir o impacto medioambiental.

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- AMAGO, S. (2018). «Local Landscapes, Global Cinemascapes, and the New Galician Documentary». *Abriu*, 7, 81-99. [En liña] [7 setembro 2021]. <<https://doi.org/10.1344/abriu2018.7.4>>.
- BALSA BARREIRO, J. (2012). «O modelo de xestión da superficie forestal en Galicia e a súa repercusión na crise incendiaria do ano 2006». *Revista Galega de Economía*, 21:2, decembro 2012, 11-38.
- BONOTTO, A. (2010). «Naqoyqatsi, ou o movemento como (des)control». *Contracampo* 21, 84-112.
- CAMARGO, J.; PIMENTA DE CASTRO, P. (2018). *Portugal em chamas: Como resgatar as florestas*. Lisboa: Bertrand Editora.
- CUBITT, S. (2013). «Everybody Knows This Is Nowhere: Data Visualisation and Ecocriticism». S. Rust; S. Monani; S. Cubitt (ed.). *Ecocinema: Theory and Practice*. Nova Iorque: AFI/Routledge, 277-296.
- DEBRAY, R. ([1992] 1994). *Vida y muerte de la imagen: Historia de la mirada en Occidente*. (Trad. R. Hervás). Barcelona: Paidós.
- ENGLAND, J. (2016). «Koyaanistocksi». *Páxina de Vimeo do autor*. [En liña] [7 setembro 2021]. <<https://vimeo.com/162039610>>.
- GAYCKEN, O. (2012). «The secret life of plants: Visualizing vegetative movement, 1880-1903». *Early Popular Visual Culture*, 10:1, 51-69, [en liña] [7 setembro 2021]. Doi: 10.1080/17460654.2012.637392
- LAVERY, D. (2006). «No More Unexplored Countries': The Early Promise and Disappointing Career of Time-Lapse Photography». *Film Studies*, 9, 1-8.

- LIPPENS (2019). «Mega/City/Crime: Notes on the Cultural Significance of Reggio's *Koyaanisqatsi* (1982)». *International Journal for the Semiotics of Law-Revue Internationale de Sémiotique Juridique*, 32:3, 713-730.
- LÓPEZ IGLESIAS, E. (2019). «O sector agrario e agroalimentario en Galicia: balance das transformacións desde a integración europea, 1986-2016». *Revisita Galega de Economía*, 28, 1-20. Doi: 10.15304/rge.28.3.6168.
- OLSON, E. T. (2003). «An Argument for Animalism». R. Martin e J. Barresi (ed.). *Personal Identity*. Malden, Massachusetts: Blackwell, 318-334.
- PEPPERELL, R. (2005). «The Posthuman Manifesto». *Kritikos*, 2 (Febreiro). [En liña] [7 setembro 2021]. <<https://www.intertheory.org/pepperell.htm>>.
- SOLÍS, J.L. (2012). «La trilogía *Qatsi*: visión posmoderna del hábitat». *Vive Inteligente*. [En liña] [7 setembro 2021]. <<http://viveinteligente.org/2012/08/la-trilogia-qatsi-vision-posmoderna-del-habitat/>>.
- SULLIVAN, S. (2016). «Beyond the money shot; or how framing nature matters? Locating Green at Wildscreen». *Environmental Communication*, 10:6, 749-762. [En liña] [7 de setembro 2021]. <<https://doi-org.sire.ub.edu/10.1080/17524032.2016.1221839>>.
- VALERA, L. (2014). «Posthumanism. Beyond Humanism?». *Cuadernos de Biología*, 25:3, 481-491.
- VARNER, G. M. (2017). «*Koyaanisqatsi* and the Posthuman Aesthetics of a Mechanical Stare». *Film Criticism*, 41:1. [En liña] [7 setembro 2021]. <<https://doi.org/10.3998/fc.13761232.0041.104>>.



Copyright © 2022. This document is under a Creative Commons Attribution-Noncommercial-No Derivative Works 3.0 Unported License. To see a copy of this license click here <http://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/3.0/legalcode>.

# NATUREZA DIXITAL: VIDEOPOESÍA DESDE A PERSPECTIVA ECOCRÍTICA

CELIA PARRA DÍAZ

Investigadora independente

**RESUMO:** Partindo da observación do ecosistema dixital e eminentemente audiovisual no que nos inscribimos, cuestionámonos se a videopoesía, como expresión artística singular produto desta era audiovisual, pode axudar a definírmonos ou a interpretarmos e navegarmos mellor o mundo que nos rodea. Analizaremos a influencia do natural no fenómeno dixital da videopoesía, explorando as súas interseccións baixo o prisma do ecofeminismo. Elabórarse primeiramente un breve percorrido polas principais cuestións teóricas arredor do xénero da videopoesía e do movemento do ecofeminismo. Analízase a pegada das diferentes tendencias do ecofeminismo nunha serie de videopoemas seleccionados, creados por autoras e autores representativos, procedentes de diversos recunchos do mundo. Coméntase, desde unha perspectiva ecocrítica, o tratamento que neles se transloce dos conceptos de corpo, natureza, muller, espazo e cultura, facendo finalmente unha especial referencia á realidade galega. Concluímos acreditando na capacidade da videopoesía para transportar, no seu corpo dixital, unha necesaria visión ecocrítica do noso hábitat natural, da nosa relación co mesmo e da nosa identidade.

**PALABRAS-CHAVE:** videopoesía; poesía; audiovisual; ecocrítica; ecofeminismo.

## NATURA DIGITAL: VIDEOPOESIA DES DE LA PERSPECTIVA ECOCRÍTICA

**RESUM:** Partint de l'observació de l'ecosistema digital i eminentment audiovisual en què ens inscrivim, ens preguntrem si la videopoesia, com a expressió artística singular producte d'aquesta era audiovisual, ens pot ajudar a definir-nos o a interpretar el món que ens envolta i a navegar-hi millor. S'analitza la influència del natural en el fenomen digital de la videopoesia, explorant-ne les interseccions des del prisma de l'ecofeminisme. S'elabora, en primer lloc, un breu recorregut per les principals qüestions teòriques al voltant del gènere de la videopoesia i del moviment ecofeminista. S'analitza la influència de les diferents tendències de l'ecofeminisme en una sèrie de videopoemes seleccionats, creats per autors i autors representatives, procedents de diversos indrets del món. Es comenta, des d'una perspectiva ecocrítica, el tractament dels conceptes de cos, natura, dona, espai i cultura, i finalment es fa una especial referència a la realitat gallega. Concloem

presentant la capacitat de la videopoesia per transportar, en el seu cos digital, una necessària visió ecocrítica del nostre hàbitat natural, de la manera com ens hi relacionem i de la nostra identitat.

PARAULES CLAU: videopoesia; poesia; audiovisual; ecocrítica; ecofeminisme.

#### DIGITAL NATURE: VIDEOPOETRY FROM AN ECOCRITICAL PERSPECTIVE

**ABSTRACT:** Based on the observation of the digital and eminently audio-visual ecosystem we inscribe ourselves in, this article questions whether videopoetry (as a singular artistic expression, resulting from this audio-visual era) can help us to define ourselves or to understand and better navigate the world around us. We will analyze the influence of the natural within the digital phenomenon of videopoetry, exploring its intersections in the light of ecofeminism. We will first provide a brief approach to the main theoretical issues around videopoetry and ecofeminism. The influence of the different branches of ecofeminism in a series of selected videopoems from representative international authors will be analysed. They will be discussed from an ecocritical perspective, to explore how the concepts of body, nature, woman, space and culture are treated, with particular reference to the Galician reality. We conclude, by recognising videopoetry's power to convey through its digital body a much needed ecocritical vision of our natural habitat, our relationship with it, and our very own identity.

**KEYWORDS:** Videopoetry; poetry; film; ecocriticism; ecofeminism.

Para falar da popularidade da videopoesía na época actual, da súa capacidade de transmisión de discursos e creación de mundos, e da pegada que o ecofeminismo semella pousar nos mesmos, cómpre primeiro bostarmos unha ollada ao ecosistema no que este fenómeno se reproduce.

Hoxe en día vivimos nun mundo eminentemente visual. Estamos expostas a un fluxo constante de estímulos sonoros e visuais, que chaman por nós e nos capturan o alento. Segundo Ivakhiv (2013), «The world around us is a wild phantasmagoria of images», sendo o «ocularcentrismo» dominante na era contemporánea un produto da emergencia do mundo moderno. «What colonial cartography did to territory, it has been argued, the “magisterial gaze” of nineteenth-century landscape art did to the American West, and pornography and the “masculine gaze” does to women today» (Ivakhiv 2013: 3).

As novas tecnoloxías, os medios de comunicación, a publicidade e a rede favorecen a circulación desta fervenza de imaxes que fan de fiestra ao mundo, e que actúan tamén (quizais de xeito máis importante) como mobilizadoras do desexo e da emoción. Fannos coñecer universos, deseñar escenarios e decorados. Fannos establecer mecanismos de identificación, cos que construír a nosa identidade respecto ao ecosistema e ao resto de habitantes. E xeran unha necesidade de exhibición, interacción e aprobación que derivou do terreo presencial á esfera *online*.

A nosa é unha sociedade do espectáculo, que, como apuntaba xa no 1967 Guy Debord (1967: 9), «non é un conxunto de imaxes, senón unha relación social entre persoas mediatizada por imaxes». Esta relación social está marcada polo seu valor de exposición: a hipervisibilidade e hipercomunicación que semellan ser a engrenaxe das interaccións sociais actuais crean a necesidade de poñer todo ante a mirada para ser valorado, avaliado. O mundo torna nun espazo de exposición onde o individuo se converte na súa propia publicidade (Han 2016: 30).

Como nos inscribimos pois neste fluxo de imaxes? Como nos definimos? Como interpretamos o mundo que nos rodea? E como intercambiamos visións ao respecto? Pode a expresión artística servir de ancoraxe para navegar mellor no *maremagnum*?

Empregaremos como terreo de análise a produción de discursos no contexto dixital, por ser este un dos escenarios más característicos do noso tempo, lugar de constante experimentación e sinalador da emergencia de novos modos de contar. Dentro da variada tipoloxía de discursos posibles neste eido, queremos centrarnos nunha modalidade de transmisión de discursos que implica unha elaboración artística: a creación literaria. Unha maneira de esculpirmos o íntimo, fundamentalmente mediante a palabra e tendo como resultado diversos formatos de creación (novela, ensaio, poesía, relato), para compartirlo cunha comunidade lectora.

Enfocaremos a nosa mirada na poesía, por implicar unha destilación cavilada, pausada e traballada do mundo mediante a palabra. Por ser o resultado dunha elaboración consciente do inconsciente, a celebración da subxectividade, a evocación daquilo que non se ve, cuxa ma-

teria prima é a emoción e o sensorial. Vennos á mente o xeito de entender a poesía de Rabindranath Tagore: «A poesía é a musicalidade das cousas, que discorre en ondas para recrear coa palabra imaxes visuais». E en concreto, interésanos analizar a emerxencia dun «novo» modo de expresión poética (produto quizais desta era audio-visual na que habitámos) que mobiliza non só a palabra, senón a súa convención con outros elementos coma a imaxe e o son, dunha maneira peculiar, de xeito que mesmo semella translación da definición de Tagore: a videopoesía.

A videopoesía é, para quen isto escribe, un xénero audiovisual que consiste na recreación dun texto poético mediante o formato vídeo, cuxa intención é trasladar a esencia do poema no que se basea mediante a combinación de palabra (escrita ou falada), imaxe e son, dun xeito creativo. Un videopoema sería, pois, un vídeo cunha duración pechada e cunha idea de progresión máis ou menos narrativa, que distinguiría este doutros modos de creación poética dixital coma a denominada *e-poetry* ou *digital poetry* (baseada na exploración aberta de hipervínculos sen conclusión claramente fixada), a poesía visual (fundamentalmente en soporte fotográfico e carente de movemento) ou mesmo a videoarte (que non acostuma a ter unha idea de inicio-nó-desenlace explícita) e o cine poético (que non sempre ten inserido o texto poético no que poida libremente basearse).

Esta tentativa de definición, sostida polas autoras de *Versogramas* (Montero 2017), considerada a primeira longametraxe documental sobre o panorama internacional da videopoesía até a data, non é nin moi-to menos a única que elaboraron as estudosas deste xénero. Tratándose dunha manifestación artística aínda non moi consolidada como tal malia a súa popularidade, existe unha grande diversidade de visións arredor da súa xénese. Cómpre de novo alzarmos a vista para observarmos as distintas achegas recollidas no incipiente corpus teórico da videopoesía, e esculcarmos os referentes que puideron influír na creación desta manifestación artística.

Sorprende, en primeiro lugar, a variedade de posturas respecto á terminoloxía mesma, na lingua inglesa (idioma maioritario no que se publican os estudos do xénero). *Film poem*, *poetry-film*, *videopoem*,

*Cin(E)-poem* designan o que na esfera hispanofalante se denominaría «videopoema», sendo para algúns autores denominacións non equivalentes, diferenciados en función de aspectos concretos (Ieropoulos, s. d. e Aguilar, 2011). A orixe exacta do termo é tamén obxecto de debate (Tremlett 2021: 8).

En canto aos inicios do xénero, a experta Sarah Tremlett (2021:11) remóntase a 1905 para sinalar a peza *The Night Before Christmas*, de Edwin S. Porter, baseada nun poema de Clement Clarke Moore, como primeiro exemplo coñecido dun «narrative-based poetry film» (aínda que non denominado como tal naquela altura). Tras a fonda influencia que as vanguardas deixaron na configuración e desenvolvemento do xénero, a estudosa Zazil Collins, (2012: 47) sitúa nos anos 20-30 varias obras referenciais, como *L'étoile de mer* (Man Ray, con poema de Robert Desnos, 1928) ou *Anémic Cinéma* (Marcel Duchamp, 1926). Segundo o académico Gustavo Vega, os primeiros videopoemas que chegaron a Europa fixéreron da man do brasileiro Ernesto Manoel de Melo e Castro, xa pioneiro da poesía concreta (Collins 2012: 48). William C. Wees (1984) relata a emerxencia do primeiro festival de videopoesía no 1975 en San Francisco: o «Poetry Film Festival», organizado polo poeta Herman Berlandt e dirixido por George Aguilar, sinalado tamén por Tremlett (2021: 8) como unha das primeiras aceptacións públicas do xénero como tal. Así, o que agora nos parece un xénero «novo» comezou realmente a eclosionar arredor dos anos 70-80, coincidindo coa popularidade do cinema experimental, a democratización das videocámaras domésticas, o posterior auxe do vídeo (fronte ao soporte filmico) e a aparición da videoarte.

O xa citado Wees é autor dunha das primeiras achegas teóricas sobre videopoesía. Outro dos considerados hoxe como textos referenciais do xénero é o manifesto da videopoesía elaborado por Tom Konyves en 2011. Konyves, que acuñou o termo «videopoetry» en 1970, defínea como: «A genre of poetry displayed on a screen, distinguished by its time-based, poetic juxtaposition of images with text and sound. In the measured blending of these three elements, it produces in the viewer the realization of a poetic experience. Presented as a multimedia object of a fixed duration,

the principal function of a videopoem is to demonstrate *the process of thought and the simultaneity of experience*» (Konyves, 2011).

Para Alastair Cook (2010) precisamente esa experiencia de recibir un texto poético a través do oído e a vista simultaneamente, como espectador, é o que caracteriza á videopoesía. Zazil Collins (2012: 24) declara que a videopoesía «se concibe xa como un xénero, en formación, de escritura, no que a obra audiovisual se centra na linguaxe: palabra, letra, símbolos alfabéticos e oralidade. Así, o videopoema, como texto performático, enténdese como a posta en movemento dos signos lingüísticos».

Contrariamente á concepción da videopoesía como xénero de escritura ou de poesía que sosteñen Konyves e Collins, para Cook (2010) a videopoesía non é «nin poesía nin vídeo»; un videopoema é «unha nova peza artística, separada do poema orixinal, unha entidade propia, unha simbiose, unha fundición de palabras, son e visión». Outras autoras, como Antía Otero, mesmo recomendán non poñer «lindes precisos onde non debería habelos» (Otero 2015:106). Esta diversidade de opinións respecto á conceptualización da videopoesía atravesa todo o seu corpus teórico.

Se tivésemos que trazar un mapa de influencias, poderíamos afirmar que a videopoesía bebe de diversos movementos e manifestacións artísticas como: o futurismo, o simbolismo, o dadaísmo, o creacionismo, o letrismo, o denominado «cine poético», a performance, o *spoken word*, a poesía visual, a poesía concreta, a poesía sonora e a poesía dixital. A videopoesía vístese de dimensións e sentidos para reclamar co seu corpo o espazo que lle pertence.

Precisamente as nocións de corpo e espazo foron amplamente tratadas na videopoesía, sexa como reflexión sobre o propio medio (cal é o corpo material das palabras na imaxe dixital?), sexa como achega artística sobre a identidade e o mundo que nos rodea, empregando esa ferramenta para coñecérmonos mellor, coñecermos o noso hábitat, compartirmos subxectivididades e crearmos relatos. Exploraremos logo esta intersección entre o dixital e o natural, empregando o prisma do ecofeminismo, que semella tinguir coa luz un grande espectro de crea-

cíons videopoéticas arredor dos conceptos de corpo, natureza, muller, espazo e cultura.

Bautizado no 1974 por Françoise D'Eaubonne, o ecofeminismo nace da necesidade de subverter a lóxica da dominación que a sociedade androcéntrica exerce tanto sobre a natureza como sobre a muller (Otto 2012: 13). Da constatación de que feminismo e ecoloxismo acusan semellantes ameazas, xorde un corpus de pensamento crítico diverso, cuxas distintas achegas teóricas e prácticas promoven o cambio social.

Nun primeiro momento, o ecofeminismo centrouse na reivindicación da toma de control sobre o propio corpo e sobre a relación coa natureza, e caracterizouse por asociar esencias opostas a homes e mulles, un bioloxicismo que resultou moi criticado. Destaca nese momento a contribución da teóloga Mary Daly (*Gyn/Ecology*, 1978). Vandana Shiva, científica e filósofa, inscríbese nun ecofeminismo espiritualista entroncado á terra, próximo ás tendencias místicas do primeiro ecofeminismo e ao pensamento teolóxico ecofeminista que se desenvolveu posteriormente en América Latina. Frente ao esencialismo destas correntes, agroman outras más críticas, coma o ambientalismo feminista de Bina Agarwal ou a análise deconstructiva dos dualismos da filósofa Val Plumwood (Puleo 2002: 38). A propia Alicia H. Puleo, autora de *Ecofeminismo. Para otro mundo posible* (2011), representa o que ela denomina o ecofeminismo crítico.

Son comúns ás diferentes tendencias do ecofeminismo: a interseccionalidade, a negación da xerarquía, a superación dos dualismos (cultura/natureza, home-cultura /muller-natureza, animal/humano, corpo/mente, emoción/razón), a interrelación da explotación da natureza coa da muller e outros colectivos marxinalizados, a crítica a toda relación de dominación, e mais a defensa da natureza e da liberdade da muller como campos centrais (Gaard & Murphy 1998). Nunha época coma a nosa, marcada tamén pola sobreexplotación dos recursos naturais, o queemento global, o capitalismo e consumismo, a dominación patriarcal, a desigualdade de xénero ou a tiranía da tecnoloxía, defender o lema «liberdade, igualdade, sostibilidade» que esgrime Alicia H. Puleo semella case a única vía de supervivencia.

Exploraremos a continuación varios discursos videopoéticos, que conteñen elaboracións artísticas de moitos dos aspectos que abordan as principais tendencias do ecofeminismo.

Comezamos por *Bushwhack*, un videopoema realizado pola poeta canadense Heather Haley, en colaboración coa artista visual Tina Schi-lesser (Haley 2010). *Bushwhack* é unha invitación a ver a natureza dunha maneira sensorial e sensual, unha colección de fotografías nas que árbores e ramas semellan exhibir unha metamorfose co corpo da muller, en concreto xenitais e zonas eróxenas. A convención destas imaxes co texto, unha celebración da fusión da muller coa natureza («Bandinghing titties, | budding insurgent | claws Adamite armour, | grips the root, | embraces the earth»), permítenos situar este videopoema como representante do ecofeminismo clásico.

A poeta eslovaca Eleni Cay reflexiona no videopoema *Intertwined* (animado e musicado polo cineasta Beyon Wren Moor, da produtora ecofeminista LoveHoldLetGo) sobre a formación da identidade, ligada á natureza, como produto da fusión de polos opostos. Tal e como a lúa se volve sol e as súas cores se funden ao mencer e solpor, «We are who we are | because of | and in spite of | others» (Cai 2016).

Neste senso, resulta moi interesante a visión que ofrece no seguinte videopoema o colectivo galego FiiNDA, arredor dunha simbiose total coa natureza, nón só da muller senón dun «nós» que tamén englobaría ao xénero masculino. FiiNDA está formado por Miriam Rodríguez (realizadora e montadora), Pablo Kaufmann (cámara) e Xabier Xil Xardón (poeta e recitador). En *Pegadas dactilares* (FiiNDA 2017) a natureza ten atributos humanos (as engurras da praia, a voz do mar) os humanos, atributos naturais («enraizamos | botamos branquias | algo entre a branquia e a nostalxia»), e a paisaxe marítima é a protagonista indiscutible.

Como discurso crítico cos postulados do ecofeminismo clásico ou espiritualista, e en contraposición directa co videopoema *Bushwhack*, atopamos a peza *Goddess*, da cineasta Marie Craven, sobre un poema de Janeen Rastall (Craven 2014). *Goddess* posiciónase contra a idea da muller como fonte de vida, como personificación da natureza e da bondade. Constrúe un imaginario desafiante (nas imaxes e no texto), vincu-

lando a muller coa morte, a suciedade, a podredume, a maldade, o misterio, o frío: «When they asked my inner goddess | I said I am the goddess of dirt. | [...] I am the place where leaves shred underfoot, | where fallen birds die. | I hold the ice close».

Quizais afíns ao ecofeminismo construtivista, atopamos unha batería de videopoemas que reflecten as diversas formas de opresión e violencia que sufrimos as mulleres na sociedade patriarcal actual. Exploran como certos aspectos vinculados co propio corpo da muller foron sinalados como sucios, vergoñosos, de necesario ocultamento, tabús. A poeta e *spoken word* artist Hollie McNish, en colaboración co cineasta Jake Dypka, denuncian en *Embarrassed* (Dypka 2016) que, nunha sociedade exposta á pornografia na publicidade, o aleitamento en público segue a estar tachado de obsceno. A recoñecida videopoeta italiana Elena Chiesa trata en *La ferita* o sempre convulso tema do aborto (Chiesa 2012). Explora a visión reducionista de que unha muller é tal en tanto pode concibir, e a presión social e persoal cando isto non se cumpre. A videoartista francesa Véronique Sapin aborda en *Je tourne mon visage vers vous* o horror dos ataques con ácido a mulleres (Sapin 2014), despregando unha interconexión entre imaxe e texto metafórica e demoledora.

A videopoesía tamén serviu para abordar os dualismos que atravesan o ecofeminismo. Martha McCollough, deseñadora gráfica e videoartista estadounidense, conta cunha ampla producción de videopoemas nos que se aprecia claramente un pouso ecofeminista. En *Supervillain* (McCollough 2012) escenifica a confrontación entre o mundo humano e o mundo animal. En palabras da autora, recollidas no documental *Verses&Frames* (Montero 2017), «*Supervillain* is about a sort of human war on nature and the idea: "what is it like when nature fights back?" People behave as if animals were wicked, but they were there first, you know, it's their planet too. So, in a way, the villains are the people, not the animals».

A nosa relación co non-humano e co espazo foi tamén amplamente explorada. O australiano Brendan Bonsack fai con *The Old Shopping Trolley Told Me* unha crítica ao consumismo, establecendo como suxeito do poema un vello carriño da compra que semella admirar a natureza

máis que os humanos, e reclamar o seu lugar na paisaxe baleira (Bonsack 2018). Esta idea concorda coa visión do videoartista español Hernán Talavera sobre os espazos: «cando falamos de espazo baleiro referímonos a que non hai ningunha persoa alí, nese lugar, sexa paisaxe natural ou urbana. Pero esa visión parécelme un pouco antropocéntrica. Ningún espazo está baleiro: en todo caso están sempre cheos de luz, de sombras... Eu penso que os lugares son contedores de tempo» (Montero 2017).

Espazo, territorio e corpo son temas centrais do videopoema *Territory*, da poeta Sarah Rose Nordgren e a cineasta Kathleen Kelly. Unha bailarina semella danzar incrustada na miniatura dun bosque, sobre o que se proxectan textos. «There is no territory | just overlapping desire | charged with violence» (Nordgren 2018). A bailarina está ao mesmo tempo encerrada na paisaxe e medrando da paisaxe. Fainos reflexionar, a través do choque entre o dixital e o analóxico, sobre a nosa interconexión cos espazos. A contraposición entre corpo orgánico e corpo dixital é tamén central en *El cuerpo que tanto*, unha peza da videopoeta galega Miriam Reyes (2017). O corpo é examinado dende fóra, dende un es trañamento case Brechtiano, visto quizais cos ollos dun eu poético non humano, *cyborg*. Resáltase a súa organicidade precisamente describíndoo con comparacións que remiten á tecnoloxía, ás máquinas, á electricidade: «Que tenía en el pecho | dos timbres redondos de plata». E afón-dase na súa importancia desde a sorpresa que causa a ausencia, ou a falta de atención, a ese corpo. «Toda esta maravilla | deselectrificada».

Exploraremos por último o videopoema *Pornografía*, elaborado por DandyLady (dúo antes conformado por Iria Pinheiro e Jesús Andrés Tejada, agora proxecto en solitario mantido pola primeira) sobre o poema homónimo de Lupe Gómez (DandyLady 2013). Relátase no texto a identidade que medra dende a infancia ligada ao rural galego, á aldea, a dificultade de ser muller. A violencia do crecemento e o choque coa sociedade. No videopoema, unha sesión de fotos a un terreo ermo («Galiza non son imaxes | son restos»). Sobre a imaxe, conceptos que remiten á incidencia do capitalismo: monecas nancy loiras, proceso de despoboamento rural, occultación de datos, estado de alerta, alucinación. Xusto en Galicia, a devastación do medio rural e a opresión da

muller —«esa suposta Nai dun matriarcado galego idealizado», en palabras de Isabel Vilalba (Sanmartín Rei 2012)—, sempre ligada ao fogar e á terra, ten sido amplamente estudada no terreo académico e tratada no imaxinario literario galego actual:

existe un bo número de creadoras que reflecten nas súas obras a problemática dunha modernidade que chegou da man da destrución da natureza, da perda dunha gran riqueza cultural e lingüística, e que discrimina máis da metade da humanidade, polo feito de sermos mulleres (Sanmartín Rei 2012: 124).

*Pornografía* é pois a condensación de moitas das teses do ecofeminismo, e da realidade galega, nun só videopoema.

Certamente a videopoesía, co seu corpo dixital, pode camiñar da man dunha necesaria visión ecocritica do noso hábitat. Temos nela unha ferramenta útil para interpretarmos o mundo e atoparmos o noso lugar dentro del, e oxalá unha fiesta á que asomármonos para imaxinarmos novos escenarios.

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS<sup>1</sup>

- AGUILAR, George (2011). *Cin(E)-Poetry history*. [En liña] [18 xuño 2021]. <<http://www.george.aguilar.com/>>.
- BONSACK, Brendan (2018). *The Old Shopping Trolley Told Me*. [En liña] [18 xuño 2021]. <<https://vimeo.com/252486099>>.

<sup>1</sup> Debido a que a aproximación do mundo académico ao fenómeno da videopoesía é relativamente recente, cítanse no presente texto moitas obras teóricas en formato dixital, ou páxinas web de referencia, que non se axustarían aos requisitos habituais esixidos para seren inseridos como fontes de autoridade nun artigo académico. Entendemos, porén, que é importante facer referencia a ditas fontes igualmente, por seren consideradas fontes de referencia no incipiente corpus teórico da videopoesía.

- CAY, Eleni (2016). *Interwtined*. [En liña] [18 xuño 2021]. <[https://www.youtube.com/watch?time\\_continue=133&v=4zgKkAtVwHQ](https://www.youtube.com/watch?time_continue=133&v=4zgKkAtVwHQ)>.
- CHIESA, Elena (2012). *La ferita*. [En liña] [18 xuño 2021]. <<https://vimeo.com/54727056>>.
- COLLINS, Zazil (2012). *Videopoesía, poiesis fronteriza: Hacia una reinterpretación del signo poético*. México: Celteca (Murray Aston).
- COOK, Alastair (2010). *Film poem*. [En liña] [18 xuño 2021]. <<http://filmpoem.com/about/>>.
- RAVEN, Marie (2014). *Goddess*. [En liña] [18 xuño 2021]. <<https://vimeo.com/100890615>>.
- DANDYLADY (2013). *Pornografía*. [En liña] [18 xuño 2021]. <<https://vimeo.com/73569014>>.
- DEBORD, Guy (1994). *La sociedad del espectáculo*. Chile: Ediciones Naufragio. Trad. do francés Rodrigo Vicuña Navarro.
- DYPKA, Jake e McNISH, Hollie (2016). *Embarrassed*. [En liña] [18 xuño 2021]. <<https://www.youtube.com/watch?v=C8dge06QXWo>>.
- FiiNDA (2017). *Pegadas dactilares*. [En liña] [18 xuño 2021]. <<https://vimeo.com/203806329>>.
- GAARD, Greta; MURPHY, Patrick (ed.) (1998). *Ecofeminist Lieterary Criticism: Theory, Interpretation, Pedagogy*. Urbana, IL: Illinois UP.
- HALEY, Heather (2010). *Bushwhack*. [En liña] [18 xuño 2021]. <<https://www.youtube.com/watch?v=Sm4KCTa2uzE&t=27s>>.
- HAN, Byung-Chul (2016). *La sociedad de la transparencia*. Trad. Raúl Gabás. Barcelona: Herder.
- IEROPOULOS, Fil (s. d.). «Poetry-Film & the Film Poem : some clarifications». [En liña] [26 xuño 2018]. <<http://www.studycollection.co.uk/poetry.html#q9>>.
- IVAKHIV, Adrian J. (2013). *Ecologies of the moving image. Cinema, Affect, Nature*. Canada: Wilfrid Laurier UP.
- KONYVES, Tom (2011). *Videopoetry Manifesto*. [En liña] [18 xuño 2021]. <[https://issuu.com/tomkonyves/docs/manifesto\\_pdf](https://issuu.com/tomkonyves/docs/manifesto_pdf)>.
- MCCOLLOUGH, Martha (2012). *Supervillain*. [En liña] [18 xuño 2021]. <<https://vimeo.com/48559475>>.
- NORDGREN, Sarah Rose; KELLEY, Kathleen (2016). *Territory*. [En liña] [18 xuño 2021]. <<https://vimeo.com/247574990>>.
- OTERO, Antía (2015). «Derivando na videopoesía: Unha achega para a aula». Tembrás, Dores; Otero, Antía (ed.). *Poesía Hexágono: Ollada e experiencia. Proposta e resposta nas aulas*. A Coruña: Apriario.

- OTTO, Eric C. (2012). «Ecofeminist Theories of Liberation in the Science Fiction of Sally Miller Gearhart, Ursula K. Le Guin and Joan Slonczewski». Vakoch, Douglas A. *Feminist ecocriticism. Environment, Women and Literature*. United Kingdom: Lexington Books
- PULEO, Alicia H. (2002). «Feminismo y ecología: Un repaso a las diversas corrientes del ecofeminismo». *El Ecologista*, 71.
- PULEO, Alicia H. (2011). *Ecofeminismo: Para otro mundo posible* Madrid: Cátedra.
- REYES, Miriam (2017). *El cuerpo que tanto*. [En liña] [18 xuño 2021]. <<https://vimeo.com/213351904>>.
- SAPIN, Véronique (2014) *Je tourne mon visage vers vous*. [En liña] [18 xuño 2021]. <<https://vimeo.com/86630009>>.
- TREMLETT, Sarah (2021) *The poetics of poetry film. Film Poetry, Videopoetry, Lyric Voice, Reflection*. Bristol: Intellect Ltd.
- Versogramas (2017). Belén Montero [película]. A Coruña: Esferobite.
- VILALBA, Isabel (2012). «Ecofeminismo: unha nova ollada á realidade rural desde o imaxinario literario galego». Goretti Sanmartín Rei (ed). *Lingua e ecoloxía: VIII Xornadas sobre Lingua e Usos*. A Coruña: Universidade da Coruña, Servizo de Publicacións, Servizo de Normalización Lingüística.
- WEES, William (1984). «The Poetry Film». Wees, William; Dorland, Michael (ed.). *Words and Moving Images*. Montreal: Mediatexte Publications.



Copyright © 2022. This document is under a Creative Commons Attribution-Noncommercial-No Derivative Works 3.0 Unported License. To see a copy of this license click here <http://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/3.0/legalcode>.



## MISCELLANY



# A «VELHA» QUE FOI «MANCEBA». CONTRIBUTO PARA UNHA NOVA HIPÓTESE INTERPRETATIVA DA CANTIGA «DIREI-VOS ORA QUE OI DIZER» DE JOAN VAASQUIZ DE TALAVEIRA (B 1545)

XOSÉ BIEITO ARIAS FREIXEDO

Universidade de Vigo

**RESUMO:** Nos comentarios que acompañan as sucesivas ediciones e estudios da cantiga de escarnio *Direi-vos ora que oi dizer* (UC 1564=Tav 81,4; B 1545)<sup>1</sup> atribuída a Joan Vaasquiz de Talaveira, faise referencia reiterada ás relacións lésbicas que a soldadeira protagonista, Maria Leve, mantería cunha súa criada, e incídese en que ese é un dos tópicos principais sobre os que fundamenta a sátira. Neste traballo tentamos demostrar que a base da sátira contra Maria Leve é outra, e que, de ter cabida a componente homosexual na interpretación deste texto, será apenas de xeito moi secundario. Ao mesmo tempo analizaremos outras cuestións textuais de difícil solución que presenta a cantiga e que dificultan a súa interpretación plena.

**PALABRAS-CHAVE:** Cantigas de «escarnho e maldizer», *aequivocatio*, vellez, Maria Leve, Joan Vaasquiz de Talaveira.

LA «VELHA» QUE VA SER «MANCEBA». APORTACIÓ PER A UNA NOVA HIPÒTESI INTERPRETATIVA DE LA CANTIGA «DIREI-VOS ORA QUE OI DIZER» DE JOAN VAASQUIZ DE TALAVEIRA (B 1545)

**RESUM:** Als comentaris que accompanyen les successives edicions i estudis de la cantiga de escarnho *Direi-vos ora que oi dizer* (UC 1564=Tav 81,4; B 1545), atribuïda a Joan Vaasquiz de Talaveira, es fa referència reiteradament a les relacions lèsbiques que la soldadeira protagonista, Maria Leve, mantindria amb una criada seva, i s'assenyala que aquest és un dels tòpics principals sobre els quals es fonamenta la sàtira. En aquest treball s'intenta demostrar que la base de la sàtira contra Maria Leve és una altra, i que en cas que el component homosexual tingui cabuda en la

<sup>1</sup> Utilizamos a numeración do proxecto *Universo Cantigas*, que se corresponde basicamente coa establecida por D'Heur seguindo a secuencia das cantigas nos cancioneiros, e indicamos a correspondencia coa establecida por Tavani no seu *Repertorio Metrico*.

interpretació d'aquesta obra, serà només de manera molt secundària. Al mateix temps, analitzarem altres qüestions textuais de difícil solució que presenta aquesta cantiga i que dificulten la plena interpretació del seu significat.

PARAULES CLAU: *cantigas de escarnho; aequivocatio; vellesa; Maria Leve; Joan Vaasquiz de Talaveira.*

THE “VELHA” WHO WAS A “MANCEBA”. CONTRIBUTIONS TO A NEW INTERPRETATIVE HYPOTHESIS OF THE CANTIGA “DIREI-VOS ORA QUE OI DIZER” DE JOAN VAASQUIZ DE TALAVEIRA (B 1545)

**ABSTRACT:** In the comments that accompany the successive editions and studies of the Cantiga de Escarnio *Direi-vos ora que oi dizer* (UC 1564=Tav. 81,4; B 1545;) attributed to Joan Vaasquiz de Talaveira, repeated reference is made to the lesbian relationships that the *soldadeira* main character, Maria Leve, would maintain with a maid of hers, and it is emphasized that this is one of the main reasons on which the satire is based. In this work we intend to demonstrate that the basis of the satire is different, and that, if the homosexual component has a place in the interpretation of this text, it will be only in a very secondary way. At the same time, we will analyze other difficult-to-solve textual issues that the *Cantiga* presents and that hinder its full interpretation.

**KEYWORDS:** *Cantigas de escarnio, aequivocatio, old age, Maria Leve, Joan Vaasquiz de Talaveira.*

## I. EDICIÓN

### O manuscrito

O texto desta cantiga foinos enviado unicamente polo Cancioneiro da Biblioteca Nacional de Lisboa, onde ocupa a primeira parte da columna a do recto do folio 323, e está precedido pola rúbrica atributiva a «*Johan Vaasquiz*», escrita por Angelo Colocci na marxe superior, despois de riscar outra rúbrica (*Joham Vaas quiz*) escrita erradamente polo propio copista entre as estrofas I e II.<sup>2</sup> O humanista italiano inseriu

<sup>2</sup> Trátase do copista que Anna Ferrari (1979: 83, 85) chama «a», que é o único dos seis copistas que interviñeron na copia de B que escribe algunas rúbricas, ainda que nalgúns casos coma este comete errores na colocación. Os errores do copis-

tamén as habituais notas indicativas da presenza de finda e de refrán, así como o número 1545 que lle corresponde a esta cantiga na numeración por el realizada.

### Texto crítico<sup>3</sup>

Direi-vos ora que oi dizer  
de Maria Leve, assi aja ben:  
pola manceba que se desavén  
dela e pois lh'ali non quer viver,  
5      *ena Moeda Velha vai morar*  
          *dona Maria Leve, a seu pesar,*

ca atal dona com'ela guarir  
non pod'ali, se manceba non á;  
e vedes que oi, amigos, ja:  
10     que, pois que se lh'a manceba quer ir,  
          *ena Moeda Velha vai morar*  
          *dona Maria Leve, a seu pesar,*

15     ca diz que morará ali mal e lai,  
          poi-la manceba sigo non ouver,  
          e contra San Martinho morar quer:

ta a na colocación das rúbricas foron obxecto dunha comunicación de Fabio Barberini, ainda inédita, presentada no congreso da AHLM celebrado en Córdoba, en setembro de 2021.

<sup>3</sup> Para o establecemento do texto crítico seguimos os criterios consensuados nas *Normas de edición para a poesía trovadoresca galego-portuguesa medieval* [Ferreiro, Manuel & Martínez Pereiro, Carlos P. & Tato Fontañá, Laura (eds.), 2007].

É criterio fundamental de Universo Cantigas realizar a edición crítica dos textos a partir da previa transcripción paleográfica propia das fontes manuscritas. Para o presente caso véxase a nosa transcripción no Anexo I. Outras transcripcións paleográficas do texto poden encontrarse en Molteni (1880: 177) e, en versión electrónica, no repertorio *PalMed*.

pola manceba que xi lh'ora vai,  
*ena Moeda Velha vai morar*  
*dona Maria Leve, a seu pesar,*

ca non pod'a manceba escusar  
20 se na Moeda Velha non morar.

## Leccións rexeitadas

13 e lai] e alhur *B*

## Variantes editoriais

13 morará] *morava* Lapa; e lai] *e alhor* Lapa, Littera : *a alhor* Lopes : *e alhur* Fregonese 16 vai] *for* Lapa : *fuy* Fregonese

## Paráfrase<sup>4</sup>

(I) Direivos agora o que oín dicir de María Leve, que ben haxa: por causa da manceba que está a mal con ela (que a deixa) e xa que alí non lle quere vivir, na Moeda Vella [/vella] vai morar dona María Leve [/liviá/ empobrecida] moi a seu pesar, (II) porque unha dona tal como ela non pode vivir [/sobrevivir] alí, sen unha manceba [criada/moza/«pupila»]; e vede, amigos, o que oín: que xa que a manceba [criada/moza/«pupila»] se lle quere ir, na Moeda Vella [/vella] vai morar dona María Leve [/li-

<sup>4</sup> Se ben resulta imposíbel representar graficamente no texto crítico, por medio da puntuación, as posíbeis duplas interpretacións que contén a cantiga, tentamos evidencialas na paráfrase utilizando as parénteses angulares. Porén, nesta versión da paráfrase, só incluímos un primeiro nivel de sentidos velados. Entre paréntesis normais incluímos algúna outra aclaración do sentido.

viá/empobrecida] moi a seu pesar, (III) pois di que vivirá alí mal e vilmente cando non tiver consigo a manceba [criada/moza/«pupila»], e quere ir vivir preto de San Martiño Pinario: pola manceba que se lle agora vai, na Moeda Vella [/vella] vai morar dona María Leve [/liviá/empobrecida], moi a seu pesar, (Fiinda) porque non pode escusar (dispensar, xustificar a ausencia) a manceba se na Moeda Vella [/vella] non vai vivir.

## Xustificación da edición

No relativo á puntuación do texto, que reflicte a nosa interpretación sintáctica e conceptual do mesmo, consideramos que este escarnio pertence á modalidade das cantigas *atehudas ata a fienda*, aínda que non foi considerada como tal na edición de Graça V. Lopes (2002), e tampouco foi incluída na listaxe de Kellerman (1966) nin no posterior estudo sobre esta forma métrica de Elsa Gonçalves (1993). A puntuación das estrofas na edición de Lapa, todas con punto e vírgula no final do último verso, parece indicar que o editor portugués si considera esta cantiga como unha *atehuda*, aínda que puntúa o primeiro verso das estrofas e a fienda con maiúscula inicial.

v. 13 A mudanza de Lapa *morara* > *morava*, que é innecesaria, debe ser froito dun erro de lectura, talvez condicionado pola transcripción paleográfica tamén errada de Molteni, que leu *moraua* onde no manuscrito se le claramente *morara*.

vv. 13-16. Frente ao texto editado por Lapa (v. 13 *alhor*; v. 16 *for*) concordamos coa necesidade de corrección da forma *alhur* do manuscrito, en posición de rima, que requiriría unha rima en *-ur* no v. 16. Neste verso o manuscrito presenta claramente a lección <uay> que por outra parte ten sentido pleno no contexto. É preciso, pois, intervir no v. 13 para restaurar a rima a (-ai) desta estrofa III. A solución *lai* proposta por editores anteriores (Montero Santalla 2000: 702; e aceptada en Martínez Pereiro 1999: 178) non parece desencamiñada, considerando que cadría moi ben no contexto sintáctico e tamén se axusta ao contido perfectamente. Alén diso, como notou Martínez Pereiro, a asociación dos

termos *mal* e *lai* rexístrase noutra ocasión no corpus trobadoresco coa mesma función intensificadora (na cantiga *Sueir'Eanes, este trobador* de Pero da Ponte [B 1636, V 1170; Tav 120,48]) e os rimantes *vai* e *lai* rexístranse tamén no refrán da cantiga *Lop'Anaia non se vaia* [B 1555; Tav 49,4] de Fernan Soarez de Quinhones.

Fregonese propón manter no v. 13 a lección do ms. (*alhur*) e emendar no v. 16 o rimante *vai* por *fuy*. Recoñece esta autora que «si ottiene così una rima imperfetta» (p. 56), que defende fronte ás leccións anteriores por ela consultadas, fundamentalmente a de Celso Cunha de 1961, que no v. 13 emenda *alhur* pola exclamación *e, ay!* Mais na nosa opinión, e a pesar dos argumentos por ela aducidos, unha irregularidade tal na rima non é aceptábel.

## II. ANÁLISE/COMENTARIO

### Contextualización

A cantiga forma parte dunha serie de cinco composicións do propio Joan Vaasquiz de Talaveira entre as que se establece unha conexión intertextual por teren todas elas como protagonista a soldadeira *Maria Leve* (cf. anexo) e por trataren tópicos comúns. En tres delas rexístrase tamén o termo *leve* empregado en contextos propositadamente equívocos e con significados diferentes segundo os casos (alcume / liviá / empobrecida / imperativo de *levar*), por medio do procedemento da diloxía:<sup>5</sup>

<sup>5</sup> No conxunto das cantigas en que emprega o termo *leve/Leve* con diferentes significados, Joan Vaasquiz realiza un exercicio moi similar ao que encontramos noutro texto cuxa protagonista é tamén unha soldadeira que recibe unha alcuña oposta á de *Maria Leve*. Estamos a referirnos á cantiga de Joan Soarez Coelho (V 1016; Tav 79,34): *Maria do Grave, grav'é de saber*. Un texto cuxo eixe retórico se basa precisamente na complexa polisemia do termo *grave*, antónimo de *leve*, e no que Joan Soarez Coelho fai alarde da súa condición de home letrado.

- (B 1546; Tav 81,15): O que veer quiser, ai cavaleiro, | Maria Perez,  
leve algun dinheiro
- (B 1547; Tav 81,2) Ben viu dona Maria | Leve que non tragia
- (B 1548; Tav 81,10) Maria Leve, u se maenfestava
- (B 1549; Tav 81,19): Sancha Perez leve vós ben parecedes

Desde xa, parécenos relevante salientar que no grupo de cinco cantigas de Joan Vaasquiz de Talaveira en que aparece a figura de *Maria (Perez)* Leve asociada de forma más ou menos explícita ao ejercicio da prostitución, e para alén dos xogos de palabra sobre o alcume *Leve*, hai dous temas fundamentais que concentran a esencia da burla e constitúen o verdadeiro elemento cohesionador e identificador do ciclo: un é o desexo de diñeiro da protagonista (B1546 e B1547)<sup>6</sup> e o segundo é o motivo da vellez da personaxe (B1545 e B1548). Talvez por iso o trobador decidiu tirar partido da circunstancia de existir unha rúa cuxo nome é unha combinación dos dous elementos, *moeda* e *velha*, para ambientar nela unha das cantigas da serie. Carlos Callón (2017: 340), comentando a circunstancia única da aparición do nome concreto dunha rúa no trobadorismo medieval, formulou a hipótese de «que todo sexa unha tremoia xocosa a partir do nome da rúa (cuxa orixe era unha antiga fábrica de cuñaxe de moeda): Moeda e Velha, polas *moedas* que cobraba e a *velha* que ela sería... ». Certamente, para nós, o motivo da vellice, tratado de forma equívoca, é o principal argumento desta cantiga, pois é en relación con el onde o trobador pon en xogo os procedementos retóricos de maior relevancia, como trataremos de demostrar.

<sup>6</sup> Polo que se desprende da escasa lexislación medieval sobre a prostitución, parece que o perigo que estas mulleres representaban non radicaba tanto na corrupción moral dos seus clientes, senón nos prexuízos económicos que lles poderían causar, o que, xunto co feito de atraeren ladróns e tafures, podería arrastrar outras consecuencias más ou menos desestabilizadoras para a vida da poboación (Ortega 2011: 135). Como se dixo, en díáis cantigas do ciclo personifícase na figura de *Maria Leve* o tópico relativo á cobiza das prostitutas polo diñeiro (cf. Anexo, nº 1: B 1546 e nº 2: B 1547).

## Interpretación

Estamos perante unha cantiga que conta xa cunha certa historia crítica e que presenta unha dificultade hermenéutica moi elevada, tal como puxeron de manifesto algúns dos investigadores que se mergullaron na súa análise: «a composição, enigmática para mim, de Talaveira...» (Diogo 1998: 40); «a análise do(s) problemático(s) sentido(s) da cantiga» (Martínez Pereiro 1999: 179); «A cantiga tem, no entanto, alguns puntos obscuros» (projeto Littera).<sup>7</sup>

Manuel Rodrigues Lapa (1995: 165) foi o primeiro que percibiu indicios dunha relación de homosexualidade entre a soldadeira e unha súa criada. En palabras súas: «Maria Leve, uma soldadeira do tempo, desaviera-se com sua manceba, *com quem*, segundo parece, *mantinha maus costumes*. A serviçal, insatisfeita, queria passar-se para um lugar de má fama; e a patroa, que não podía passar sem ela, via-se obrigada a acompañá-la para a rua suja.»

Carlos Paulo Martínez Pereiro (1999: 177-186) estudiou o conxunto de cantigas deste autor que teñen como protagonista a *Maria Leve* e focou a súa análise precisamente nos equívocos a que esta alcuña dá lugar. Indica que os crueis deostos contra a soldadeira inciden na súa dupla condición de *velha* e prostituta (p.177). Matizando a lectura de Lapa, indica que

o importante non é só a suxerida e moi probábel relación lésbica que entre as dúas mulleres puidese existir, o realmente importante é que *Maria*, anacrónica «Madame», sen medios de subsistencia porque a deixou a súa «pupila», se ve obligada, sendo *vella* (sic), a exercer a prostitución por si mesma para sobreviver (*guarir*) ou o que é o mesmo a *morar* na *Moeda Vella*, a seu pesar (p. 180).

Na súa interpretación, cuestiónase o cambio de rúa da protagonista e sostense que o abandono da *manceba*, que tería tamén o sentido de

<sup>7</sup> <https://cantigas.fcsh.unl.pt/cantiga.asp?cdcant=1578&pv=sim>

«pupila», obrigará a *Maria Leve* (que fica *leve* = empobrecida) a deixar a súa actividade como alcaíota ou «madame» para exercer ela mesma como prostituta, contra o seu desexo.

Por outro lado, concorda con Pimenta & Martinha (1978: 117) na identificación entre a *Maria Perez* que aparece nalgúnha cantiga do ciclo de Joan Vaasquiz coa más famosa *Maria Perez Balteira*, supoñendo que o trobador lle atribuiría aquí, con finalidade burlesca, o novo alcume de *Leve*.<sup>8</sup>

Graça Videira Lopes (2002: 256) incide na interpretación de Lapa: «Sátira contra a soldadeira *Maria Leve*. A cantiga refere —maliciosamente— o grande «apego» que ela teria a uma sua criada e que a levaria a mudar-se, de armas e bagagens, para a rua de má fama onde a dita criada queria viver.» E acrecenta outros posíbeis elementos equívocos: «O equívoco talvez se complete com o facto de *Leve* poder funcionar não apenas como alcunha, mas também como verbo, cujo sujeito é a manceba: o trovador pediría assim que ela levasse, de vez, e mesmo contra a sua vontade, a soldadeira».

A publicación en formato electrónico do *projeto Littera* (2011-), de que esta autora é corresponsábel, mantén esta mesma interpretación.

Tamén Carlos Callón (2011: 111-113) comenta esta cantiga desde esta perspectiva dunha relación lésbica no seu ensaio: «É neste campo

<sup>8</sup> Sen podermos desbotar por completo esta hipótese, parécenos máis plausíbel que se trate de dúas persoas diferentes. De feito, hai constancia de que o termo *Leve* funcionaba como alcume na época. Encontramos un individuo con tal sobrenome nun documento do Mosteiro de Toxos Outes do 12 de febrero de 1277, coetáneo, pois, da cantiga: «...Martinum de Castro archipresbiterum de Entiino e Fernan Moogu d'Outes e Martini Anes dicto Leve per mandado do arcidiago don Miguel Sanchez...» e «Fernandum Moagum d'Outes at per Martinum Ioannis dictum Leve er per Ihoannem Petri notarium de Noya...». É probábel, pois, que a *Maria Perez* protagonista da cantiga de Joan Vaasquiz fose coñecida por este sobrenome *Leve* e que tivese ascendencia na área de Outes-Noia.

Neste sentido de non identificar as dúas *Maria Perez* é tamén de considerar o feito de que na documentación relativamente abundante sobre *Maria Balteira* non hai, que nós saibamos, alusión ao alcume *Leve*.

de significado (“que ela estaba acompañada por outra”) onde entra a segunda cantiga que está no frontispicio deste capítulo, «Direi-vos ora que oí dizer», de Joán Vasques de Talaveira. Aí, a referencia á «manceba» preséntase literal xa desde o terceiro verso».

Nunha investigación posterior de maior envergadura (2017: 336-341), analiza o ciclo de cantigas e en relación á que nos ocupa indica que é un texto «con portas abertas ao equívoco» (p. 337), do que o máis importante sería «o xogo con *Leve*, significante que pode funcionar non só como un alcume, senón tamén como verbo que tería a manceba como suxeito, isto é, que deberá levar a súa compañoira (...) por máis que sexa «a seu pesar» e mantén a interpretación en clave lésbica, aínda que o fai como «unha posibilidade entre as varias que ten aberto a crítica» (p. 337).

A exposición cronolóxica das diversas interpretacións indica que todas elas coinciden basicamente en salientar tres tópicos que serían fundamentais neste texto:

- a. *Maria Leve* ten unha manceba, unha criada aínda moza, con quen vive. Neste sentido, é importante o matiz da interpretación de Martínez Pereiro, pois nela *Maria Leve* non só viviría coa *manceba* senón que viviría dela.
- b. A *manceba* quere mudarse para a *Rúa da Moeda Velha* e *Maria Leve*, moi a desgusto, vai ter que a seguir para esa rúa.
- c. *Maria Leve* mantiña unha relación homoserótica coa súa *manceba*.

Un cuarto motivo, a vellez de *Maria Leve*, é tratado na mayoría dos casos con carácter moi secundario.<sup>9</sup>

Porén, e como trataremos de argumentar, para nós é este último motivo da vellez da protagonista o albo satírico da composición, e, ao contrario do establecido na mayoría das análises anteriores, non con-

<sup>9</sup> Só Martínez Pereiro lle dá relevancia, aínda que, como veremos, a súa interpretación difire da nosa.

templamos que a protagonista manteña unha relación homosexual coa súa criada, e consideramos irrelevante para o sentido, áinda que non para o entramado retórico, que se vaia mudar desde outra rúa para a rúa da *Moeda Velha*. Nin sequera a alusión á *manceba* ten que responder fielmente a que tivese unha criada ou unha «pupila» na vida real, pois podería tratarse, utilizando o símil de Callón, doutro elemento más da «tremoia» inventada polo trobador, e en calquera caso esta circunstancia sería secundaria. Con todo, é citada con frecuencia unha pasaxe dos Decretos de Afonso III de Portugal, de marzo de 1261, de que parece poder deducirse que era habitual que as soldadeiras se fixesen acompañar dunha *manceba*: «E se ssoldadeira for convidada nom leve comsigo manceba nem outro homem hu for elRey» (*PMH, Leges et consuetudines*, p. 207).<sup>10</sup>

Tal como se evidencia noutra das cantigas da serie, *Maria Leve, u se maenfestava* (UC 1567 = Tav 81,10; B 1548), onde se laia porque se sente vella (*sõo velha, ai capelan!*), coidamos que o xogo equívoco que sen dúbida se rexistra nesta cantiga e que determina fundamentalmente a súa composición non ten como obxecto de burla (ou polo menos non só) a condición homosexual da soldadeira Maria Leve, senón a súa condición de muller vella.

O termo *manceba* presenta na composición unha duplicidade de significados, que na lingua medieval ás veces se dan simultaneamente. Por un lado ten o valor de «moza, muller nova», que se rexistra por exemplo nas *Cantigas de Santa María: Esta é como Santa María guariu en Terena húa manceba raviosa* (CSM 319); *Como Santa María de Tudia sacou húa ma[n]ceba de cativo* (CSM 325); *Como Santa María de*

<sup>10</sup> O contexto en que se establece esta norma é o de evitar abusos por parte dos convidados á casa do rei (ou a un mosteiro ou igrexa) ao impedir que leven acompañantes, co fin de resultaren menos gravosos para o anfitrión. Dado que imediatamente antes a lei alude a que un cavaleiro non podería acudir ao convite acompañado do seu escudeiro, e sendo este habitualmente un axudante do cabaleiro, polo xeral aínda mozo, tamén o termo *manceba* aludirá, probabelmente, a unha servente aínda moza da soldadeira, como se deduce do nome.

*Rocamador guariu hña manceba demoniada de demonio mudo e fez que falasse* (CSM 343) etc. Por outra banda, *manceba* é sinónimo de *donzela*: *de fazer moller manceba sayr toste de cordura* (CSM 312.53); *Aquesta moller manceba era e grand'e fremosa* (CSM 346.15); outrosí, nunha cantiga de Gil Perez Conde: *leixar velhas feas, e as fremosas | e mancebas filha-las por esposas* (B 1528, Tav 56,1).

Ademais, ten o significado de «criada», como acabamos de ver e tamén podemos apreciar na propia cantiga de Talaveira (v. 8), e neste caso, como apuntou Martínez Pereiro, probabelmente teña tamén o sentido de xove prostituta «pupila» dunha alcatoiña.

Usando esta clave de interpretación, o termo *manceba*, rexistrado en todas as estrofas da cantiga, incluída a fienda, até un total de seis veces, pode interpretarse en todas as ocorrencias con varios significados simultaneamente: como «criada» e/ou «pupila» de Maria Leve e tamén como «muller moza, en plenitude física», nun primeiro nivel de lectura referido á propia criada de Maria Leve. Mais para nós, este último significado que fai referencia a unha muller en plenitude física ten aínda outro nivel de lectura máis velado de o entendermos referido, sempre en contextos negativos, á condición vital da propia María, que xa non é nova (*manceba*). Así se explica que a *manceba* (enténdase a «condición de manceba, a xuventude») se leve mal con ela e se lle queira ir: *pola manceba: que se desaven / dela* (vv. 3-4); *se manceba non á* (v. 8); *pois que se lh'a manceba quer ir* (v. 10); *poi-la manceba sigo non ouver* (v. 14); *pola manceba, que xi lh'ora vai ...* (v. 16); é por isto que terá de morar na rúa da Moeda Velha, *velha*, e contra a súa vontade (*a seu pesar*). O tempo pasou e a *manceba* que era xa se quere ir, abandónaa, para deixar paso á *velha* que agora é.

## Retórica

Os procedementos retóricos fundamentais postos en xogo nesta composición, como nas outras do ciclo, pertencen ao ámbito da *aequivocatio* e empréganse no tratamento dos dous tópicos fundamentais do con-

xunto (a vellez da protagonista e a súa ansia de diñeiro). Mais, ao contrario do que ocorre nas outras composicións do ciclo en que os equívocos non presentan unha gran dificultade interpretativa, estamos aquí perante unha poesía hermética cuxa retórica do equívoco presenta varios niveis e que resulta, por tanto, de hermenéutica complexa. En calquera caso, pensamos que o autor contaba con que os tópicos comúns tratados nas outras cantigas do ciclo axudarían ao auditorio da época a desvendar o equívoco máis complexo formulado nesta. Pensamos tamén que, por esa mesma razón, non tería moito sentido introducir un motivo novo (a homosexualidade) como tema principal dunha cantiga tan complexa e escura, xa que obrigaría ao público coevo a unha interpretación a contrafío dos datos expostos abertamente, sen *palavras cobertas*, noutras cantigas do ciclo. Alén diso, se houbese algún elemento baseado na realidade obxectiva, ou se na altura circulase algún rumor, áinda que sen base real, sobre a homosexualidade de Maria Leve, non resulta fácil de entender que ese feito non apareza tratado noutras cantigas do ciclo. E afirmamos isto último a pesar de que en análises anteriores de diversa autoría (Martínez Pereiro 1999: 185-86; Callón 2017:340-41; Vieira & Morán Cabanas & Souto Cabo 2015: 84) si se teña afirmado que noutra cantiga do ciclo, concretamente *Sancha Perez Leve, vós ben parecedes* (UC 1568 = Tav 81,19; B 1549), existen indicios más ou menos explícitos dunha relación lésbica que nós non conseguimos albiscar por más que os procuramos.

Así pois, ao noso ver, o motivo principal tratado nesta cantiga burlesca, como noutras do ciclo, é a vellez da protagonista. Con ese propósito, o autor constrúe un texto complexo, con contradicións aparentes e que presenta varios niveis de equívoco.

Por un lado, acabamos de ver o duplo valor que pode adquirir o segundo elemento do nome *Moeda Vella*, que, conforme fixermos a pausa, funcionará simultaneamente como adjectivo modificador de *Moeda*, denominación dunha céntrica rúa de Compostela, e tamén como adjectivo caracterizador da soldadeira: *velha vai morar | dona Maria Leve, a seu pesar*. Estamos aquí perante un primeiro nivel de desvendamento do duplo sentido da cantiga, unha burla indirecta contra María

Leve pola súa condición de vella, que sería doadamente interpretada polo auditorio coñecedor da recorrenza dese tópico na obra deste trobadour.<sup>11</sup>

<sup>11</sup> O trobador de Talaveira emprega un procedemento da *aequivocatio* que se rexistra noutros autores da escola, baseado tamén no termo *velha*, e que incide nunha das condicións humanas que con certa frecuencia é obxecto de burla nas cantigas de «escarnho e maldizer»: a vellez. O artificio está situado no refrán, lugar de destaque do texto: *ena Moeda Velha vai morar | dona Maria Leve, a seu pesar* (vs. *ena Moeda, velha vai morar | dona Maria, leve a seu pesar*). Poremos só como exemplo unha cantiga dun dos autores que máis empregaron este motivo e estratexia retórica baseada nunha sintaxe equívoca, Pedr'Amigo de Sevilha: *Elvir', a capa velha dest'aqui* (B 1658, V 1192; Tav 116,10). Nunha primeira lectura inocente desta composición repróchassel á tal Elvira que sexa tan usureira como para vender *por dinheiros* a mellor capa das que lle deron e deixar para si a más estragada. Mais por tras desta lectura inocente agáchanse outras lecturas ocultas, como ben puxo de manifesto Martínez Pereiro no seu ensaio sobre a *interpretatio nominis* na literatura trobadoresca (1999: 113-126). Unha destas outras lecturas burlescas, que é a que nos interesa aquí, radica na posibilidade de aplicar o repetido adxectivo *velha* a Elvira, cun lixeiro cambio na puntuación/prosodia en cada caso: *queres leixar a capa velha, Elvira, pera ti* vs. *queres leixar a capa, velha Elvira, pera ti*. A elaborada disposición sintáctica do antropónimo *Elvira* e do adxectivo *velha* nas súas múltiplas repeticións ao longo da cantiga (vv. 1, 4, 7, 9, 11-12, 15, 17, 20) fan deste recurso da *equivocatio* un dos eixes retóricos da mesma:

Elvir', a capa velha dest'aqui  
que ti vendess'un judeu corretor,  
e ficou contig'outra mui peior,  
Elvir', a capa velha que t'eu vi,  
5       ca queres sempre por dinheiros dar  
          a melhor capa e queres leixar  
          a capa velha, Elvira, pera ti.

Por que ti fiqu', assi Deus ti perdon,  
a capa velh', Elvira, que trager  
10      non quer nulh'ome máis, dás a vender  
          melhor capa velha d'outra sazon:  
          Elvira, nunca ti capa daran,

Nese primeiro nivel de duplicitade de sentidos, como indicamos contra o final da nota 11, estarían incluídos aqueles que os traballos críticos anteriores atribúen ao termo *leve/Leve* nesta e noutras cantigas do ciclo.

No entanto, por outro lado, e unha vez que sabemos que o termo *velha* se aplica indirectamente a *Maria Leve*, está o equívoco baseado na oposición entre os termos *manceba* e *velha*, oposición que na nosa proposta de interpretación resultará só aparente. Tal como está formulada a cantiga, nunha primeira lectura todo indica que o termo *manceba* é aplicado a unha criada e/ou «pupila» de *Maria Leve* que sería áinda unha moza, mentres que o termo *velha* sería aplicado á propia Maria, unha muller que entraba agora na vellez.

ca ficas, destas capas que ti dan,  
con as más usadas no cabeçón.

- 15 Da capa velh', Elvira, mi pesou,  
porque non é ja pera cas d'el-rei  
a capa velh', Elvira, que eu sei  
muit'us'á [a] que contigo ficou,  
ca pera corte sei que non val ren  
20 a capa velh', Elvira, que ja ten  
pouco cabelo, tan muito s'usou.

Como xa indicamos, tamén Joan Vaasquiz utiliza este mesmo procedemento noutras cantigas do ciclo: así en (B 1549), onde dependendo de onde se faga a pausa, a palabra *leve* pódese interpretar ben como alcume: *Sancha Perez Leve, vós ben parecedes* (Sancha Pérez Leve, vós sodes moi fermosa) ou ben como epíteto alusivo ao carácter «lixo, lixián» da muller, tanto no sentido psíquico (parva) como no seu comportamento como muller «fácil». E tamén en (B 1546), onde en tres ocasións o mesmo termo *leve* pode ser interpretado como alcume ou como P3 do SP do verbo *levar*: v. 2: *Maria Perez, leve algun dinheiro*; v. 5: *Maria Perez, lev'alg'en sa mão*; v. 8: *Maria Perez, lev'algo de juso*.

Neste sentido, é preciso lembrar a importancia que en casos como este tería a sutileza e mestría de execución do xograr intérprete, tanto na dicción como na xestualidade. Por exemplo na execución do refrán: *ena Moeda Velha vai morar | dona Maria Leve, a seu pesar* (vs. *ena Moeda, velha vai morar | dona Maria, leve a seu pesar*).

Porén, segundo a nosa proposta de interpretación do texto, e aquí radica a chave retórica basilar da cantiga, os termos antitéticos *manceba* e *velha* aplícanse a unha mesma persoa en dúas etapas vitais, ou más en concreto, no tránsito dunha para a outra: a *manceba* que ela era váiselle inexorabelmente (faise *vella*): xa non lle quere vivir na *Moeda* e polo tanto, a noutro tempo louzá prostituta *Maria Leve*, agora vai vivir, *vella* e por iso empobrecida, nesa mesma rúa: *na Moeda velha vai morar | ...Maria, leve, a seu pesar.*

A ficción da *manceba* contribúe a aumentar o sarcasmo contra *Maria Leve*: literalmente incide na súa condición de *vella* que se dedicaba á alcaiotaría porque xa non estaba en condicións físicas para exercer ela como prostituta. Indirectamente, segundo a nosa proposta, pode entenderse a burla contra *Maria Leve* por prolongar o ejercicio da prostitución até extremos que, debido á súa gastada condición física, resultaban patéticos.

*Joan Vaasquiz de Talaveira* emprega aquí unha estratexia poética similar á utilizada por *Joan Soarez Somesso* na cantiga *Una donzela quig'eu mui gran ben* (UC 79 = Tav 78,25; B106), onde o aparente cambio dunha *donzela* por unha *dona* que se lle parecía moito non é tal, pois a *dona* e a *donzela* son a mesma persoa.

Na cantiga antecitada de *Joan Soarez Somesso* utilízanse procedementos similares da *aequivocatio*. O texto presenta unha primeira lectura que parece tratar o raro motivo do cambio de *senhor* (*chanson de change*): o namorado abandona a súa amada, unha *donzela* (muller nova solteira, virxe), e namórarse dunha *dona* (muller casada) que se lle seembaba moiísimo a aquela.

Porén, coidamos, tras esta primeira lectura agóchase outra interpretación que multiplica o seu valor: o texto non trataría dun cambio de *senhor*, mais dun cambio de estado da *senhor*. Amaba unha moza virxe, unha doncela; a *donzela* casou, de aí que nunca máis a poida ver *donzela*, isto é, virxe (vv. 8-9), e agora el ama unha *dona* (muller casada) que é idéntica á *donzela*, porque ambas son a mesma persoa. Repárese na oposición *donzela/dona*, reiterada ao longo de toda a cantiga e que constitúe o eixe retórico da mesma, tal como na cantiga de *Vaasquiz de Talaveira* se reitera a oposición *velha/manceba*.

Eis o texto da cantiga (B 106) de Joan Soarez Somesso:

- Úa donzela quig'eu mui gran ben,  
meus amigos, assi Deus me perdon,  
e ora ja este meu coraçon  
anda perdudo e fóra de sén  
5      por Úa dona, se me valha Deus,  
que depois viro[n] estes olhos meus,  
que mi-a semelha mui más d'outra ren.
- Porque a donzela nunca verei,  
meus amigos, enquanto eu ja viver,  
10     por esso quer'eu mui gran ben querer  
a esta dona en que vos falei,  
que me semelha a donzela que vi,  
e a dona servirei des aqui,  
pola donzela que eu muito amei.
- 15     Porque da dona son eu sabedor,  
meus amigos, assi veja prazer,  
que a donzela en seu parecer  
semelha muit', e por end'ei sabor  
de a servir, pero que é meu mal:  
20     servi-la ei, e non servirei al,  
por a donzela que foi mia senhor.

Como xa expuxemos, tamén na cantiga de Joan Vaasquiz de Tala-veira se xoga con dous termos antitéticos, *velha* e *manceba*, que aparentemente son atribuídos a dúas persoas diferentes, *Maria Leve* e unha súa criada, mais que, segundo a nosa proposta de interpretación, se refiren a unha mesma muller, *Maria Leve*, que perdeu a xuventude e pasou de ser *manceba* a ser *velha*.

## Sobre a mudanza de rúa

Ao contrario do que interpretan a maioría das edicións precedentes, consideramos que a mudanza de morada de Maria Leve é só unha mিaxe más creada polo autor, hábil manipulador da sintaxe, para contribuír ao disfraz equívoco xeral con que vestiu a cantiga, incluíndo a duplicidade, para nós só aparente, das personaxes.

O texto móstrase escuro neste sentido e ás veces mesmo parece contraditorio. Para nós non está claro que haxa un desprazamento real e de habelo, como xa indicou Martínez Pereiro (1999: 180), «*ir contra San Martinho*» suporía «só un moi curto ou inexistente desprazamento no espazo da mesma rúa da *Moeda Velha*».

Neste sentido parécenos relevante notar que a preposición utilizada co verbo *ir* é *en*, de valor estático, e non a preposición *a* de valor direccional. Se o foco estivese no motivo da mudanza de morada, acción que implica un deslocamento, o máis lóxico sería a utilización da preposición *a*.

Se a rúa da Moeda Velha era un lugar onde se exercía a prostitución e polo tanto onde a exerceu Maria Leve<sup>12</sup> mentres a súa louzanía llo permitiu (mentres foi *manceba*), parece un contrasentido que a soldadeira xa de vella vaia vivir a esa rúa, onde teoricamente xa vivía. Como mera hipótese podemos pensar que nunha área más ampla á volta da rúa da Moeda Velha<sup>13</sup> se exercía a prostitución e nela habería

<sup>12</sup> Por outras cantigas do ciclo (cf. anexo 2. 1 e 3) pódese deducir que esta era a actividade a que Maria (Perez) Leve se dedicaba: *Tod'home que a ir queira veer suso, | Maria Perez, lev'algo de juso.* (B 1546, vv. 7-8); *Sempr[e] eu pequei, des que fui foduda* (B 1548, v. 7).

<sup>13</sup> Non é doado facerse unha idea de como era naquela época a compostelá rúa da Moeda Vella, o que dificulta ainda máis o podermos coñecer a dimensión do posible desprazamento de Maria Leve e, en definitiva, a interpretación cabal da cantiga.

In assessing the organization of the sequence of nine *cantigas* by Pero Meogo, we should look at the distribution—in relation to the whole set and to the form of each *cantiga* in which it occurs—of the




Figure 1: Distribution of the Image of the Stag at the Fountain (Cohen 2014a: 78).

image of the stag at the fountain. I believe that this distribution provides evidence of an overall design.

The image marks the beginning, middle, and end of the set, and in the last poem it is found in *each of the last four strophes*. As an image or symbol system created by language, the stag at the fountain belongs to rhetoric. Since it represents activity, it also belongs to pragmatics. The distribution of this image in the set is part of an overall architecture of form, language and action. And in Meogo 9 the image appears in a final climax within that architecture.

The ability to recognize a rhythmic pattern in the sound made by an approaching predator must have saved our ancestors from becoming food. So the ability to predict a pattern of beats was a biological necessity, not an aesthetic luxury. Huron says that the best example of a predictable outcome in Western classical music is the final cadence. And if that cadence is delayed by a surprise, there is a moment of maximum tension followed by the pleasure of an accurate prediction. Our brain attributes the sense of euphoria to the signal, in this case the final note or chord, but in reality it is the quick succession of expectation, interruption and fulfillment that produces a highly positive valence.

Form, rhetoric and pragmatics in the *cantigas d'amigo* are kinds of technology. The aaB strophe and kindred forms are a technology that must have evolved over a long stretch of time—through replication, variation and selection—to serve as a vehicle in the transmission of linguistic and social competence. The most basic human technology is language and poetic language is high tech. Rhetorical techniques in the *cantigas d'amigo* are carefully placed in the form of the song, to *weave a spell* (as it were) with repetition and variation. A pragmatic script constitutes technology too: the design of action within a form. The mind perceives this hidden technology of action and rhetoric, as a kind of magic (Gell 1995) in the art-form we call the *cantiga d'amigo*. The architecture of Meogo's sequence adds another level of technology.

*Digades, filha, mha filha velida* is the last song of the sequence and qualifies as a climax: among other things, the three-part dialog between mother and daughter displays unparalleled virtuosity in the handling of

*leixa-pren*; and the image, in each of the last four strophes, of the stag stirring the water of the spring, echoes the use of this same image in the final strophes of Meogo 5, the central song. This image packs the energy of an ancient ritual, replete with the sexual symbols of a myth. In Meogo 9, the last two strophes mark a climax within a climax: the unique change of rhyme-scheme would have startled the audience, creating a tension response. But then, after that surprise, the fulfillment of six predictions together would be starkly pleasurable. There are three levels of climax here and all three come to a head at Rv-1: the last verse ends; the moving now of the text glides, after a pause, into the refrain; and the refrain concludes, at a stroke, the strophe, the *cantiga*, and the whole sequence.

By design, I believe, the audience should have felt a fair measure of satisfaction.

## REFERENCES

- CEM = Manuel Rodrigues Lapa. *Cantigas d'escarnho e de mal dizer dos cancioneiros medievais galego-portugueses*. 2nd ed. [1st ed. Coimbra: 1965] Vigo: Galaxia, 1970.
- COHEN, Rip (1996). “Dança Jurídica”. *Colóquio-Letras*, 142, 5-49. [Online] [20 June 2021]. <<http://coloquio.gulbenkian.pt/cat/sirius.exe/issueContent-Display?n=142&p=5&o=r>>.
- COHEN, Rip (2003). *500 Cantigas d'Amigo*. Critical Edition. Porto: Campo das Letras.
- COHEN, Rip (2006). “Girl in the Dawn: Textual Criticism and Poetics”. *Portuguese Studies*, 22.1, 173-187. [Online] [20 June 2021]. <[https://www.academia.edu/35963186/Girl\\_in\\_the\\_Dawn\\_Textual\\_Criticism\\_and\\_Poetics](https://www.academia.edu/35963186/Girl_in_the_Dawn_Textual_Criticism_and_Poetics)>.
- COHEN, Rip (2012). “Two Corrections to the Text of the *Cantigas d'Amigo*. The Refrain That Wasn't There: The Text of Johan Zorro 6; Critical Rights and Erotic Wrongs: Emendation and Action in Johan Perez d'Avoin 1”. *eHumanista. Journal of Iberian Studies*, 22, 1-26. [Online] [20 June 2021]. <[https://www.ehumanista.ucsb.edu/sites/secure.lsit.ucsb.edu.span.d7\\_eh/files/sitefiles/ehumanista/volume22/1%20Cohen.pdf](https://www.ehumanista.ucsb.edu/sites/secure.lsit.ucsb.edu.span.d7_eh/files/sitefiles/ehumanista/volume22/1%20Cohen.pdf)>.

- COHEN, Rip (2013). “aaB: Strophic Form and Cognition”. *Cognitive Philology*, 6. [Online] [20 June 2021]. <[https://rosa.uniroma1.it/rosao3/cognitive\\_philology/article/view/11198/11288](https://rosa.uniroma1.it/rosao3/cognitive_philology/article/view/11198/11288)>.
- COHEN, Rip (2014a). *The Cantigas of Pero Meogo, Edited with Introduction and Commentary*. Washington DC: Virtual Center for the Study of Galician-Portuguese Lyric. [Online] [20 June 2021]. <<https://blogs.commons.georgetown.edu/cantigas/files/2013/05/Cohen-Meogo-NOVISSIMA-EDITION-371a-rev3-Edition-mjf.pdf>>.
- COHEN, Rip (2014b). “Poetics, Historical Grammar and Textual Criticism: Augua or Agua in Pero Meogo?”. *Lingua, texto, diacronía. Estudios de lingüística histórica*. Ed. Letícia Eirín García and Xoán López Víñas (=Revista Galega de Filoloxía, Monografía 9), 109-122. [Online] [20 June 2021]. <[https://www.academia.edu/10354236/Poetics\\_Historical\\_Grammar\\_and\\_Textual\\_Criticism\\_augua\\_or\\_agua\\_in\\_Pero\\_Meogo](https://www.academia.edu/10354236/Poetics_Historical_Grammar_and_Textual_Criticism_augua_or_agua_in_Pero_Meogo)>.
- COHEN, Rip (2016). “aaBBB: The Strophic Form of Fernan Rodriguez de Calheiros 7”. *Revista Galega de Filoloxía*, 17, 33-51. [Online] [20 June 2021]. <[https://revistas.udc.es/index.php/rgf/article/view/rgf.2016.17.0.1870/g1870\\_pdf](https://revistas.udc.es/index.php/rgf/article/view/rgf.2016.17.0.1870/g1870_pdf)>.
- COHEN, Rip (2018). “Metrics and Textual Criticism in the Cantigas d'amigo: External Responsion by Pairs of Strophes”. *Revista Galega de Filoloxía*, 19, 75-93. [Online] [20 June 2021]. <[https://revistas.udc.es/index.php/rgf/article/view/rgf.2018.19.0.4947/g4947\\_pdf](https://revistas.udc.es/index.php/rgf/article/view/rgf.2018.19.0.4947/g4947_pdf)>.
- FABB, Nigel (2014). “The verse-line as a whole unit in working memory, ease of processing, and the aesthetic effects of form”. *Royal Institute of Philosophy Supplement*, 75, 29-50.
- FABB, Nigel (2015). *What is poetry? Language and Memory in the Poems of the World*. Cambridge: Cambridge University Press.
- GELL, Alfred (1995). “The Technology of Enchantment and the Enchantment of Technology”. *Anthroplogy, Art and Aesthetics*. Ed. Jeremy Coote and Anthony Shelton. Oxford: Clarendon Press, 40-63.
- HURON, David (2006). *Sweet Anticipation. Music and the Psychology of Expectation*. Cambridge MA; London: MIT Press.
- MICHAËLIS DE VASCONCELOS, Carolina (1904). *Cancioneiro da Ajuda*. 2 vols. Halle: Max Niemeyer.
- PARKINSON, Stephen (2006). “Concurrent patterns of verse design in the Galician-Portuguese lyric”. *Proceedings of the Thirteenth Colloquium* (Papers of the Medieval Hispanic Research Seminar, 51). Ed. Jane Whetnall & Alan Deyermond. London: Department of Hispanic Studies, Queen Mary, University of London, 19-38.

- TRUBARAC, Djordjina (2010). "La novena cantiga de Pero Meogo y los textos europeos con el motivo de la falsa excusa del agua enturbiada por un animal: análisis comparado". *AnMal Electrónica*, 28. [Online] [20 June 2021]. <<http://www.anmal.uma.es/numero28/Meogo.htm>>.
- TRUBARAC, Djordjina (2011). *La falsa excusa del agua enturbiada por el ciervo: paralelismos ibéricos y balcánicos*. Madrid: Universidad Complutense de Madrid. [Online] [20 June 2021]. <<https://eprints.ucm.es/id/eprint/12893/1/T31572.pdf>>.
- TRUBARAC MATIĆ, Djordjina (2016). "El origen de las cantigas de amigo galaco-portuguesas y qué es lo que la tradición serbia puede aportar al respecto". *Estudios Hispánicos en la Cultura y Ciencia Serbia*. Ed. Anđelka Pejović, et al. Kragujevac: Facultad de Filología y Artes, Universidad de Kragujevac, 73-84.
- TRUBARAC MATIĆ, Djordjina (2018a). "¿Son las nueve Cantigas de Meogo una secuencia o no? Una aportación comparativa al debate". *Poesía, poéticas y cultura literaria*. Ed. Andrea Zinato and Paola Bellomi. Como-Pavia: Ibis, 561-573.
- TRUBARAC MATIĆ, Djordjina (2018b). *Meogo 9 Versus Texts with the Motif of a Transparent Excuse of Water Clouded by Stags or Horses: Outlining the Proto-Model. Revised and Expanded*. Washington DC: Virtual Center for the Study of Galician-Portuguese Lyric. [Online] [20 June 2021]. <<https://blogs.commons.georgetown.edu/cantigas/files/2016/03/Trubarac-Meo-9-Expanded-article.pdf>>.



Copyright © 2022. This document is under a Creative Commons Attribution-Noncommercial-No Derivative Works 3.0 Unported License. To see a copy of this license click here <http://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/3.0/legalcode>.

# PERO MEOGO: DESDE A MÉTRICA E A MÚSICA Á PERCEPCIÓN MÉTRICA

ANTONI ROSELL

Universitat Autònoma de Barcelona

**RESUMO:** Desde a métrica dos textos líricos medievais e dos procesos de intertextualidade, seguindo os postulados de Jorn Gruber (1983), é posible formular a reconstrucción musical dalgunhas cantigas das que non se conservou a música. Trátase dunha comparación métrica entre o repertorio lírico galego, neste caso a obra poética de Pero Meogo, e o repertorio galego devocional (CSM), así como o occitano, o francés antiguo e o latín medieval. As coincidencias métricas permítennos argumentar tanto possibles *contrafacta* como reconstruccións musicais destes repertorios sen música, sempre apoiados en análises intertextuais. Este estudio formúlase como hipótese partindo dunha «percepción métrica» por parte do receptor a un nivel semellante da «percepción melódica» por parte do público medieval.

**PALABRAS CLAVE:** lírica galego-portuguesa; música medieval; imitación, contrafacción, reconstrucción musical.

## PERO MEOGO: DES DE LA MÈTRICA I LA MÚSICA A LA PERCEPCIÓ MÈTRICA

**RESUM:** Des de la mètrica dels textos lírics medievals i dels processos d'intertextualitat, seguint els postulats de Jorn Gruber (1983), és possible formular la reconstrucció musical d'algunes cantigues de les quals no s'ha conservat la música. Es tracta d'una comparació mètrica entre el repertori líric gal·lic, en aquest cas l'obra poètica de Pero Meogo, i el repertori gal·lic devocional (CSM), així com l'occità, el francès antic i el llatí medieval. Les coincidències mètriques ens permeten argumentar tant possibles *contrafacta* com reconstruccions musicals d'aquests repertoris sense música, sempre amb el suport d'anàlisis intertextuals. Aquest estudi es formula com a hipòtesi partint d'una «percepció mètrica» per part del receptor a una escala semblant a la «percepció melòdica» per part del públic medieval.

**PARAULES CLAU:** lírica gallegoportuguesa; música medieval; imitació; contrafacció; reconstrucció musical.

**PERO MEOGO: FROM METRICS AND MUSIC TO METRICAL PERCEPTION**

**ABSTRACT:** From the metrics of medieval lyrical texts and the processes of intertextuality, following the postulates of Jörn Gruber (1983), it is possible to formulate the musical reconstruction of some cantigas of which the music has not been preserved. This is a metrical comparison between the Galician lyric repertoire, in this case the poetic work of Pero Meogo, and the Galician devotional repertoire (CSM), the Occitan, the Old French, and the medieval Latin repertoire. The metrical coincidences allow us to argue both possible counterfactuals and musical reconstructions of these repertoires without music, always supported by intertextual analyses. This study is formulated as a hypothesis based on a “metrical perception” on the part of the receiver at a level similar to the “melodic perception” on the part of the medieval audience.

**KEYWORDS:** Galician-Portuguese lyric; medieval music; imitation, contrafacta, musical reconstruction.

**PATRIMONIO MUSICAL GALEGO MEDIEVAL: CONSERVACIÓN  
E RECUPERACIÓN**

Sorprende que o patrimonio musical da lírica galega medieval teña na vertente relixiosa un gran número de melodías (máis de catrocentas) das *Cantigas de Santa María* de Afonso X, mentres que na lírica profana o número sexa tan escaso: no *Fragmento de Torre do Tombo* ou *Pergamiño Sharrer* (finais do s. XIII, comezos do s. XIV) conserváronse sete cantigas de amor de Don Dinís con música, e no *Pergamiño Vinaldel* (s. XIII) sete cantigas de amigo de Martín Codax, seis con música. Non por falta de manuscritos conservados con música a investigación musicolóxica se detivo en busca de testemuñas ou relacións melódicas que nos permitan a reconstrución ou *contrafacta* de lírica galega medieval. Os estudos realizados sobre as relacións métricas e literarias entre as obras que conservaron música e as que non a conservaron permite elaborar un proceso de reconstrución melódica ou de contrafacción que posibilita —sempre dentro do campo da hipótese— reconstruír a melodía de non poucas cancións trobadorescas medievais nas súas diferentes manifestacións lingüísticas. Neste senso, debemos destacar os traballos de Hans Spanke (1936 e 1931/1983) que vencellou a lírica latina

medieval, tanto litúrxica como profana, coa lírica trobadoresca aplicando o cómputo métrico románico á lírica latina, a partir da identificación de numerosos casos nos que a melodía da canción latina se encontraba tamén en textos románicos, o cal demostraba que ambos gozaban dun cómputo métrico común que permitía o transvase de melodías dun repertorio ao outro. No campo musicolóxico, Friedrich Gennrich (1965) foi quien realmente abriu o campo musical da contrafacción e a reconstrucción melódica dos repertorios monódicos cortesáns, camiño que tivo numerosos continuadores. Grazas aos traballos de Gruber (1983) podemos dar por certas aquelas reconstruccións musicais, pasando do campo da hipótese ao da tese, cando se cumpren as condicións que expuxo o filólogo da Universidade de Tréveris, a partir dunha análise intertextual, ás que hai que engadir a función intermelódica como factor mnemotécnico e de recoñecemento (Rossell 2000).

## DA MÉTRICA Á MÚSICA NA OBRA DE PERO MEOGO

O corpus lírico do trobador Pero Meogo non é dos máis extensos: só se conservaron nove poemas. Non obstante, a particularidade literaria dos seus textos e a súa difusión captou a nosa atención sobre as relacións métrico-melódicas da súa obra e a súa posible —pero sempre hipotética— reconstrucción musical. Para isto é indispensable a análise métrica dos poemas e as súas relacións con repertorios líricos románicos e latinos.

A obra do trobador galego pódese distribuír en 4 grupos métricos:

1) aabb

—*Por mui fremosa, que sanhuda estou* (D'Heur 1201;<sup>1</sup> Tavani 134,7)<sup>2</sup>  
aaBB (x3): 10/9' [4'/5+5/4'] || 6 10 [4'+5]<sup>3</sup>

<sup>1</sup> Numeración da obra en D'Heur (1975).

<sup>2</sup> Numeración do número de trobador e da obra no repertorio de Tavani (1967).

<sup>3</sup> Reproducimos a descripción métrica de Cohen (2014:15).

—*Preguntar-vos quer'eu, madre*, (D'Heur 1206; Tavani 134,8)  
 aaBB (x3): 7'

2)- abcb

—*Tal vai o meu amigo* (D'Heur 1202; Tavani 134,9)  
 abcb (x5): [6'/6]<sup>4</sup>

3)- aabbb

—*Fostes, filha, eno bailar* (D'Heur 1207; Tavani 134,4)  
 aaBBB (x4): 8/9 [3'+4/5] || 6 [3'+2] 9 [3'+5] 6 [3'+2]

—*Digades, filha, mia filha velida:* (D'Heur 1208; Tavani 134,2)  
 aaBBB (x4): 8/9 [3'+4/5] || 6 [3'+2] 9 [3'+5] 6 [3'+2]

4)- aab

—*Ai cervas do monte, vin-vos preguntar* (D'Heur 1203; Tavani 134,1)  
 aaB (x2): 11 [5'+5] || 5'

—*Enas verdes ervas* (D'Heur 1205; Tavani 134,3)  
 aaB (x8): 5'/5 || 3'

—*O meu amig', a que preito talhei* (D'Heur 1200; Tavani 134,6)  
 aaB (x4): 10 [4'+5] || 8

—*[Levou-s'a alva], levou-s'a velida* (D'Heur 1204; Tavani 134,5)  
 aaB (x6): 11' [5'+5']

Dadas as relacións literarias entre trobadores occitanos, galegos e franceses, ás que debemos engadir os contactos e préstamos literarios e métrico-melódicos coa lírica latina medieval (litúrxica e profana), proponémonos relacionar estes repertorios coa obra do trobador galego, coas limitaciós de traballar cuns repertorios tan amplos que por veces, como sucede co latino, áinda non contan cun repertorio métrico-melódico completo, coa excepción da primeira lírica latina ou *nova cantica* de Adriana Camprubí (2020). Compararemos metricamente as obras

<sup>4</sup> Cohen describe a estrutura métrica desta cantiga como aa (x5): 13 [6'+6].

de Pero Meogo con outras pezas da monodia profana trobadoresca tanto da tradición occitana como das súas irradiações, e a latina medieval. E para isto ímonos servir de catro repertorios métricos: Frank (1966) para a lírica occitana trobadoresca; Mölk (1972) para a lírica dos *trouvères*; Tavani (1967) para a lírica galega medieval; e o de Camprubí (2020) para a primeira lírica latina medieval.

### 1)- aabb

Nos repertorios métricos citados aparece a primeira estrutura de rimas da lírica do trovador galego, aabb, pero con diferenzas —sobre todo de número de sílabas por verso— dun repertorio a outro, e no número de obras que presentan esta estrutura. Contrastá coas numerosas obras da lírica galega medieval o exiguo número de composicións da lírica trobadoresca tanto occitana como francesa medieval, sendo a lírica galega a de maior número de composicións (62 composicións; RMT<sup>5</sup> nº 37). Na lírica dos *trouvères* esta estrutura de rimas é a nº 381 no repertorio de Mölk, con 9 obras. Destaca a referencia do autor deste repertorio métrico á obra de Gotthold Nae-tebus (1891), xa que clasifica esta estrutura como unha forma «non lírica».<sup>6</sup> Das tres primeiras obras francesas, a estrutura queda representada como aabB:<sup>7</sup> a primeira é unha *chanson de femme* G<sup>8</sup>230=S<sup>9</sup>59a; a segunda e a terceira son «baladas/danzas» segundo Gennrich (1921: G<sub>231</sub>=S<sub>763</sub> e G<sub>255</sub>=S<sub>97</sub>), a cuarta unha pastorela (S<sub>1877a</sub>), a quinta unha «chançon» (S<sub>2047</sub>), a sexta, de Gautier de Coinci, unha *chanson pieuse* (canción relixiosa), e dous motetes. O grupo non é tan numeroso coma o galego, pero interesa destacar tanto a conexión desta estrutura cunha canción feminina, coma o ámbito relixioso dalgunhas das outras obras.

<sup>5</sup> A referencia «RMT» corresponde ao número de estrutura métrica do repertorio de Tavani (1967).

<sup>6</sup> En <https://archive.org/details/dienichtlyrischeoonaet/page/n243/mode/2up>. Consultado en setembro de 2021.

<sup>7</sup> O último verso da estrofa pertence ao refrán.

<sup>8</sup> Gennrich (1921) citado por Mölk.

<sup>9</sup> Reproducimos a numeración de Spanke (1955) citada por Mölk.

No repertorio métrico da lírica trobadoresca occitana, Frank clasifica esta estrutura co nº 130, e só se catalogan 4 obras, 3 anónimas (BdT 461,207; BdT 461,64, e BdT 461,246: as dúas primeiras pertencen a fragmentos e a terceira é un refrán ou tornada), a cuarta é un fragmento dunha poesía atribuída ao trobador Peire Vidal (BdT 364,36a). É evidente que esta estrutura no ámbito trobadoresco occitano e francés ten escasa presenza. En cambio no ámbito galego medieval, no repertorio métrico de Tavani esta estrutura de rimas (nº 37) presenta 62 obras con variacións no cómputo silábico. Este importante número de obras conéctanos coa monodia latina medieval, xa que se acudimos ao repertorio da primeira lírica latina con música, Camprubí sinala esta estrutura de rimas co nº 149, que conta con 76 obras, e delas podemos conectar metricamente coa poesía *Preguntar-vos quer'eu, madre* (D'Heur 1206; Tavani 134,8) 11 composicións con idéntico número de sílabas (7' 7' 7' 7'), entre as que conservan notación musical: *Dulcis sapor novi mellis* ♫,<sup>10</sup> cunha estrutura musical: ααββ; *Novum festum celebremus* ♫, *Mentem meam ledit dolor* ♫,<sup>11</sup> *Dux de Juda non tollitur* ♫ do drama litúrxico *Ordo Prophetarum*, todas elas cunha estrutura musical de *Oda continua* (αβγδ). Coa mesma estrutura métrica, pero con diferente estrutura musical (αβαβ), temos as composicións: *Ad honorem tui Christi* ♫,<sup>12</sup> do drama litúrxico *Ludus Danielis*, e *Noli, Rachel deflere pignora* ♫ do drama litúrxico *Ordo Rachaelis*. A conexión da lírica galega medieval co ámbito latino é evidente, e calquera das melodías das obras citadas deste repertorio latino con música podería aplicarse á cantiga *Preguntar-vos quer'eu, madre*, (D'Heur 1206; Tavani 134,8) xa que a coincidencia da estrutura métrica (rimas e número de sílabas) así o permite

<sup>10</sup> ♫: *Nova Cantica (Latin Songs Of The High Middle Ages)*. *Nova Cantica-Latin Songs of the High Middle Ages*. Dominique Vellard and Emmanuel Bonnardot. Deutsche Harmonia Mundi-77196-2-rc. 1990.

<sup>11</sup> ♫: *LA MUSIQUE EN CATALOGNE from the 14th Century*. Paniagua & Atrium Musicae. CAT. NO. STU 70695 on Erato Records. CD-1994.

<sup>12</sup> ♫: *Ludus Danielis: The Play Of Daniel Pro Cantione Antiqua*, The Landini Consort, Mark Brown. Decca Music Group Limited – 433731-2. 1992

segundo a práctica da contrafacción lírica medieval. A diferenza da cantiga anterior, a outra cantiga de amigo de Pero Meogo coa mesma estrutura de rimas (aabb) *Por mui fremosa, que sanhuda estou* (D'Heur 1201; Tavani 134,7) ten unha estrutura silábica diferente: 10 10 6 10, única no repertorio galego medieval e que tampouco encontramos na primeira lírica latina medieval con música. Neste caso poderíamos propoñer como hipótese, a falta doutras testemuñas líricas conservadas, unha orixinalidade métrico-melódica por parte do trobador galego.

## 2)- abcb

Outra das composicións que supoñen unha particularidade métrica tanto no repertorio galego, como no occitano, ou no francés, é a poesía *Tal vai o meu amigo* (D'Heur 1202; Tavani 134,9; RMT 215:1) que presenta a estrutura silábica 6' 6 6' 6 con rima abcb. Trátase dun exemplo único e unha estrutura pouco común na lírica galega medieval, tanto pola estrutura das rimas como polo número de sílabas, e non se encontra tampouco ningún exemplo tanto na lírica trobadoresca occitana como na lírica francesa medieval. No repertorio métrico de Camprubí a estrutura abcb (nº 691) conta con 13 composicións, pero ningunha delas coincide co número de sílabas por verso deste trobador. Estariamos, xa que logo, ante un novo exemplo de singularidade métrico-melódica de Pero Meogo.

## 3)- aabbb

A cantiga *Fostes, filha, eno bailar* (D'Heur 1207; Tavani 134,4; aabbb; 8 8 6 8 6) presenta unha estrutura de rimas inusual na lírica trobadoresca occitana, pois non aparece ningunha composición no repertorio métrico de Frank con esta estrutura, e no repertorio da lírica francesa medieval de Mölk só aparece unha canción de Richard de Semilly coa mesma estrutura de rimas pero cun número de sílabas maior que a do trobador galego, xa que a combinación de octosílabos e hexasílabos se substitúe por unha serie isosilábica de dodecasílabos. Así e todo, existe unha coincidencia moi interesante pois tanto na composición de Meo-

go como na de Semilly, os versos da rima «b» corresponden ao refrán (12'a 12'a 12'B 12'B 12'B Mölk 438). En cambio, na lírica galega esta estrutura métrica conta con 25 composicións no repertorio de Tavani (RMT nº 42), das que un grupo de poesías presentan estrofas con 10 sílabas por verso, e o outro grupo, estrofas con 7 sílabas por verso, mentres que a de Pero Meogo alterna versos de 8 sílabas con 6, da que os tres últimos versos da estrofa corresponden ao refrán (aaBBB). No repertorio latino medieval atopamos unha coincidencia notable tanto nas rimas coma no número de sílabas, coa mesma estrutura métrica. Trátase do *conductus* monódico *Ad cor tuum revertere♪*, atribuído a Philippe le Chancelier, e que figura dentro do repertorio dos *Carmina Burana* (CB 26) cunha estructura melódica de *Oda continua* (αβγδε). Esta estrutura musical é moi común na monodia medieval, e áinda contando con que tanto o compositor, como un bo número de *Carmina Burana* son cronoloxicamente anteriores a Meogo, sería moi arriscado considerar un *contrafactum* só con estes argumentos; áinda así, a melodía de *Ad cor tuum revertere♪* é perfectamente aplicable á poesía do trobador galego.

Cunha estrutura de rimas idéntica (aa / BBB) á cantiga de Meogo, pero con diferente número de sílabas: 7' 7' 8 6 9, poderíamos conectar a cantiga de loor (CSM 330) *Qual é a santivigada*, que presenta unha melodía e un desenvolvemento no refrán (αβγδγ') diferente do que viamo nos *Carmina Burana* atribuído a Philippe le Chancelier.

A abundancia desta estrutura de rimas é unha peculiaridade da escola medieval galego-portuguesa e cómpre sinalar que das vinte e cinco ocorrencias que rexistra Tavani máis da metade son de cantigas de amigo, ata quince (Johan de Requeixo; Johan Servando; Airas Carpancho; Garcia Soarez; Martin de Padrozulos; Garcia Soarez; Martin de Ginzo; Joan Airas, burgués de Santiago; Pero de Bardia; Johan Servando; Estevan Reimondo; e Pero Meogo) e das dez restantes sete son de amor e tres de escarnio.

4)- aab<sup>13</sup>

Esta é a estrutura de rimas más común da exigua obra de Pero Meogo, e tamén de gran popularidade na lírica galega medieval, de feito Tavani (RMT nº 26) enumera 138 composicións con esta estrutura, e entre elas encóntranse cinco das nove cantigas de Pero Meogo. No repertorio de Frank non hai ningunha composición con esta estrutura métrica, mentres que, da lírica francesa medieval, Mölk só recolle unha composición (S 1905; nº 267) que presenta variabilidade silábica e de rimas dunha estrofa a outra.

Tal como se apuntou máis arriba, son cinco as composicións de Meogo con esta estrutura: *Ai cervas do monte, vin-vos preguntar* (D'Heur 1203; Tavani 134,1); *Digades, filha, mia filha velida:* (D'Heur 1208; Tavani 134,2); *Enas verdes ervas* (D'Heur 1205; Tavani 134,3); *O meu amig', a que preito talhei* (D'Heur 1200; Tavani 134,6); *[Levou-s'a alva], levou-s'a velida* (D'Heur 1204; Tavani 134,5).

Trátase dunha estrutura usual na lírica galega, especialmente debido á peculiar forma das cantigas paralelísticas que abunda entre as cantigas de amigo, pero con oscilacións no número de sílabas entre as 138 cantigas rexistradas por Tavani. Tamén é unha estrutura que conta con numerosas obras no repertorio litúrxico. Camprubí (2020) cataloga 30, catalogadas no seu repertorio métrico co nº 118. De todas estas obras latinas, a estrutura métrica varía en canto ao número de sílabas dos versos, e áinda que as súas melodías se poderían adaptar á obra de Meogo mediante a técnica do *contrafactum* musical medieval, é unha tarefa que require un estudo de intertextualidade entre as poesías dos dous repertorios. Por iso aquí comentaremos só aqueles casos en que a posible relación métrica nos parece significativa.

A moi comentada cantiga *Ai cervos do monte, vin-vos preguntar* (D'Heur 1203; Tavani 134,1) ten unha estrutura métrica 11a 11a 5'B que non coincide exactamente no número de sílabas co resto de poesías deste grupo, pero con estruturas que difiren só nunha sílaba nalgún dos

<sup>13</sup> Vid. Rip Cohen (2013).

versos: 11' 11' 5', *Sedia la fremosa seu sirgo torcendo* de Estevan Coelho (29,1); e 11' 11' 5', *Mia madre velida, e non me guardedes* de Johan Servando (77,17), ningunha delas con música. Tampouco encontramos coincidencias métricas no repertorio de Camprubí, concretamente na estrutura nº 118, nin no de Mölk, estrutura nº 267.

Á composición *Enas verdes ervas* (D'Heur 1205; Tavani 134,3) Tavani atribúelle dous números de rexistro no seu repertorio (26:136 e 26:138) por unha diferenza de cómputo silábico: 5 5 3' (26:136) fronte a 5' 5' 3' (26:138). A partir da última edición da obra de Meogo (Ferreiro 2018), o cómputo correcto sería o de 26:138. Sexa como for, esta composición pódese relacionar coa cantiga de amigo de Don Dinís, *Mia madre velida* (25,44), cunha estrutura métrica 5'a 5'a 3b, onde a diferenza radica no refrán por unha sílaba, e cun final masculino no último verso da estrofa de tres versos en Don Dinís, e feminino en Meogo. A extensa obra de Don Dinís (73 cantigas de amor, 51 de amigo, 11 de escarnio, e 3 pastorelas) indícanos que o rei trovador experimentou non só coas innovacións (tanto métricas como literarias) trobadorescas occitanas e francesas, tal como queda patente na súa composición *Quer'eu em maneira de proençal* (25,99) (Hart 1998), senón tamén coa lírica tradicional galega (Camprubí 2014: 36). Outro punto de conexión coa obra do rei trovador témola en —*Digades, filha, mia filha velida* (D'Heur 1208; Tavani 134,2), na que encontramos un paralelismo con outra poesía do rei trovador, pois ten unha estrutura métrica idéntica (10'a 10'a 5B) á cantiga de amigo de Don Dinís -*Ai flores, ai flores do verde pino*, (25,2; RMT 26:85). Esta poesía non forma parte das seis poesías conservadas con música do *Pergamiño Sharrer* e, por tanto, non podemos aplicar un *contrafactum* nin reconstruír a melodia da cantiga de amigo de Meogo, aínda que a relación é evidente.

Neste mesmo grupo da estrutura a a b, a cantiga de amigo *O meu amig'*, *a que preito talhei* (D'Heur 1200; Tavani 134,6; T 26:78; 10 10 8), coincide metricamente con dúas cantigas de amor, de Bernardo de Bonaval, *A Bonaval quer' eu, mha senhor, hir* (22,1), e *Se Deus me leixe de vos ben aver* (43,15) de Fernam Garcia Esgaravunha, así como unha cantiga de amigo de Joan Servando, *Que trist' oj' eu and' e faço gran razon* (72,16), todas elas sen música conservada.

Podemos asociar a cantiga de amigo —*Digades, filha, mia filha velida:* (D'Heur 1208; Tavani 134,2; RMT 26:86; 10'a 10'a 5B) cunha serie de obras latinas que presentan a mesma estrutura de rima (aab), pero que no verso terceiro da estrofa presentan 4 sílabas en vez das 5 do terceiro verso da composición de Meogo. Así temos *Quid, prophani? quid nota reconditis?* e *Congaudete michi, karissimi!*, ambos do drama litúrxico latino *Los Milagros de San Nicolás*; o himno de Nadal da escola aquitana *Congaudeat turba fidelium!*; e *Recordatus es mei, Domine!* do drama litúrxico *Ludus danielis.*

Na cantiga *Enas verdes ervas* (D'Heur 1205; Tavani 134,3: aaB 5'5'3'), encontramos afinidades con varias poesías de Martín Codax: *Eno sagrado, en Vigo*, (91,3; 7'a 7'a 3b); *Ondas do mar de Vigo!* (91,6; 6'a 6'a 7'b; αα'β) e *Mandal' ey comigo!* (91,4; 5'a 5'a 6'b; αα'β); coa cantiga de loor CSM 160, *Quen bôa dona querrá!* (7a 8a 4'b; αβγ); e coa cantiga de loor CSM 260 *Dized', ai trovadores!*, (6'a 6'a 6'b; αβα'). Dentro do repertorio latino medieval atopamos afinidades métricas cos himnos *Clemens servulorum!* 118: 25 (5'a 5'a 4b; αβγ), e *Vox nostra intonet!* (5'a 6a 5'b; αβγ) do *Codex Calixtinus*. Cómpre destacar tamén a relación das cantigas de Meogo que teñen a estrutura de rima a a b coa «prosa» *Clemens servulorum!* (5'a 5'a 6b; αα'β) do *Codex Calixtinus*, e remarcar a tradición litúrxica galega desta composición e a proximidade xeográfica e coincidencia cronolóxica (ss. XII-XIII) coa obra do trovador galego, argumento que xustificaría unha reconstrución melódica adaptando a melodía da «prosa» ás sílabas de calquera composición deste grupo, tal como era habitual na práctica do «tropo» litúrxico (Hoppin 1978 e Evans 2015) e do *contrafactum*, e tal como coñecemos nun gran número de adaptacións melódicas na música monódica medieval. A circulación de repertorios líricos (texto e música) é constante no mundo románico, e moi concretamente no ámbito galego (Rossell 2010).

Non temos coincidencias métricas para a cantiga *O meu amig', a que preito talhei* (D'Heur 1200; Tavani 134,6; aab 10 10 8). De feito, e tal como xa sinalamos, todas as estruturas relacionadas coas composicións de Meogo con rima a a b difiren —algunhas minimamente— no núme-

ro de sílabas, e áinda que é posible facer reconstrucións melódicas, non chegamos a identificar ningún *contrafactum*.

### INTERTEXTUALIDADE E RECONSTRUCCIÓN MUSICAL: O *SO D'ALBA*

A este mesmo grupo (aab) pertence a cantiga de amigo [*Levou-s'aa alva*], *levou-s'a velida* (D'Heur 1204; Tavani 134,5; aab; 11' 11' 11'), que coincide na súa estrutura métrica con varias composicións: coa cantiga de amigo *Id' ai miá madre, vee-lo meu amigo* de Johan Nunez Camanez (74,2); co escarnio de amor *Sancha Perez Leve, vós ben parecedes* de Johan Vasquiz de Talaveira (81,19); coa cantiga de amigo/romaría *Por Deus vos rogo, madre que mi digades* de Lopo, jogral (86,10); e coa cantiga de amigo *Ai Deus, que doo que eu de mi ei* de Pero de Veer (123,1). Así e todo, a cantiga de Meogo podería analizarse, tal como xa propuxera Tavani (1967), considerando os hemistiquios como versos, quedando a seguinte estrutura en versos hexasílabos: 5'a 5'b 5'c 5'b 5'd 5'e. Un sanguardo deste tipo permítenos conjecturar unha posible relación intertextual e intermelódica a partir da cal poderíamos realizar unha hipotética, pero plausible, reconstrucción melódica. O primeiro verso da composición lévanos ao universo poético e lírico da *canción de alba*, e este xénero lírico foi tratado desde a perspectiva musical a partir da imitación dun modelo litúrxico, o himno ambrosiano *Ave, Maris stella* (BdT 106,14) fala do *so d'alba* refírese a un xénero musical que tiña por modelo o himno mariano. Recordemos que o mesmo Afonso X toma a estrutura métrica e a música da alba de Cadenet para a súa cantiga de loor, en realidade unha «alba ao divino», *Virgen Madre Groriosa* (CSM 340). Afonso X recollía a tradición musical da alba de Cadenet co mesmo número de sílabas por verso e o mesmo número de versos por estrofa. O Rei Sabio segue tamén a tradición do *so d'alba* de Giraut de Bornelh e doutras pezas como *O Maria, Deu maire* (*contrafactum* de *Ave, Maris stella*), a alba anónima bilingüe (latín/

francés) *Phebi claro nondum orto iubare♪*, ou a alba anónima en francés antigo *Gaite de la tor♪* (Rossell 1991).

O *so d'alba* ao que se refire Cadenet baséase nun intervalo de 5<sup>a</sup> (re-la) e no desenvolvemento ulterior da melodía de *Ave, Maris stella♪* tal como comprobamos en numerosos exemplos de albas románicas. Da presenza en Galicia do himno é testemuña non só a imitación de Afonso X, senón tamén unha longa tradición litúrxica no ámbito románico. A adaptación melódica do himno mariano á poesía de Meogo viría avalada polos postulados de intertextualidade que Gruber (1983) propón a partir da *canço* de Jaufre Rudel, «*No sap chantar qui so no di, ni vers trobar qui motz no fa*» (BdT 262, 3, vv. 1-2), segundo os principios de *mot*, *so* e *razo*, en que o *mot* estaría representado pola palabra «*alva*», o *so* — neste caso só a métrica — no himno litúrgico por uns versos femininos de 6 sílabas, e en Meogo por versos femininos de 5 sílabas, e a *razo*, polo tema do encontro amoroso. E neste caso a tradición trobadoresca románica e latina avaliarían que Meogo utilizase o *so d'alba* que xa non é unha melodía fixa e ríxida, senón un desenvolvemento melódico a partir da 5<sup>a</sup> ascendente e da tradición musical das cancións de alba. E esta adaptación non se pecharía coa imitación musical de Meogo, xa que é coñecida a hipótese, amplamente aceptada, de que a cantiga de Don Dinís *Levantou-s' a velida* (25,43; T 119:1) foi composta a partir da poesía de Pero Meogo que comentamos (López Castro 1999; Parkinson 2006). Esta imitación ofrécenos un argumento máis para a partición dos versos de Meogo en versos curtos, e para a súa identificación co himno mariano *Ave, maris stella♪*, a partir do concepto de variabilidade fronte ao de irregularidade, o primeiro no contexto da lírica oral (texto-música), e o segundo do ámbito filolóxico-positivista textual.<sup>14</sup>

A imitación de Pero Meogo das cancións de alba e a posible adaptación do *so d'alba* a partir do repertorio tanto trobadoresco como litúrxico lévanos a concluír nunha dobre transgresión por parte do trobador,

<sup>14</sup> En <https://www.youtube.com/watch?v=iUS4416A5jU> pódese escutar un exemplo da reconstrucción musical da cantiga de amigo [*Levou-s'aa alva*], *levou-s'a velida* de Pero Meogo a partir do himno mariano *Ave, maris stella♪*.

xa que á subversión da mensaxe relixiosa cunha música de orixe litúrxica, engádese a inserción literaria do motivo do cervo nas cantigas, que pode ser interpretado desde unha dobre vertente simbólica, por un lado como símbolo da resurrección de Cristo, e por outro do contacto sexual (Laurant, J.-P. et Zarcone, T. 2017; Mariño Ferro 2008). O trobador galego segue a tradición trobadoresca e irreverente da canción de alba de Giraut de Bornell e de Cadenet, entre outros. Tradición que Afonso X decidiu retornar ao ámbito litúrxico ao compoñer a cantiga 340 co esquema métrico e melodía da alba irreverente de Cadenet (Rossell, 2010).

### DA TRADICIÓN LITÚRXICA A UNHA POSIBLE TRADICIÓN AUTÓCTONA: A PERCEPCIÓN MÉTRICA

O repertorio relixioso estivo presente na tradición métrica da maioría de cantigas de Pero Meogo, xunto a unhas estruturas métricas de gran popularidade por parte dos trobadores galegos. Isto podería interpretarse como un trazo de arcaísmo, argumento que utiliza Afonso X cando acusa a Pero da Ponte de utilizar un vello estilo nas súas cantigas, a quen compara co trobador compostelán Bernal de Bonaval polo seu particular estilo arcaico (Alfonso X el Sabio 1988: 296-298).

Non é gratuíto afirmar que a lírica galega medieval se inspira nunhas formas métrico-melódicas litúrxicas, pero non podemos esquecer que, pola particular poética dos seus textos, podería relacionarse cunha lírica tradicional pretrobadoresca da que os trobadores galegos serían debedores: contidos tradicionais e formas métrico-melódicas tradicionais.

Todas as análises métricas e a profusión de certas estruturas na lírica galega indúcenos a reflexionar sobre a razón da súa utilización, que demandaría unha resposta máis alá da súa relación coa tradición oral. Non obstante, precisamos volver á mesma pregunta pero engadindo *¿à quoi ça sert?*. Segundo coa musica debemos recordar que non existe no ámbito románico unha palabra para denominar a estrutura métrica como tal, e para iso utilízase a palabra «so», que reúne tanto a métrica como a

música, é dicir, que a estrutura métrica para os medievais vai unida á música, e isto lévanos a concluir, respondendo á pregunta «¿de que serve?», que o público medieval tería unha percepción auditiva da métrica, porque a estrutura participa tanto do texto como da melodía, e seguramente o ritmo, no caso de que esta música servise para a danza. Cómpre imaxinar que certas estruturas métricas estarían concibidas como un xénero musical que o público percibe, identifica e a partir delas pode mesmo anticipar o seu desenvolvemento, tal como sucede na actualidade co *blues* ou con certas formas do *jazz* máis tradicional. Trátase de estruturas que inciden na memoria xerando a súa identificación e desenvolvemento, e que son utilizadas tanto para o canto como para o baile, e tratándose de Galicia refírome a xéneros tan populares como a *muiñeira* ou a *albada* ou *alborada*, que se desenvolven tanto baixo patróns melódicos como rítmicos. Se acudimos a outra tradición peninsular poderíamos referirnos aos diferentes *palos flamencos* ou estilos: bulerías, soleás, alegrías, seguiriyas, fandangos, tangos, sevillanas..., que desenvolven estruturas melódicas e rítmicas identificables.

## A MODO DE CONCLUSIÓN

A conclusión que se deduce destas comparacións métricas é a posibilidade de reconstrucción musical dunha cantiga de amigo [*Levou-s'a alva*], *levou-s'a velida* (D'Heur 1204; Tavani 134.5) que se adapta facilmente á melodía do himno ambrosiano *Ave, Maris stella*. En canto ao resto da obra lírica de Pero Meogo analizada, as reconstrucións musicais requirirán un maior estudo intertextual que acredite e relacione o modelo métrico coa cantiga galega. Despois desta análise, impoñeríase un labor que por razóns de espazo non podemos abarcar neste artigo e que consistiría en confrontar os textos de Pero Meogo cos textos latinos con música cos que se relacionaron aquí por razóns métricas e melódicas, buscando as posibles relacións de intertextualidade para confirmar ou rexeitar a imitación ou o *contrafactum* como xa sinalamos, e polo tanto poder cantar as cantigas do trovador galego.

Foron as cantigas de Pero Meogo e a súa métrica de tradición musical o que nos levou a considerar o universo melódico (métrica e música) como un elemento que o público percibe auditivamente, o que denominamos como «percepción métrica», e que, mediante a intermelodicalidade, proporciona elementos intertextuais de anticipación tanto literaria e musical como performática.

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ALFONSO X EL SABIO (1988). *Cantigas*. Ed. Jesús Montoya. Madrid: Cátedra.
- BREA LÓPEZ, Mercedes (coord.) (1996). *Lírica profana galego-portuguesa: Corpus completo das cantigas medievais, con estudio biográfico, análise retórica e bibliografía específica*. Santiago de Compostela: Centro de Investigación Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro, 2 v.
- CAMPRUBÍ VINYALS, Adriana (2014). *Procesos de contrafacción en la lírica profana gallego-portuguesa: La influencia occitana en los trovadores gallegos*. [Traballo Final do Máster Universitario en Estudios Medievales Europeos: Imágenes, Textos y Contextos 2013-2014]. Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, Facultade de Filoloxía.
- CAMPRUBÍ VINYALS, Adriana (2020). *Repertorio métrico y melódico de la nova cantica (siglos XI, XII y XIII): de la lírica latina a la lírica románica*. [Tesis doctoral]. Barcelona: Universitat Autònoma de Barcelona.
- COHEN, Rip (2003). *500 Cantigas d'Amigo. Critical Edition*. Porto: Campo das Letras.
- COHEN, Rip (2013). «aaB: Strophic Design and Cognition». *Cognitive Philology* 6.
- COHEN, Rip (2014). *The Cantigas of Pero Meogo: Edited with Introduction and Commentary*. Baltimore: The John Hopkins University.
- D'HEUR, Jean-Marie (1973). *Troubadours d'oc et troubadours galiciens-portugais: Recherches sur quelques échanges dans la littérature de l'Europe au Moyen Âge*. Paris: Fundação Calouste Gulbenkian-Centro Cultural Português.
- EVANS, Paul ([1970] 2015). *The Early Trope Repertory of Saint Martial de Limoges*. Princeton: Princeton University Press.
- FERREIRO, Manuel (dir.) (2018-). *Universo Cantigas: Edición crítica da poesía medieval galego-portuguesa*. A Coruña: Universidade da Coruña. [En liña] [27-09-2021]. <<http://universocantigas.gal>>.

- FRANK, Istvan. (1966). *Répertoire métrique de la poésie des troubadours*. Paris: Librairie Honoré Champion, 2 vols.
- GENNRICH, Friedrich (1921). *Rondeaux, Virelais und Balladen aus dem Ende des XII., dem XIII. und dem ersten Drittel des XIV. Jahrhunderts mit den überlieferten Melodien herausgegeben von Friedrich Gennrich*. Dresden: Gedruckt Max Niemeyer für die Gesellschaft für romanische Literatur.
- GENNRICH, Friedrich (1965). *Die Kontrafaktur im Liedshaffen des Mittelalters*. Frankfurt: Langen bei Frankfurt.
- GRUBER, Jörn (1983). *Die Dialektik des trobar: untersuchungen zur Struktur und Entwicklung des occitanischen und französischen Minnesangs des 12. Jahrhunderts*. Tübingen: M. Niemeyer.
- HART, Thomas R. (1998). *En maneira de Proençal: The medieval galician-portuguese lyric*. London: Queen Mary and Westfield College.
- HOPPIN, Richard H. (1978). *Medieval Music: The Norton Introduction to Music History*. New York: W. W. Norton & Company [traducción española: Madrid: AKAL, 2000].
- LAURANT, Jean-Pierre; ZARCONE, Tierry (2017). *Le Cerf: Une symbolique chrétienne et musulmane*. Paris: Les Belles Lettres.
- LÓPEZ CASTRO, Armando (1999). «El Cancionero de Pero Meogo: poética y tradición». *Revista de Poética Medieval*, 3, 85-106.
- MARIÑO FERRO, Xosé Ramón (2008). «La cultura tradicional gallega: la leyenda de la cierva blanca». Agís Villaverde, Marcelino; Baliñas Fernández, Carlos; Ríos Vicente, Jesús (ed.) (2008). *Galicia y Japón: del sol naciente al sol poniente: IX Encontros internacionais de filosofía no Camiño de Santiago*. Universidade da Coruña, Servicio de Publicaciones, 141-166.
- MÖLK, Ulrich; WOLFZETTEL, Friedrich (1972). *Répertoire métrique de la poésie lyrique française des origines à 1350*. München: Wilhelm Fink Verlag.
- NAETEBUS, Gotthold (1891). *Die Nicht-Lyrischen Strophenformen des Altfranzösischen*. Leipzig: Verlag von S. Hirzel. [En liña] [setembro 2021]. <<https://archive.org/details/dienichtlyrischeoonaet/page/n243/mode/2up>>.
- PARKINSON, Stephen (2006). «Concurrent patterns of verse design in the Galician-Portuguese lyric». Jane Whetnall; Alan Deyermond (ed.). *Proceedings of the Thirteenth Colloquium (Papers of the Medieval Hispanic Research Seminar, 51)*. London: Department of Hispanic Studies, Queen Mary, University of London, 19-38.
- PILLET, Alfred; CARSTENS, Henry (1968 [1933]). *Bibliographie der Troubadours*. Nueva York: Kraus Reprints. [Citado como BdT]

- ROSSELL, Antoni (1991). «So d'alba». *Studia in honorem Prof. Martí de Riquer*. Barcelona: Quaders Crema, v. IV, 705-722.
- ROSSELL, Antoni (2000). «Intertextualidad e intermelodidad en la lírica medieval». *La lingüística española en la época de los descubrimientos. Universidad de Tréveris, 16-17 de junio de 1997*. Hamburg: Hemnut Buske, 149-156.
- ROSSELL, Antoni (2003). «Una nuova interpretazione intermelodica e intertesuale della lirica galego-portoghese». Canettieri, P.; Pulsoni, C. (2003). *La lirica galego-portoghese: Saggi di metrica e musica comparata*. Roma: Carocci editore, 167-222.
- ROSSELL, Antoni (2010). «La circulación de melodías alrededor del camino de Santiago en la Edad Media». In *Marsupiis Peregrinorum: Circulación de textos e imágenes alrededor del camino de Santiago en la Edad Media*. Actas del Congreso internacional, Santiago de Compostela, 24-28 marzo 2008. Firenze: Edizioni del Galluzzo, 39-58.
- SPANKE, Hans (1955). G. Raynauds *Bibliographie des altfranzösischen Liedes, neu bearbeitet und ergänzt. Erster Teil*. Leiden, Netherlands: E. J. Brill.
- TAVANI, Giuseppe (1967). *Repertorio metrico della lirica galego-portoghese*, Roma: Edizioni dell'Ateneo. [Citado como RMT]



Copyright © 2022. This document is under a Creative Commons Attribution-Noncommercial-No Derivative Works 3.0 Unported License. To see a copy of this license click here <http://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/3.0/legalcode>.

# A SIMBIOSE ENTRE TURISMO INDUSTRIAL E TURISMO LITERÁRIO: NA ROTA DA CHAPELARIA COM OS «UNHAS NEGRAS»

ANA CLAUDIA SALGUEIRO DA SILVA

Universidade do Algarve CIAC-UAlg / CEL-UÉ

**RESUMO:** O presente artigo visa pôr em destaque a diversidade do património cultural português, nomeadamente, as vivências relacionadas com o património industrial e literário, perpetuadores de memórias. O cerne deste estudo concentra-se na cidade de S. João da Madeira, em particular, na indústria e no museu da chapelaria e numa obra que apresenta o quotidiano destes operários — *Unhas Negras* — da autoria de João da Silva Correia. O desenvolvimento do turismo industrial, aliado ao turismo literário, representa uma matéria emergente na sociedade atual, porquanto é necessário valorizar duas áreas relevantes no âmbito cultural. Para evidenciar esta simbiose entre ambos os «turismos», a viagem mescla-se com o romance *Unhas Negras* (através do levantamento das citações mais ilustrativas), o qual homenageia todos aqueles que fizeram da chapelaria uma das atividades mais importantes da cidade.

**PALAVRAS-CHAVE:** património cultural; turismo industrial; turismo literário; *Unhas Negras*; João da Silva Correia.

LA SIMBIOSI ENTRE TURISME INDUSTRIAL I TURISME LITERARI:

A LA RUTA DE LA BARRETERIA AMB ELS «UNGLES NEGRES»

**RESUM:** Aquest article crida l'atenció sobre la diversitat del patrimoni cultural portuguès, especialment pel que fa a les vivències relacionades amb el patrimoni industrial i literari, perpetuadors de records. L'origen d'aquest estudi es concentra a la ciutat de S. João da Madeira, en particular a la indústria i al museu dels barrets, i en una obra que presenta la quotidianitat dels obrers: *Unhas Negras*, de João da Silva Correia. El desenvolupament del turisme industrial, aliat del turisme literari, representa una qüestió emergent a la societat actual; per tant, cal valorar dues àrees rellevants en l'àmbit cultural. Per evidenciar aquesta simbiosi entre tots dos «turismes», el viatge es barreja amb la novel·la *Unhas Negras* (a través d'algunes citacions il·lustratives), la qual cosa homenatja tots els qui van fer de la fabricació de barrets una de les activitats més importants de la ciutat.

PARAULES CLAU: patrimoni cultural; turisme industrial; turisme literari; *Unhas Negras*; João da Silva Correia.

### SYMBIOSIS BETWEEN INDUSTRIAL TOURISM AND LITERARY TOURISM: THE HEADGEAR ROUTE WITH THE “BLACK NAILS”

Se detecta ahora un cambio esencial respecto a la estrategia de la tradición: los sentidos llaman a los sentidos, de forma directa, sin estar mediatisados por la vista. Se huele, se escucha, se saborea, se toca y se mira también, usando quizás el ojo de manera inusitada. Y, más aún, como hicieran las formas más radicales de los 60, se espera del espectador esa participación activa que conlleva el cuerpo entero.

De Diego no se equivoca. Si lográsemos esta participación global de quien observa, se generarían emociones que penetrarían en capas más profundas y simbólicas de su ser, conduciéndole a sensaciones placenteras o desagradables de manera irracional. A medida que desarrollaba mi trabajo en torno a estos conceptos, iba siendo consciente de la importancia de los aspectos sociales y culturales en la percepción sensorial de cada individuo, y en cómo un mismo estímulo puede llegar a generar en diferentes personas sensaciones enfrentadas. Continué trabajando con elementos procedentes de la naturaleza (lana, plumas, seda...), y cada

vez se fueron materializando más obras exentas, es decir, que ya no estaban concebidas para espacios concretos, sino que podían ubicarse en diversos lugares. Estas piezas tenían en común un aspecto importante, y es que todas ellas aludían a la fragilidad de las relaciones interpersonales. En un mundo superpoblado, todas las personas nos hemos sentido alguna vez solas, rodeadas por un tráfico de multitudes que nunca llegamos a conocer. Esta serie de objetos estaban planteados para suplir las ausencias y los vacíos del ser humano, con formas cotidianas como refugios, vientres maternos, columpios, sillones, etc. A medida que creaba cada una de estas esculturas, profundizaba un poco más en los espacios de dependencia y desigualdad que en ocasiones se generan en torno a las relaciones humanas. De entre las obras realizadas durante este periodo me gustaría destacar, por una parte *Sin título (la madriguera)* (1996). Esta obra nos transmite la idea de un cobijo primitivo, un lugar seguro... Con una forma de aproximadamente un metro de altura, a medio camino entre lo orgánico y lo arquitectónico, esta pieza conforma un espacio real construido con lana de oveja, que nos transporta a otro



Figura 6. *Sin título (la madriguera)*.

mental e interior, de connotaciones poéticas, donde hay cabida para la memoria, las vivencias y los sentimientos.

Otra de las obras más significativas dentro de esta serie de objetos es *El columpio* (1996). Se trata de un asiento cubierto de plumas que se ancla al techo mediante unas largas cuerdas blancas. Esta pieza nace como resultado de una dicotomía: por una parte, están nuestras ansias de volar —el columpio se nos desvela como una invitación a alcanzar esa sensación de vuelo, implícita en el propio objeto—, y, en contraposición, está el hecho ineludible de que el columpio se encuentra ama-



Figura 7. *El columpio*. Exposición «De lado (1998), Galería Artefacto, Vigo (Pontevedra). Fotografía: A. Pinal.

rrado al techo. Es, por tanto, una liberación frustrada, donde la libertad se contrapone al deseo de permanencia en la zona de confort, impiéndonos perseguir nuestros sueños y llevarlos a término.

Resulta fácil comprobar cómo en la mayoría de los casos esas ataduras son más cortas y menos flexibles en el caso de las mujeres. Se trata de los lastres sociales y culturales, desde donde las realidades se perciben con una óptica diferenciada dependiendo de cada sexo. Esto provoca que incluso en las relaciones de pareja las mujeres tengamos en ocasiones una posición desfavorecida.

Empieza un tiempo en el que la mujer, creadora por autonomía, parece que por fin encuentra su espacio, también dentro de la creación artística. El Arte supone para muchas mujeres artistas una búsqueda de identidad, un encuentro consigo mismas a través de su proyecto artístico. Desde el momento en que la obra de las artistas mujeres se hace pública y tiene una proyección social que va más allá de lo íntimo y lo personal, el mundo del Arte se transforma, pues surgen nuevos puntos de vista jamás concebidos ni consentidos en el contexto de un arte patriarcal, y su acción es tal que contribuyen a modificar absolutamente todos los parámetros de lo que hasta hace solo unos años se consideraba Arte.

Este profundo cambio en lo conceptual viene acompañado de una diversificación también en lo formal, lo que, en el caso de la escultura, ha hecho posible la inclusión de elementos de uso doméstico (sal, miel, gelatina...), o incluso procedentes del cuerpo humano (cabello, sangre, piel...) como «materiales» escultóricos.

Este aspecto ha dado lugar a un punto de inflexión fundamental a partir del cual el eje conceptual principal en mi obra es el cuerpo, en especial el femenino, que está presente en la elección de las formas, la sensualidad de los materiales o las proporciones y dimensiones de cada uno de mis trabajos. Un cuerpo que simboliza, a su vez, el «cuerpo social», y que es una forma de hacer crítica a través de lo físico, una herramienta para manifestar, entre otras cosas, el descontento social, pero la asociación arte-mujer-cuerpo permite, además, que las artistas muestren muchas de sus experiencias vitales, exorcizando, de algún modo, sus conflictos internos.

Gran parte de mis creaciones siguen muy vinculadas con lo procesual, la transformación, la vida y la muerte o el tiempo biológico, entre otras cosas, pero surgen también nuevos temas, como la opresión, la dependencia, el control social, etc., y es precisamente dentro de este nuevo contexto donde se enmarcan algunas de las obras más emblemáticas de mi trayectoria artística, como la Serie Nupcial, que nació como una sucesión de bocetos realizados con lápices de pastel, para luego convertirse en maniquíes de pequeña escala y, por último, en piezas escultóricas realizadas a escala humana, como es el caso de la obra *Sin título*, Serie Nupcial (1999). Se trata de una de las piezas más emblemáticas de mi trayectoria artística, que despierta en la persona espectadora una gran variedad de sensaciones y sentimientos contrapuestos. Cuando el público, atraído por su sentido del olfato, descubre un vestido de hilo blanco suspendido sobre un círculo de gelatina de fresa —tan brillante que su reflejo tiñe visualmente la prenda hasta la altura del pubis—, este se deja seducir por la sutil fragancia que lo invita a repetir la visita. Los días pasan, y la gelatina, por su condición de material orgánico, se va transformando hasta pudrirse, cubriéndose de un manto de moho blanco —para entonces, el hedor es tan fuerte y desagradable que la acidez que desprende apenas permite a quien observa disfrutar de la visión del montaje—. Lo que días atrás resultaba tentador, con el tiempo se convierte en algo repulsivo e indeseable, lo que desconcierta nuestros sentidos, mientras transforma de manera inconsciente nuestra percepción de la obra.

Si bien la desnudez representa la ausencia de lo humano, el cuerpo vestido es el cuerpo del sujeto, y a través de la vestimenta se revelan datos como el género o la condición social y cultural, entre otros, ya que a través del vestido proyectamos públicamente una identidad, motivo por el cual se convierte para mí en un elemento de suma importancia por ser uno de los mecanismos diferenciadores que forman parte de la indumentaria femenina. El vestido que compone la pieza *Prisión I*, Serie Nupcial (2003) parte de la idea del vestido nupcial y se muestra como una pequeña prisión, construida a partir de un hilo blanco de seda que rodea una silueta femenina, capaz de inmovilizar al sujeto que lo ocupa, el cual parece desdibujarse a medida que se acerca



Figura 8. *Sin título*. Serie Nupcial. Exposición «Tus ojos dicen lo que tu boca calla» (2020), El MARCO, Vigo (Pontevedra). Fotografía: UMPhotografía.

a la parte superior, donde la cabeza permanece ausente, lo que genera un cierto suspense.

La obra titulada *Sublime*, Serie Nupcial (2003), cuestiona la idea de belleza que hemos aprendido y que persiste en nuestra memoria colectiva, una belleza condicionada una y otra vez por nuestro físico y relacionada de manera directa con el deseo y la seducción. La pieza está compuesta por un vestido de terciopelo granate sobre el que se cosen, de manera artesanal, miles de pétalos de rosa frescos. El conjunto com-



Figura 9. *Prisión I*. Serie Nupcial. Exposición «Tus ojos dicen lo que tu boca calla» (2020), El MARCO, Vigo (Pontevedra). Fotografía: UMFotografía.

pone un espacio mentalmente habitable, lleno de color y artificio, digno de una ceremonia nupcial, pero una vez expuesto se va transformando y sus delicados pétalos se secan hasta convertirse en hojas duras y arrugadas, como una secuencia decadente cuyo efecto recuerda al del paso de los años sobre la piel humana, lo que nos invita a reflexionar sobre la obsesión actual por la automejora.

También con pétalos de rosa rojos se construye la pieza *Torturas femeninas* (2010), que consiste en un zapato de tacón, cubierto de pétalos rojos, en cuyo interior se pueden observar espinas de rosa que hacen que se convierta en la metáfora de un infierno cotidiano, el de los zapatos de tacón, donde el grado de elevación viene dado por la altura del tacón, proporcional, a su vez, al grado de sufrimiento generado por la deformación física de las extremidades. Se trata de la más común de las torturas femeninas socialmente aceptadas.

Una de mis últimas obras, *Vanitas* (2016), hace alusión a los bodegones propios de la pintura barroca, caracterizados por el uso de la calavera como símbolo de lo efímero, de la vida y de los bienes materiales. Se trata de una intervención en una de las salas del Museo Manuel Torres (Marín), y consiste en una cabeza de cristal de color amarillo dorado que corona el centro de la estancia, cubierta, a su vez, de un gran charco de miel, símbolo del renacimiento espiritual y del cambio en la



Figura 10. *Torturas femeninas*. Exposición «No son mis espinas las que me defienden» (2016), Museo Torres, Marín (Pontevedra).




Figura 11. *Vanitas*. Exposición «No son mis espinas las que me defienden» (2016), Museo Torres, Marín (Pontevedra).  
Fotografía: R. Leiro.

personalidad, como si el cuerpo físico se hubiese desvanecido, permaneciendo tan solo la cabeza como símbolo de lo mental.

Como creadora, existe cierta exigencia de ir incorporando de manera continua nuevos estímulos e ideas, que responden muchas veces a secuencias autobiográficas. En este sentido, los grandes cambios que se han producido en mi vida han generado también extensas series, en las que, una y otra vez, se retoman ideas que tratan de ordenarse. Fruto de un periodo de cambio, ahora siento la necesidad de encontrar nuevos modos de expresión que no requieran un exceso de almacenaje o transporte; se trata de una etapa en mi vida en la que despojarme de los pesos arrastrados, de cambio constante, de expresar lo máximo con los mínimos elementos. No almacenar, no cargar ni transportar; llegar, intervenir y desaparecer. Dentro de este contexto surgen acciones como *Olvido*, que consiste en estampar mis propios labios pintados con carmín sobre una pared, como si se tratase de una invitación a no aferrarnos a las ideas, a las personas ni a las cosas.

Consciente de la incidencia social del Arte, abordo temáticas que me preocupan y que forman parte de mi compromiso personal como ar-



Figura 12. *Olvido*. Exposición «Rosas y Corazones» (2009), Galería Sargadelos (Pontevedra).

tista y mujer. Las cuestiones de género ocupan un espacio de reflexión destacado, y las obras se comprenden mejor al ser analizadas desde esta perspectiva. Considero importante que la artista tome conciencia de su responsabilidad como agente transformador del medio en el que desarrolla su trabajo. Asimismo, es necesario que los organismos competentes creen una comisión de asesoramiento para todo tipo de actuación que implique la manipulación del entorno. No debemos olvidar que los espacios naturales son patrimonio de todas las personas, incluso de aquellas que están por venir.



Copyright © 2022. This document is under a Creative Commons Attribution-Noncommercial-No Derivative Works 3.0 Unported License. To see a copy of this license click here <http://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/3.0/legalcode>.

# TRES POEMAS DE LUÍSA VILLALTA. A IMAXE ANTROPOMÓRFICA

XOSÉ MARÍA ÁLVAREZ CÁCCAMO

Poeta

**RESUMEN:** Analízanse tres poemas entre os que componen o conxunto de vinte do libro *Papagaio*, composto por fotografías de Maribel Longueira interpretadas por Luís Villalta. Trátase dos tres textos que dialogan en posición de maior proximidade coa ollada antropomórfica da fotógrafa. O primeiro describe e interpreta o cromatismo popular do ámbito prostibulario suxerido através da foto da entrada e as esqueiras de acceso a unha vivenda. A poeta, alén da perspectiva simbólica destinada á lectura da cor, constrúe a imaxe das pernas e o sexo da casa antropomorfizada. O segundo poema elabora un relato de base simbólica a partir da fotografía da pechadura dunha porta arruinada, complementado pola identificación formal e significativa do oco co ollo vixiante e fiscalizador que representa o control moral exercido polo poder e assumido pola sociedade tradicional. O terceiro tece un discurso reflexivo suscitado pola visión de dúas xanelas que propicia a reconstrucción da vida das mulleres que habitaran aquelas alcobas. É un complexo poema alegórico arredor da mudanza das relacións de amizade e o deterioro corporal –identificábel co proceso da ruína arquitectónica–, que sitúa en primeiro plano as bocas e as cordas de tender a roupa, identificábeis cos vínculos afectivos.

**PALABRAS CLAVE:** poesía visual; fotografía; imaxe antropomórfica; símbolo.

## TRES POEMES DE LUÍSA VILLALTA

**RESUM:** S'analitzen tres poemes del llibre *Papagaio*, compost per vint fotografies de Maribel Longueira interpretades per Luís Villalta. Es tracta dels tres textos que dialoguen amb una major proximitat amb la mirada antropomòrfica de la fotògrafa. El primer descriu i interpreta el cromatismme popular de l'àmbit prostibulari suggerit a través de la foto de l'entrada i l'escala d'accés a un habitatge. La poeta, a més de la perspectiva simbòlica destinada a la lectura del color, construeix la imatge de les cames i el sexe de la casa antropomorfizada. El segon poema elabora un relat de base simbòlica a partir de la fotografia del pany d'una porta vella, complementat per la identificació formal i significativa del forat amb un ull vigilant i fiscalitzador que representa el control moral que exerceix el poder que la societat tradicional assumeix. El tercer teixeix un discurs reflexiu suscitat per dues

finestres que propicien la reconstrucció de la vida de les dones que havien habitat aquelles estances. És un poema al·legòric sobre el canvi de les relacions d'amistat i el deteriorament del cos —identificable amb el procés de ruïna arquitectònica—, que situa en primer pla les boques i els fils d'estendre la roba, identificables amb els vincles afectius.

**PARAULES CLAU:** poesia visual; fotografia; imatge antropomòrfica; símbol.

#### THREE POEMS BY LUÍSA VILLALTA

**ABSTRACT:** I chose to analyze three poems from the book *Papagaio*, composed of twenty photographs by Maribel Longueira interpreted by Luísa Villalta. These are the three texts that dialogue in a position of greater proximity with the anthropomorphic gaze of the photographer. The first one describes and interprets the popular chromatism of the prostibulous environment suggested through the photo of the entrance and the staircase leading to a house. The poet, in addition to the symbolic perspective applied to the reading of color, constructs the image of the legs and the sex of the anthropomorphized house. The second poem elaborates a story of symbolic foundations from the photograph of the lock of a ruined door, complemented by the formal and significant identification of the hole with a watchful and supervising eye that represents the moral control exercised by the power and assumed by the traditional society. The third one weaves a reflective discourse provoked by the vision of two windows that propitiates the reconstruction of the life of the women who had inhabited those alcoves. It is an allegorical poem about the change of the relationships of friendship and the corporal deterioration—identifiable with the process of architectural ruin—that places in the foreground the mouths and the cords of hanging the clothes, identifiable with the affective bonds.

**KEYWORDS:** visual poetry; photography; anthropomorphic image; symbol.

Composto por un conxunto de 80 fotografías de Maribel Longueira e 20 poemas de Luísa Villalta, foi publicado en 2006 por Edicións Laiovenzo o libro *Papagaio*, unha sorte de reportaxe fotopoética centrada no barrio coruñés do mesmo nome, popular espazo urbano onde, entre outras vivendas maiormente humildes, abondaban as casas dedicadas á prostitución. Cinco anos antes, en 2001, leváranse a cabo os traballos de demolición daquel espazo habitado nunha operación motivada por obxectivos de especulación aos que o prologuista do libro, Francisco X. Fernández Naval, en diálogo de ficción coa poeta, falecida en 2004, fai referencia nas pri-

meiras liñas do seu limiar: «Trinta e dous metros, Luísa, trinta e dous metros de perforación e de avaricia nunha superficie de cinco mil douscentos metros sobre a lenda da casiterita. Trinta e dous metros, vertical constancia da especulación, burato da desmemoria e do inferno».

Ao longo do tempo en que se desenvolveron os labores de derrubamento, a fotógrafa Maribel Longueira realizou a súa reportaxe, unha dramática colección de imaxes de ruína e miseria que, alén de trasladarnos noticia da vida comunal en detalles obxectuais presentados desde unha ollada arqueolóxica, declara abertamente a denuncia da avaricia especuladora. Paredes descascadas en azarosas figuras que ofrecen suxestións estéticas propias da abstracción matérica, fragmentos feridos, muros en estado de ameazante desequilibrio, restos soterrados procedentes do triste enxoal doméstico, entre outros motivos, transmiten un intenso efecto de vertixe e violencia que se equilibra cos significados emocionais de inocencia, mal gusto ou sordidez como substrato mergullado baixo o entullo da demolición. Maribel Longueira amosa en varias fotos imaxes de carácter antropomórfico que atinxeñ valor simbólico en relación directa co tema da vida prostibularia, formas de apariencia vaxinal ou fálica, ademais doutras suxestións de figuras corporais. Luísa Villalta sitúase tamén nesta perspectiva da ollada en varios dos seus poemas, especialmente nos tres que constitúen o motivo da miña análise.

Os poemas de Luísa Villalta reconstrúen a vida do barrio a partir das imaxes da demolición. Mentre as fotos de Maribel Longueira, malia a súa capacidade indagatoria sobre o pasado, presentan o panorama da ruína provocada pola devastación especuladora, os textos da poeta actúan a xeito de sonda esculcadoura dos sinais de vida que latezan baixo o cascallo. A paisaxe do estrago evoca a desolación existencial dos tempos da actividade prostibularia desde unha posición ética de solidariedade e proximidade emocional alicerzada na perspectiva do feminismo. Desde tal punto de vista, os poemas de Luísa Villalta constrúen un firme discurso de denuncia dos fundamentos patriarcais da vida colectiva, da represión sexual, da moral reaccionaria e da violencia machista, obxectivos da razón crítica que evidencian un claro parentesco de analogía coa agresividade dos turbios negocios que sustentaron o proceso de reconversión do ba-

rrio. A inmoralidade do comercio sexual e a propia da especulación urbanística comparten a mesma raíz ideolóxica.

Nos mellores poemas do libro consolídanse as liñas centrais da poética de Luísa Villalta, cuxo título decisivo fora *En concreto*, do ano 2003, verso denso, fondeado no concepto e na tensión emocional e protagonizado pola cidade das vítimas, dos seres marxinais, dos seres desherdados, entre eles tamén as prostitutas que ocuparán o primeiro plano da visión en *Papagaio*. Nun caso e noutro, a poeta elabora un singular discurso poético de rexo carácter expresionista e de base simbólica frecuentemente desenvolta en estruturas alegóricas.

No conxunto dos vinte poemas que componen o libro distínguese un grupo de once que non reflecten a imaxe fotografada por Maribel Longueira, aínda que recollen a tonalidade das súas suxestións. Eu prefiro a serie dos nove textos que, en cambio, foron xerados pola lectura interpretativa das fotos ás que acompañan, entre eles os tres que conforman o obxecto do meu comentario.<sup>1</sup>

## 1.



<sup>1</sup> Agradezo a Maribel Longueira a cesión das imaxes para acompañar este texto.

Subía o verán as escadas entre as pernas abertas da Cidade.  
O trolebús asmático agatuñaba a encosta de Panadeiras  
até trousar algún vello solteiro, putañeiro sen tasa,  
fronte á Farmacia, no Campo da Leña.  
O ceu, marco azul para o perdón, ascendía baixo palio,  
como un ditador santificado nos seus crimes,  
o empedrado da rúa do Hospital  
desde o mar de Orzán, orixe da escuma ou seme vital,  
cara ao carmín proibido do sexo das señoritas,  
sempre a flor de labio —boca, lingua, gorxa, o máis adentro posíbel—.  
O Papagaio mudo, caído entre as flores das meias verdades,  
tinxía de cores charramangueiras  
os dous lados do simulacro.  
Os anos cincuenta de calquera século:  
unha porta verde na cronoloxía repintada,  
unha vez tras outra, da esperanza.

A fotografía da páxina 16 recolle a imaxe dunha porta aberta, pintada de cor verde, que dá acceso a unha vivenda. No segundo plano, o lintel da entrada posterior ao portal enmarca unhas esqueiras de tonalidade vermella. Enfrontado a esta páxina, o poema de Luísa Villalta describe o conxunto obxectual da foto e interpreta desde unha complexa e densa posición imaxinativa o pobre cromatismo popular da composición visual. A ollada da poeta retrocede para situarse no exterior e trasladar os elementos da foto ao ámbito das rúas: «Subía o verán as escadas entre as pernas abertas da Cidade». As esqueiras domésticas mudan a súa función para representar a ascendente vía de acceso, «a encosta de Panadeiras», ao barrio do Papagaio. O marco da segunda porta atinxé valor simbólico como representación das «pernas abertas da Cidade», metáfora antropomórfica de evidente sentido sexual que outorga ao conxunto urbano un novo significado. A cidade mesma é un ser prostituído, a prostituta que abre as súas pernas.

En contraste cos significados de carácter sexual dos primeiros versos, un novo conxunto léxico vai introducir o campo semántico dos valores morais e relixiosos nos versos 5 e 6: «ceu», «perdón», «baixo pa-

lio», «santificado». Suxírese aquí a vivencia culpábel do pecado por parte da clientela do negocio prostibulario, representada polo «vello solteiro, putañeiro sen tasa», á que o ceo concede o perdón do mesmo xeito que resulta absolto dos seus crimes —e mesmo santificado— o ditador Francisco Franco. Encadéanse nestes versos as imaxes en complexo xogo de atributos intercambiados. O ceo, «marco azul», adquire entidade humana de personaxe que ascende baixo palio —baixo o seu propio marco— tal e como camiñaba o ditador nas procesións, privilexio concedido ao xeneral golpista pola xerarquía do nacional-catolicismo, que resulta emparentada coa figura do ditador, igrexa católica e exército fascista como cómplices do levantamento militar de 1936 e do poder ditatorial. O ceo (a igrexa, a curia) ascende en dirección ao barrio das prostitutas. Latexa nesta suxestión metafórica a denuncia da hipocrisia e a dobre moral do colectivo sacerdotal católico.

O referente visual do «marco azul» é o lintel que no primeiro verso representaba as pernas abertas da cidade. Resulta moi significativa esta mudanza de atributos, que aproxima os significados de valor erótico aos de carácter relixioso. O intenso *azul celeste* da fotografía e os mesmos matices connotativos do sintagma lexicalizado co que se nomea esa concreta tonalidade traen á memoria a edulcorada luz das alcobas infantís da nosa nenez e a tonalidade *kitch* —indiscutíbel azul celeste— dalgunhas figuras relixiosas, a da vestimenta da virxe e os anxos nos baixorrelevos de xiz que presidían os nosos dormitorios.

O ceo ascende «desde o mar de Orzán, orixe da escuma ou seme vital» as esqueiras da cidade en dirección «ao carmín proibido do sexo das señoritas, | sempre a flor de labio —boca, lingua, gorxa, o máis adentro posíbel—». Estes versos deseñan unha nova perspectiva visual, iniciada co símbolo erótico da escuma. É o sexo abierto, suxerido polo oco das esqueiras pintadas de vermello que mostra a fotografía de Maribel Longueira. Entre as pernas abertas da porta presentada en visión antropomórfica, o carmín prohibido, tintura vermella —símbolo de perigo e prohibición—, absorbe os significados de zonas corporais interiores, boca, lingua, gorxa e vaxina —«o máis adentro posíbel»—. O efecto visual da cor vermella das esqueiras en marcada perspectiva de fuga

cara ao fondo da imaxe provocou na poeta unha atrevida e brillante creación simbólica na que dialogan os significados de perigo e prohibición e a referencia a concavidades corporais daquela mesma cor que, no contexto do poema e na formulación verbal destes versos, teñen unha clara función sexual.

A paleta das «cores charramangueiras» coas que resultan tinxidos «os dous lados do simulacro» —talvez a beira da relixión e a do sexo vivo como negocio, o comercio espiritual e o comercio sexual—, o azul celeste e o vermello profundo, complétase co verde da «cronoloxía repintada» que representa, de acordo co simbolismo tópico desta cor, a esperanza. O poema pecha en anticlímax irónico a dramática e sarcástica visión antropomórfica do acceso a unha humilde vivenda, probablemente habitada por prostitutas, cuxo impacto visual produciu unha densa construción alegórica, fundamentada en detalles anatómicos —pernas, boca, lingua, gorxa, vaxina— e na interpretación simbólica das tres cores pintadas e repintadas que organizan o significado central da foto de Maribel Longueira.

## 2.



Para todas as portas valía  
unha única chave, pesada como a vida.  
Por iso sempre estaban abertas as portas da aldea  
porque había normas morais  
que, unha vez pechadas, ninguén era quen de abrir máis.

Para todas as linguas  
o silencio era tamén unha porta lenta  
cacarañada de verme,  
tan antiga como a maldición familiar  
sobre a caste das mulleres  
que nunca han de ser casadas.

Apesar do silencio,  
abondaba mirar como miran as fechaduras vixiantes  
aos ollos de todos nós  
para saber que o muíño non moe para atrás  
nen devolve o grau á mazaroca.

Por suxeitar a deshonra,  
o pai e nai xa nunca non me falaron máis.  
Eu nunca souben quen dos dous botou a chave  
que pechou tras de min a porta do mundo  
e me obrigou a saír  
sen encontrar a saída.

O *ollo da pechadura*, metáfora antropomórfica lexicalizada, centra os significados da fotografía de Maribel Longueira que se reproduce na páxina 22 e dirixe en gran parte o sentido nuclear do poema de Luís Villalta da páxina 23. O burato dun fecho que aínda resiste a agresión erosiva que afecta á madeira da porta, «unha porta lenta | cacarañada de verme», representa o control moral exercido pola autoridade familiar e polo colectivo social que defende, ampara e aplica a norma coercitiva nun contexto ideolóxico represivo como o que a poeta retrata neste e outros poemas do libro, o dos tempos da ditadura e a súa prolongación en décadas posteriores. Trátase de testemuñar, máis unha vez, o poder punitivo e o rigor do castigo fundamentado nos parámetros éticos da sociedade tradicional, afortalado pola ordenanza do omnipotente mando

político relixioso do nacional catolicismo. A fechadura vixiante da foto e do poema é o ollo do Grande Irmán de Orwell, o telescopio fiscalizador do poema de Celso Emilio Ferreiro: «Un grande telescopio nos viña | coma un ollo de cíclope | que sigue os nosos pasos | e fita sin acougo o noso rumbo...» É o símbolo do control autoritario dirixido polo poder e assumido en voluntaria posición activa ou de autocensura por amplos sectores da sociedade dominada.

O círculo espreitante coa pavorosa meniña escura da fotografía foi o motivo visual que xerou o discurso narrativo da poeta, quen, a partir dese significativo punto negro, reconstrúe o itinerario sucinto e en parte elíptico dunha vida violentada polo castigo de exclusión. A protagonista é unha muller, suxeito falante, voz do eu escénico do poema: «[...] pai e nai xa nunca non me falaron máis. | E nunca souben quen dos dous botou a chave | que pechou tras de min a porta do mundo.» O seu relato transmite a historia da súa expulsión da aldea e da casa familiar, castigada a moza por pecado de deshonra, infamia e descreto provocados por algúnsa relación sexual —talvez causante de embarazo— que a muller mantivera en estado civil de solteiría, o que lle impediría contraer matrimonio: «a maldición familiar | sobre a caste das mulleres | que nunca han de ser casadas». Rexeitamento colectivo, silencio acusador e acosador, desterro, condena irreversíbel («o muíño non moe para atrás | nen devolve o grau á mazaroca») constitúen as variedades sucesivas, acumulativas, dunha brutal represalia, cuxos executores principais son a nai e o pai e cuxo resultado máis dramático foi unha exclusión de dimensión total: «a chave | que pechou tras de min a porta do mundo | e me obrigou a saír | sen encontrar a saída». Dado o contexto referencial e temático do libro, a vida prostibularia no barrio do Pagaio, cómpre supoñer que «a única saída» posíbel da repudiada fora o exercicio da prostitución. Creo que a poeta foi quen de abrir a porta da vivenda fotografada por Maribel Longueira detrás da que permanecía agachada, incapacitada para saír ao exterior, a protagonista do drama. Ela, obrigada a abandonar a casa familiar e a aldea de seu, non topaba a saída, a solución para unha vida esnaquizada pola violencia da reacción moral. O poema de Luísa Villalta libérraa en parte da súa prisión e,

sobre todo, ceiba do cárcere do silencio o relato dunha cruel acción deinxustiza que supoñemos discurso de ficción pero que reflicte o argumento de moitas posíbeis historias semellantes a esta.

Se o orificio da fechadura simboliza o control exercido polo ollo do Grande Irmán, polo «ollo de cíclope | que sigue os nosos pasos | e fita sin acougo o noso rumbo», a chave, ausente como significado expreso na foto, é o símbolo do cerramento moral, da posición e actividade represivas propias dunha sociedade «cerrada», unánime no mantemento e na aplicación da norma punitiva: «Para todas as portas valía | unha única chave, pesada como a vida». A chave é o instrumento executor do grave mandato gregario, uniformizante, do patrón ético único e inviolábel, do fanatismo reaccionario. A norma moral ditada e asumida colectivamente non admite matices nin regandixas: «había normas morais | que, unha vez pechadas, ninguén era quen de abrir máis». Xuízo sumarísimo, cadea perpetua, pena capital.

O peso esmagante do silencio coral, a negación da palabra e o de-reito ao diálogo, o castigo de xordeira infrinxido á condenada a través dos aparellos do mutismo comunitario, engade graos de severidade ao tormento executado coa chave da cerrazón retrógrada e coa chave non simbólica que lle pechou a casa e a porta do mundo. A poeta interpretou a imaxe doutra porta, a da madeira «cacarañada de verme» que na foto de Maribel Longueira enmarca o círculo da fechadura, como representación do silencio punitivo: «Para todas as linguas | o silencio era tamén unha porta lenta». As sombras e brillos contrastados e a suxestión de excrecencias corrosivas presentes na fotografía promoven ese efecto de si-landeira lentitude tan cabalmente expresada por Luísa Villalta.

O poema atinxe nivel de dramático clímax nos versos inmediatamente anteriores aos dous últimos: «Por suxeitar a deshonra, | o pai e a nai xa nunca non me falaron máis. | Eu nunca souben quen dos dous botou a chave | que pechou a porta do mundo...». Partícipes na acción executiva do linchamento, os propios pais da filla castigada sométena ao suplicio de silencio e desterro, impídenlle definitivamente o acceso á casa de seu, inhabilitana para o regreso e péchanlle a porta do mundo. Na dúbida arredor da identidade do ser executor —nai ou pai— do cas-

tigo latexa acaso unha faísca de esperanza, a da posibilidade de que algúns dos dous non tivese responsabilidade na acción final, a de botar a chave, o que permitiría á filla, desde o territorio do seu exilio radical, manter vivo o mínimo consolo dun aceno de relativa piedade por parte dun dos seus seres proxenitores.

## 3.



A amizade ten flor que rebenta nas paredes,  
sobrevida na podremia mutua  
e só precisa das fiestras abertas  
onde nace e se deita o sol de dentro.  
Compartir as cordas de tender a roupa  
vibrantes de emoción e de necesidade  
por aquelas cousas que a auga da vida  
non dá lavado, pola dor que as esfrega,  
deteriora, volve inúteis  
e entón hai que poñelas a secar  
ao ar das bocas abertas, xanelas asustadas.  
Non é amor no sentido estrito da palabra  
senón amor de luz, esa grande indiferencia

que produce estar ao alcance  
porta con porta, vida con vida,  
coas cordas frouxas, destensadas  
máis e más a medida que a auga do tempo  
amolece o tecido irreversíbel  
destes nosos corpos, o único que somos.

Se o primeiro poema era interpretación detallada das cores que compoñen a foto de Maribel Longueira e elaboración dun conxunto corporal coherente en estrutura alegórica e a segunda reconstruía unha historia que a imaxe visual non suxire e que a poeta crea a partir da iniciación dun centro de simbólica escuridade, este terceiro, de orientación máis reflexiva que os anteriores, sitúase no presente da vida compartida e da emoción da amizade.

A foto da páxina 30 mostra o ángulo formado por dúas paredes rui-nosas centradas por senllas xanelas de contraventás gravemente des-conxuntadas, espazo angular percorrido por varias liñas de cordas de tender a roupa, «cordas frouxas, destensadas», que no poema suxiren os vínculos do afecto, pouco e pouco amolecido até conformarse como un sereno sentimento de natural indiferencia, o brando costume da convivencia.

O antropomorfismo latente na imaxe fotográfica, a apariencia de rostro humano que certas fachadas de vivendas poden suxerir, resulta potenciado pola metáfora das «bocas abertas, xanelas asustadas», cuxo referente directo non se sitúa na entidade corporal das persoas que protagonizan o percurso vital retratado. As xanelas asustadas non son as bocas das mulleres —condición feminina non expresa, mais deducíbel do contexto— que habitaron a morada, senón a boca da propia casa humanizada. A deteriorada construcción é o ámbito dunha relación sostida no tempo que se desenvolve en comunicación osmótica co mesmo espazo arquitectónico que a acolle: «A amizade ten flor que rebenta nas paredes, | sobrevive na podremia mutua». Asistimos a un proceso de desgaste existencial e de mudanza afectiva que se manifesta tamén no avance dos síntomas do estrago material dos cuartos

contiguos. Trátase en realidade de dúas casas, dous rostros, dúas bocas. Ou sexa: dúas vidas moi próximas, conectadas a través dos fíos da convivencia na amizade e na actividade prostibularia común, a través da conciencia da «podremia mutua» e de «aquelhas cousas que a auga da vida non dá lavado».

A visión da ruína move o tempo do poema en rumbo de pasado cara aos días da casa habitada, cuxa actividade se reconstrúe en actualización de presente xeral —«sobrevive», «precisa», «deteriora», «produce», «amolece»—, modalidade gramatical ben axustada ao discurso da reflexivididade que dirixe o texto. Logo da presentación no primeiro verso do núcleo temático, a supervivencia da amizade ao longo dun inevitábel proceso de acomodación afectiva, o poema organiza un conxunto alegórico cuxos elementos se conectan a través do motivo das «cordas de tender a roupa», representación simbólica do vínculo convivencial e amigábel. Previamente, as «fiestras abertas» que, en versos posteriores asumen o significado antropomórfico de «boca», anuncian a mesma función simbólica que se atribuirá ás cordas: comunicación e consolo no apoio mutuo e, nestes versos primeiros, a través tamén da calor e a luz do «sol de dentro», da quente e luminosa vibración interior da amizade. Conforme se van manifestando os síntomas de transformación da amizade nun «amor de luz» identificábel cun curioso estado de «indiferencia», as «fiestras abertas» convértense en «xanelas asustadas», metáfora humanizadora de moi conseguido efecto visual. O aceno das bocas abertas transparenta o estado de sobresalto permanente provocado polas afrentas e perigos cos que a vida mancou a ambas amigas. Con estes e outros matices de tonalidade emocional, Luís Villalta evidencia o seu dominio na captación e verbalización de detallados ángulos do universo psíquico.

As cordas comunicantes, brazos tendidos, tenras prolongacións do corpo entre xanela e xanela, activos no exercicio doméstico de tender a roupa mentres se tecen tamén os fíos da conversa, vibran de «emoción e necesidade». No tendedeiro pendúranse «aquelhas cousas que auga da vida | non dá lavado», metáfora explícita da «dor que as esfrega, | deteriora, volve inúteis». Exprésase aquí o tópico simbólico da auga tera-

péutica e purificadora, que, no contexto da existencia das protagonistas do poema, non consegue o seu resultado lustral. Acaso o ar das bocas abertas, a atmosfera vibrante da comunicación amigábel, poida colaborar ao secado de tanta auga sobrante, á cicatrización de tanta ferida. A dor que esfrega as roupas, a acción corrosiva da substancia do sufriamento —a actividade erosiva que vai arruinando a casa— conducen á conciencia do deterioro e á inutilidade da existencia. Pero esa mesma certeza, en sorprendente e sabia reviravolta conceptual, fai xurdir unha nova evidencia: o afecto mutuo das persoas que compartiron tantas horas de mágoa e amargura é «amor de luz», sentimento alumeadoo polo «sol de dentro», comunicación luminosa e intelixente que procura o equilibrio na solidariedade fronte ás agresións da vida. Así interpretadas as imaxes alegóricas desta zona central do poema, o termo «indiferencia» adquire un novo sentido que completa, sen suprimilo, o seu significado denotativo —«desgana, falta de interese»—, para asumir tamén o valor semántico do substantivo «indiferenciación». A existencia compartida porta con porta, «vida con vida», a aturar xuntas as bátegas da dor e as chagas da podremia, produce esa grande indiferenza, a estreita proximidade que as fai semellantes e non diferentes.

Aquelhas cordas vibrantes que ligaban na amizade e na convivencia diaria as protagonistas do poema foron perdendo vigor conforme o curso do tempo foi amolecendo o tecido. No último verso escoitamos unha voz que non se manifestara antes, a do suxeito plural nós, esa nova entidade persoal de dous seres fundidos na indiferenciación que, finalmente, se recoñecen tamén como vítimas do proceso de amolecemento que afecta os seus corpos, «o único que somos». A imaxe material do corpo como centro da identidade, cos seus tecidos desgastados, vén coincidir co aspecto visual da edificio que presenta a fotografía, de xanelas esvencelladas, paredes ruinosas e frouxas as cordas de tender a roupa, a casa corporeizada e os corpos humanos a reflectir o mesmo efecto de devastación e ruína que sufriu a vivenda que habitaban.

A visión antropomórfica seleccionada nas fotografías de Maribel Longueira resulta interpretada e potenciada a través dos aparellos da arte verbal de Luísa Villalta, sobre todo a intelixente e polisémica cons-

trución simbólica e alegórica, fértil en matices, hábil nos súbitos e ás veces sorprendentes cambios de perspectiva espacial. A partir da incitación da imaxe en instantánea inevitábel, a poeta reconstrúe en síntese o rumbo de vidas posíbeis, a existencia magoada das protagonistas do poema en libre interpretación do conxunto visual e dos seus detalles. Expándezese o tempo do instante fotografado en evocación do drama inatrábel, da humilde historia de dúas vidas finalmente indiferenciadas na conciencia da dor compartida, ou na denuncia sarcástica da dobre moral e da hipocrisia que preside o consumo do sexo prostituído.

Pernas, boca, lingua e gorxa, vaxina, brazos e ollos, o corpo, o único que somos, o corpo da muller, agredido, violentado, arruinado, vítima da demolición especuladora, como as casas do barrio coruñés do Papanayo.



Copyright © 2022. This document is under a Creative Commons Attribution-Noncommercial-No Derivative Works 3.0 Unported License. To see a copy of this license click here <http://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/3.0/legalcode>.



## REVIEWS



# REPENSAR A TEORÍA. DEBATES PARA UNHA MODERNIZACIÓN DA HISTORIOGRAFÍA LITERARIA TRADICIONAL

Arturo Casas Vales (2021).

*Procesos da historiografía literaria galega: Para un debate crítico*  
(Venecia: Edizioni Ca' Foscari)

Edizioni Ca' Foscari da Universidade Ca' Foscari en Venecia publicou a finais do 2021 o libro *Procesos da historiografía literaria galega: Para un debate crítico*, de Arturo Casas Vales.

O volume preséntase coma unha análise crítica dos procesos de institucionalización das historias da literatura galega pero é amais un arduo exercicio de autorreflexión epistemolóxica. A partir dos traballos de Pierre Bourdieu, Xoán González Millán, Antón Figueroa ou Helena Miguélez Carballeira, entre outras, Casas Vales cuestiona as narrativas que articulan as funcións do historiador e da historia literaria nos discursos dominantes da academia galega.

Por un lado, procura a redefinición do concepto de historiador da literatura, ó criticar aquela tradición, máis ou menos ortodoxa, que aprenden esta figura coma un observador desprexuizado, un intelectual obxectivista, un axente *atopos* —alleo ó espazo e tempo onde se sitúa—. Frente a esta definición, Casas propón a figura do historiador coma a dun mediador, participante activo no presente a través da interpretación das obras e dos acontecementos do pasado. Trátase de aprender que os historiadores e as historiadoras da literatura, están suxeitos —igual cos autores e artistas que estudan— ás loitas por ocupar certas posicións e que esas traxectorias teñen efectos prácticos nas investigacións académicas que deciden comezar, na linguaxe que han de usar, e na escolla dos obxectos de estudo que se propoñen examinar. Traer ó historiador ó centro da discusión é un esforzo tamén por complementar, e se cabe por superar, o estudo sistémico das historias literarias que propuxera

Itamar Even-Zohar, trasladándonos dunha historia sistémica a unha «historia efectual». Esta «historia efectual» é unha historia autorreflexiva que ten en consideración os efectos prácticos que os historiadores teñen na recepción dos obxectos de estudo e nas traxectorias artísticas que investigan.

En segunda instancia, pero coa mesma intención de superar os modelos más ortodoxos das historias literarias, Arturo Casas propón tamén unha revisión das historias da literatura más tradicionais: «precísase unha historia literaria capaz de conxugar a razón filolóxica con outras heurísticas de procedencia disciplinar diversa —semióticas, culturológicas, sociolóxicas, económicas, comparatistas— para alcanzar así unha alternativa aos programas caducos» (p. 97). Se Casas Vales falaba antes dunha «historia efectual» que daba conta do papel activo dos historiadores na construcción do obxecto de estudio, o autor propón agora unha historia do sistema literario que amais de «efectual» sexa tamén «relacional». É dicir, unha historia que analice «as relacíons configuradoras de redes —non só autoriais, non só textuais» (p. 101). Un proxecto, no caso da literatura galega, que, dende unha perspectiva sociolóxica reflecta contra que e a favor de que tomaron posicíons —no seu exacto tempo histórico en que viviron e no seu espazo de posíbeis—, escritores e escritoras coma Pardo Bazán, Rosalía de Castro, Filomena Dato, Clara Corral ou quen for.

A referencia ó concepto «relacional» coma ferramenta epistemolóxica non é, no caso xeral da historiografía galega e en particular de Casas Vales, algo banal. Os esforzos por parte de intelectuais galegos coma Antón Figueroa ou Xoán González Millán por dotar dunha matriz relational os seus proxectos historiográficos son analizados por Casas Vales ó final deste volume.

González Millán que estudara Antropoloxía e Socioloxía na Universidade de Comillas atópase inmerso no mundo académico neoiorquino a finais dos anos oitenta e durante a década dos noventa, cando Harrison White chega á Universidade de Columbia e Ira Katznelson xunta arredor da New School a sociólogos e historiadores de corte interdisciplinar coma Charles Tilly, Louise Tilly e Eric Hobsbawm.

Entre 1993 e 1996 White organizaría unha serie de palestras no centro Lazarsfeld, na Universidade de Columbia, onde se articularían as bases para unha socioloxía e epistemoloxía eminentemente relacional. Como resultado da súa asistencia a unha destas palestras o tamén sociólogo Mustafa Emirbayer —que chegara á New School en 1991— redacta o «Manifesto para unha Socioloxía Relacional» (1997) mentres organizaba un grupo de estudio sobre Teoría e Cultura na New School —grupo de estudio ao que asistían estudiantes graduados e profesores de institucións coma NYU, Columbia, CUNY ou Princeton—. Nestes seminarios e grupos de estudio aos que é difícil pensar que González Millán permanecera alleo, articúlanse e debátense conceptos dende os que hoxe estudamos a cultura e as sociedades dende un punto de vista interdisciplinar e relacional. Así, fronte ao concepto de «sistema» propone o concepto de «rede social», fronte ao de «regra» introducícese a idea de «estratexia» e fronte a unha percepción substancialista de termos coma poder, individuo ou intelectual, sinálase a imposibilidade de comprender estes conceptos fora do espazo de relacións onde cobran significado. Trátase, do mesmo xeito que Casas Vales propoña un estudo relacional das posicións a favor de que e contra que Pardo Bazán ou Rosalía de Castro se situaran historicamente, de aprender os conceptos e os axentes non en termos ontolóxicos ou substancialistas senón en termos relacionais. É dicir, en relación ó lugar e as tensións que estes axentes ou conceptos ocupan ou ocuparon en correspondencia con outros axentes e conceptos da súa mesma rede, do seu mesmo campo.

Ate aquí a primeira parte de *Procesos da historiografía literaria galega*, unha tentativa por redefinir e modernizar as definicións más ou menos caducas sobre a figura do historiador e a función das historias literarias. Unha tarefa na que o público lector acompaña a Casas Vales nunha viaxe teórica a través de conceptos coma sistema interliterario, intersistema cultural ou campo literario.

Na segunda parte de *Procesos da historiografía literaria galega*, Casas Vales traslada a súa análise sobre os marcos teóricos e epistemológicos dende os que pensamos hoxe a historia literaria a unha análise igualmente reflexiva das obras más significativas da historiografía lite-

raria galega. É un esforzo por delimitar, obxectar e presentar ó lector os problemas epistemolóxicos propios da historiografía galega e reflexionar sobre os mesmos a partir das ferramentas teoréticas discutidas na primeira parte.

